

## a mariña

A Mariña destaca no concurso escolar de EDP con múltiples proxectos ecolóxicos. **Páx. 4**

## foz

Foz quere poñer as festas do Carme no mapa turístico de Galicia. **Páx. 6**

## burela

A vila converterase nun espazo multicultural co festival "De Cabo a Cabo". **Páx. 11**

## trabada

Novas actuacións en Sante, Vilarbetote e outros núcleos no plan de mellora municipal. **Páx. 21**

## xove

A Biblioteca Municipal estrea un club de lectura con máis de vinte participantes. **Páx. 25**

## Tensión no Vista Alegre

Familias, profesorado e ANPA intensifican as concentracións para esixir solucións reais ao deterioro do edificio escolar



## A Devesa reforza a súa vida veciñal

A asociación aposta pola convivencia, a cultura e os intereses da súa parroquia. **Páx. 14**

## Unha nova estratexia de IA na provincia

A Deputación de Lugo presenta MenCIA: unha nova estratexia de intelixencia artificial propia. **Páx. 27**

## Balsa de lodos



Saúde, emprego e ambiente volven chocar polo futuro da balsa vermella. **Páx. 2**

## Carro Tarabelo



O novo colectivo impulsa a divulgación do patrimonio e as actividades. **Páx. 19**

## Asociación Mauro Leivas



Iniciativa en Mondoñedo para poñer en valor a obra e pensamento do artista. **Páx. 22**

## De Riotorto á Primeira División cun gol

O centrocampista Andrés Castrín analiza o seu ascenso ao fútbol profesional co Sevilla FC. **Páx. 29**

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!  
**Ocio en GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

# A MARIÑA

## A ampliación da balsa de lodos aviva a controversia ecolóxica

Entre a ampliación da balsa, as denuncias ecoloxistas e a incerteza industrial, a factoría de San Cibrao segue no centro dun debate que divide á comarca

Por Ana Somoza.

A balsa de lodos vermellos de Alcoa en Xove volveu situarse no centro do debate ambiental en Galicia. O que durante décadas foi presentado como o custo inevitable do progreso industrial transformouse, para colectivos ecoloxistas e parte da veciñanza, nun símbolo das consecuencias dun modelo produtivo baseado na contaminación, na dependencia económica e na ausencia —segundo denuncian— dun control ambiental rigoroso.

Desde a asociación Ecoloxistas Galiza Atlántica e Verde, presidida por Nery Díaz desde o ano 2020, a crítica á situación da factoría de San Cibrao é frontal. O colectivo leva anos impulsando informes, alegacións, análíticas e accións xudiciais co obxectivo de frear a ampliación da balsa de residuos e abrir un debate público sobre os efectos ambientais e sanitarios derivados da actividade da multinacional. A entidade, de ámbito autonómico, naceu coa intención de colaborar con organizacións conservacionistas e defensoras do ecoloxismo social en Galicia. Mais foi a partir do coñecemento directo da situación da balsa cando decidiron intensificar a súa actividade.

**ALERTA.** “Coñecemos a realidade da balsa de lodos vermellos no ano 2024 e pareceunos algo extremadamente grave”, explica Nery Díaz. A presidenta da asociación sostén que durante anos “a atención pública centrouse exclusivamente no emprego que xera Alcoa, pero nunca se abriu un debate real sobre o custo ambiental e sanitario que soporta a comarca”.

Segundo relata, en setembro de 2023 constituíuse a área STOP Alcoa, integrada por máis de trinta persoas de distintos puntos de Galicia, entre elas expertos ambientais, veciños e profesionais vinculados á saúde ou á investigación. “O noso obxectivo era entender realmente a dimensión do problema”, afirma.

A partir dese momento comezaron a solicitar documentación técnica, informes ambientais e autorizacións administrativas. “Cando analizamos toda a información chegamos á conclusión de que estabamos diante dun dos puntos máis contaminantes de Galicia, só comparable á antiga central térmica das Pontes”, asegura. A organización denuncia que existen numerosos indicios de contamina-

ción persistente no territorio. “Hai veciños que levan anos falando do po tóxico, das filtracións nas terras, dos danos nos vehículos, nos animais e mesmo nos cultivos”, indica Díaz. Segundo engade, “non estamos falando dun episodio illado, senón dunha contaminación continuada durante décadas”.

**PROBAS.** No mes de xaneiro de 2024, o colectivo presentou ante a Xunta un informe elaborado por un enxeñeiro de camiños e unha bióloga. A documentación acabou derivando nun procedemento contencioso-administrativo. Paralelamente, a asociación decidiu realizar as súas propias medicións. “Fixemos análíticas propias e tamén

“Con todas as axudas públicas recibidas, poderían impulsarse empregos máis sostibles para a comarca”

“Estamos falando dunha contaminación continuada durante décadas, non dun problema puntual”

encargamos estudos externos. Temos fotografías e vídeos certificados con data e hora nos que se observan vapores saíndo da balsa, residuos nas estradas e árbores coas cortizas completamente deterioradas ou tinguidas de vermello”, sostén a presidenta da entidade.

Entre os documentos recompilados figuran tamén informes veterinarios relacionados coa presenza de flúor e aluminio nos ósos de vacas e ovellas mortas. “Mandáronnos resultados que nos pareceron moi preocupantes”, afirma.

Díaz lembra ademais que xa no ano 2010 a revista Entreviú publicara unha reportaxe sobre os problemas ambientais asociados á fábrica. “Falouse daquela do po tóxico, das emisións e dos efectos sobre a poboación, pero logo todo quedou esquecido”, lamenta.

Para o colectivo ecoloxista, unha das maiores ameazas está nas posibles filtracións subterráneas. “O perigo para os acuíferos e para os pozos continúa aí”, advirten. Tamén consideran especialmente preocupantes as emisións de flúor procedentes da actividade industrial. “Ese flúor acaba afectando aos alimentos, aos animais e posiblemente tamén ás persoas”, sosteñen.

**SAÚDE.** Desde a asociación reclaman que as administracións impulsen estudos epidemiolóxicos independentes na comarca. “Nós cremos que a Xunta debería investigar seriamente como afecta toda esta situación á saúde da poboación”, explica Díaz. O colectivo mantén contacto coa



neurocientífica Sonia Villapol, investigadora recoñecida internacionalmente, que segundo relatan advertiu da capacidade destes residuos para provocar danos celulares. “Ela insiste na necesidade de reforzar a vixilancia ambiental e sanitaria”, sinalan.

Tamén citan que varios médicos consideran posible a relación entre determinadas enfermidades presentes na comarca e a actividade industrial de Alcoa.

A preocupación pola contaminación chega incluso á vida diaria de parte da veciñanza. “Hai persoas que aseguran que xa non se bañan nas praias próximas á fábrica e outras que nin sequera consumen os produtos das súas hortas”, relataban veciños a Entreviú.

Segundo sosteñen, o vento actúa como vehículo de dispersión das



partículas. “As nubes de po terminan asentándose sobre os núcleos de poboación e sobre os cultivos, e non so na Mariña, senón chegan incluso á comarca de Lugo”, afirma.

Un dos exemplos máis significativos, segundo explican, foi o caso dunha explotación de pitaya situada en Morás. “En outubro de 2023 os invernadoiros aparceron cubertos do po vermello nas análises atopouse aluminio en cantidades cen veces superiores ao normal”, denuncia Díaz. “As análíticas repetíronse en maio de

As alegacións presentadas pola asociación cuestionan ademais o rigor técnico do estudo de impacto ambiental. “Detectamos deficiencias metodolóxicas moi importantes”, afirma Pazos, que reclama unha declaración de impacto ambiental negativa.

Tamén ADEGA presentou alegacións ao proxecto. A entidade considera que a ampliación supón unha “fuxida cara adiante” que prolonga os riscos ambientais sobre a Mariña. Segundo advirte a organización, o feito de que as lamas vermelhas fosen reclasificadas como residuos perigosos debería obrigar a revisar en profundidade a viabilidade da instalación.

**FUTURO.** Mentres o debate ambiental medra, as administracións continúan defendendo a importancia estratéxica da planta de San Cibrao. Con todo, persisten as dúbidas sobre os investimentos pendentes, especialmente sobre o futuro forno de cocción de ánodos. A multinacional continúa condicionando a viabilidade do complexo a un marco eléctrico competitivo e estable.

Desde os sindicatos reclaman compromisos industriais firmes que garantan o emprego. Mais para os colectivos ecoloxistas, o debate non pode limitarse unicamente ao aspecto económico.

“A cuestión é decidir que modelo de territorio queremos”, sostén Nery Díaz. “Levamos máis de corenta e cinco anos convivindo cunha actividade altamente contaminante. A balsa ocupa unha superficie equivalente a case 160 campos de fútbol, hai emisións constantes, residuos no mar, po tóxico cando sopra o vento e unha degradación evidente da paisaxe”.

A presidenta de Ecoloxistas Galiza Atlántica e Verde remata dicindo que ante un problema non cabe mirar para outro lado senón analízalo e ver a maneira de solucionalo. “O que pedimos é transparencia, control independente e protección real para a saúde e para o territorio”, conclúe.

Podes ler a reportaxe completa en: [www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

# A Deputación de Lugo impulsa novas actuacións de mellora viaria

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu un novo paso no plan de mellora da rede provincial de estradas coa adxudicación de varias actuacións destinadas á renovación do firme e á optimización da drenaxe en diferentes vías da comarca

Un dos proxectos aprobados afecta ao municipio da Pontenova, onde a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU será a encargada de executar os traballos de acondicionamento na estrada provincial LU-P-4806, que conecta Vilaxe con Ribeira de Piquín pasando por Galegos. A intervención contará cun investimento de 274.996,7 euros e permitirá actuar nun tramo de algo máis de cinco quilómetros, concretamente entre os puntos quilométricos 2,3 e 7,4.

As obras teñen como principal obxectivo mellorar o estado do pavimento e reforzar o sistema de drenaxe da vía, favorecendo así unha circulación máis cómoda e segura para os usuarios habituais desta estrada



provincial.

Na mesma sesión tamén quedou adxudicada outra actuación en Barreiros. Neste caso, a empresa Construcciones Isidro Otero asumirá os traballos de mellora da estrada LU-P-0602, unha vía que dá servizo ao acceso da praia municipal de Remior. O proxecto conta cun orzamento de 174.898,97 euros e permitirá renovar a totalidade do trazado, mellorando tanto o firme como a eva-

cuación das augas pluviais, aspectos considerados fundamentais para aumentar a seguridade viaria e garantir un mellor estado de conservación da estrada.

Desde a institución provincial destacan que estas actuacións forman parte do programa de conservación da rede viaria dependente da Deputación, co propósito de facilitar as comunicacións entre núcleos rurais e reforzar as infraestruturas locais.

# O talento e o compromiso social protagonizan os premios do concurso Imaxiña 2025



O Festival Audiovisual da Mariña Imaxiña'25 entregou no IES Monte Castelo os premios do Concurso Fotográfico Imaxiña 2025, unha iniciativa que destacou a creatividade da mocidade e o labor do tecido asociativo da comarca. Na categoría de Asociacións, a Asociación Saúde Mental A Mariña recibiu o único galardón desta edición. Na modalidade estudantil, o

primeiro premio foi para Camilo Leal Amor, o segundo para Eva Deán Durán e o terceiro para Kevin López Orosa, todos eles alumnos do IES Monte Castelo. O acto contou coa participación do presidente da Fundación Imdecum, Marcelino Luna, quen entregou os recoñecementos e puxo en valor a fotografía como ferramenta de expresión e comunicación.

# A formación práctica protagoniza dous novos obradoiros na comarca

Os concellos de Ribadeo, Barreiros, Oroul, Muras e O Vicedo desenvolverán nos próximos meses dous obradoiros de emprego que permitirán mellorar a cualificación profesional de 40 persoas desempregadas, combinando formación especializada e experiencia laboral remunerada.

Por unha banda, Ribadeo e Barreiros porán en marcha o programa Constrúe en Verde II, que comezará o vindeiro 1 de xuño. A iniciativa contará con 20 participantes distribuídos en dúas especialidades formativas e

desenvolverase durante nove meses, ata febreiro de 2027. O alumnado participará en actuacións reais de mellora de zonas verdes, edificios públicos e instalacións municipais. O proxecto está financiado pola Xunta de Galicia cun investimento de 480.000 euros.

Ao mesmo tempo, os concellos de Oroul, Muras e O Vicedo impulsarán unha nova edición do obradoiro Terras do Sor VIII, tamén con 20 alumnos-traballadores. Neste caso, a formación centrarase en carpinta-

ría e moble, aplicación de vernices e lacas, así como en conservación e mellora de montes. As persoas participantes obterán certificados de profesionalidade e contarán cun contrato de traballo durante os nove meses de duración do programa.

Desde os concellos promotores destacan a importancia destes proxectos para favorecer a inserción laboral, mellorar as competencias profesionais da veciñanza e contribuír ao desenvolvemento económico e social do territorio.

# Alfonso Villares regresa á política como novo delegado territorial da Xunta en Lugo

Alfonso Villares será o novo delegado territorial da Xunta en Lugo tras a remodelación de cargos decidida polo presidente galego, Alfonso Rueda, no marco dunha reorganización da Administración autonómica. O exconselleiro do Mar regresa así á primeira liña política despois de que quedase arquivada a causa xudicial na que estaba investigado por unha presunta agresión sexual, proceso que motivara a súa saída do Executivo galego.

Villares substitúe a Javier Arias, que abandona o posto por petición propia. Rueda explicou no Consello da Xunta que estes cambios buscan reforzar a estrutura administrativa para afrontar os retos da segunda metade da lexislatura.

O presidente defendeu o regreso de Villares á vida pública tras o arquivo da causa e lembrou que a súa dimisión estivera motivada por unha acusación finalmente desbotada pola xustiza.

**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS**





**INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA**

**MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN**



**CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL**



**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**



**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA**



**CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO**



**TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...**



**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**



[www.corbarsil.com](http://www.corbarsil.com)

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com**

## Activado o sistema de alertas por episodios de calor

En marcha o sistema de alerta temperá para a detección de episodios de calor, activo ata o 30 de setembro, co obxectivo de anticipar riscos, mellorar as predicións e protexer a poboación fronte ás altas temperaturas. O sistema baséase nos recursos de observación de MeteoGalicia e na súa ampla rede de estacións meteorolóxicas, que permite analizar datos de alta resolución a nivel municipal.

Grazas a esta infraestrutura, é posible establecer valores medios diarios de referencia en cada concello e emitir avisos de nivel amarelo, laranxa ou vermello segundo a intensidade e duración dos episodios. As predicións, con ata tres días de antelación, comunícanse a Sanidade e Emerxencias para activar protocolos de protección, especialmente para colectivos vulnerables. Ademais, existe un comité interdepartamental que coordina as actuacións da Xunta ante as altas temperaturas.

O sistema demostrou a súa eficacia, como no verán de 2025, cando se activaron alertas en 23 xornadas, incluído un episodio prolongado de 16 días. Xunto á calor, a rede de vixilancia inclúe a detección de raios, con catro estacións provinciais que monitorizan treboadas en tempo real e melloran a prevención de incendios e danos. En 2025 rexistráronse máis de 16.000 raios, sendo Lugo a provincia máis afectada. Este sistema consolida a capacidade tecnolóxica galega e reforza a resposta ante eventos extremos asociados ao cambio climático. Tamén mellora a coordinación entre servizos e aumenta a seguridade da poboación galega en todo o territorio durante todo ano.

# O Valadouro impón a súa sustentabilidade

Máis de trescentos nenos e nenas de 11 colexios da provincia de Lugo participaron na gala final desta edición, compartindo ideas e proxectos que buscan mellorar o planeta desde as súas propias contornas



A sustentabilidade e o respecto polo medio ambiente convertéronse nos grandes protagonistas da final do concurso escolar "Dalle Voz á Terra: Ideas para a Sustentabilidade", unha iniciativa impulsada pola Fundación EDP dentro do programa Escola da Enerxía. A gala reuniu no Círculo das Artes de Lugo a máis de trescentos estudantes de once centros educativos da provincia, que presentaron proxectos orientados á protección da contorna, o aforro enerxético e a

creación de hábitos máis responsables desde as aulas.

O certame rematou coa vitoria do CEIP Santa María do Valadouro, escollido polo xurado como o mellor proxecto desta edición. O alumnado do centro mostrou a súa satisfacción polo recoñecemento recibido e destacou o valor do traballo en equipo realizado durante os últimos meses. Os estudantes tamén puxeron en valor o esforzo do resto de colexios participantes, subliñando que todas as propostas compartían un mesmo obxectivo: contribuir a un futuro máis sostible.

A Mariña lucense tivo unha presenza destacada nesta edición do concurso, con centros como o CEIP Santa Rita, o CEIP Os Castros, o CEIP Fondo Nois, o CEIP O Vicedo e o CEIP Celso Currás, ademais do centro gañador do Valadouro. Todos eles levaron ao escenario iniciativas centradas no coidado ambiental e na utilización responsable dos recursos naturais.

**ENERXÍA.** As propostas do alumnado destacaron pola súa creatividade e pola capacidade de adaptar a sustentabilidade á realidade diaria dos centros educativos. Entre os proxectos presentados houbo hortas ecolóxicas, sistemas de compostaxe, mecanismos de recollida de auga da choiva para rega, instalacións de paneis solares e iniciativas para reutili-

zar materiais e reducir residuos.

Outros traballos apostaron pola protección da biodiversidade mediante a construción de hoteles para insectos ou por sistemas capaces de transformar a enerxía xerada nos patios escolares en electricidade para o propio colexio. O concurso converteuse así nun escaparate do talento e da conciencia ambiental das novas xeracións.

Un dos momentos máis destacados da gala chegou coa intervención de Valentina Mato, representante do CEIP Virxe da Luz, quen lembrou a importancia de protexer os recursos hídricos. A alumna asegurou que "a auga dá vida e é un recurso moi valioso", facendo un chamamento á responsabilidade colectiva no seu uso diario.

**A MARIÑA.** A participación dos centros da Mariña foi especialmente significativa pola conexión das súas propostas coa realidade da comarca. Moitos dos proxectos estiveron vinculados á conservación da natureza, ao aproveitamento eficiente da enerxía e á importancia de reducir o impacto ambiental desde pequenos xestos cotiáns.

Desde Viveiro ata O Vicedo, pasando por Foz, Burela, Trabada ou O Valadouro, o alumnado amosou unha clara preocupación polo futuro ambiental do territorio. Esa implicación foi precisamente unha das cuestións

máis valoradas polo xurado, formado por Ánxela Balboa, Belén Rodríguez e Jacobo Casas.

Tamén tivo unha grande repercusión a intervención de Lidia Vizoso, do CEIP Santa Rita de Viveiro, que resumiu o espírito do encontro cunha frase que emocionou ao público: "Somos as sementes do futuro".

**FUTURO.** Durante a clausura da gala, a directora da Fundación EDP, Vanda Martins, destacou que "a sustentabilidade comeza nas aulas e nas pequenas accións do día a día". A responsable da entidade incidiu ademais na importancia de escoitar ás novas xeracións á hora de afrontar os retos ambientais e enerxéticos dos próximos anos.

A iniciativa contou tamén coa colaboración de Begasa, reforzando o vínculo do concurso coa provincia e coa promoción dunha cultura enerxética responsable entre os máis novos.

O éxito do CEIP Santa María do Valadouro e a elevada participación dos centros da Mariña deixaron patente que a conciencia ecolóxica medra nas aulas lucenses. Máis aló da competición, a edición deste ano serviu para demostrar que o alumnado non só reflexiona sobre os problemas ambientais, senón que tamén propón solucións prácticas para mellorar o planeta desde o ámbito máis próximo.

**la Tienda**  
la de casa, la de toda la vida...

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077  
 Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460  
 Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111  
 Muras: Pza. da Galeguidades, 11 - 982 500 027  
 Muimenta: Avda. de Villalba, 38 - 982 504 080  
 O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198  
 Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049

# I.E.S. Plurilingüe San Rosendo



## FORMACIÓN PROFESIONAL



### FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

AGROXARDINERÍA E COMPOSICIÓNS FLORAIS

"O teu inicio profesional con nós"



### CICLO MEDIO

APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

Ofertamos 22 prazas na Modalidade Dual Intensiva (con prácticas remuneradas dende o primeiro ano nas mellores empresas)



### CICLO MEDIO

XARDINARÍA E FLORARÍA EN MODALIDADE ORDINARIA

Aumenta as túas posibilidades de futuro FORMATE!!!



### CICLO SUPERIOR

XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL



### CICLO SUPERIOR

PAISAXISMO E MEDIO RURAL

Oferta ordinaria e tamén modular nos módulos non comúns co Ciclo Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural

## OUTRAS ENSINANZAS



Matrición aberta

Diseña tu curso

### THAT'S ENGLISH!

Curso oficial de inglés a distancia



### PLURIBAC

POSIBILIDADE DE CURSAR 1º E 2º DE BAC



### RADIO "O SON DA PAULA"

CON PODCAST ORIXINAIS CREADOS POLA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA



### PARTICIPACIÓN NOS PROGRAMAS

- Proxecta
- Educación Responsable (centro graduado)
- Aulas de emprendemento
- Lanzadeiras (miniempresas)
- Polos Creativos
- EDIXGAL
- PLAMBE

## A Espiñeira recupera a tradición gandeira e ecuestre cunha nova edición da súa feira

A parroquia de Vilaronte acollerá o 21 de xuño unha nova edición da Feira de Gando da Espiñeira, un encontro ecuestre e gandeiro organizado polo Concello de Foz coa colaboración de Flor do Toxo Rutas a Cabalo. A xornada reunirá cabalos, xinetes e público chegado de toda a comarca e da provincia. O programa comezará ás 10.00 horas coa apertura da feira e ás 11.00 realizarase a medición dos cabalos. Xa pola tarde, ás 17.00 horas, celebraranse as carreiras e probas de andadura, con categorías de serrada e chapeada para animais de diferentes alturas. Os premios incluírán trofeos e compensacións económicas, ademais de galardóns especiais a distintas razas e modalidades. A feira contará tamén cunha categoría sub-16, na que todos os participantes recibirán trofeo, e con actividades como paseos a cabalo, unha ximkana e sesión vermú con música.

## As festas do Carme aspiran a ser de Interese Turístico de Galicia

O Concello de Foz iniciou os trámites para acadar a declaración das festas do Carme como Festa de Interese Turístico de Galicia, co obxectivo de poñer en valor unha das celebracións máis emblemáticas e identitarias da vila. O goberno local considera que esta festividade reflicte a forte vinculación histórica de Foz co mar e constitúe unha das principais expresións culturais e sociais do municipio. A concelleira de Cultura, Inés López Couto, destacou que o 16 de xullo, día grande das festas, as rúas se enchen de emoción, tradición e participación veciñal, converténdose nun espazo de encontro colectivo. Entre os elementos máis singulares sobresa a procesión da Virxe do Carme, unha imaxe de grandes dimensións que percorre a vila a ombros dos portadores. Outro dos aspectos que o Concello pon en valor son as alfombras florais, elaboradas cada ano coa implicación da veciñanza e de



numerosos colaboradores, que transforman as rúas en tapices efémeros e atraen milleiros de visitantes.

O alcalde, Fran Cajoto, subliñou que a iniciativa tamén busca recoñecer o traballo de décadas de colectivos, comisións e voluntariado, destacando a Cofradía Mar de Foz e os alfombristas.

Pola súa parte, o concelleiro Ángel

Fernández Neira avanzou novas accións de posta en valor da tradición mariñeira, como o mural do edificio de Telefónica e a iluminación das letras de Foz coas cores locais.

O goberno municipal confía en que a declaración avance nos próximos meses e contribúa a dar maior proxección ás festas do Carme na Mariña lucense.

## O BNG reclama un PAC para o municipio

O BNG de Foz reclama unha reforma do mapa sanitario galego para dotar ao municipio dun Punto de Atención Continuada (PAC) e dunha cobertura sanitaria estable. A formación nacionalista asegura que leva décadas denunciando a exclusión de Foz do actual modelo sanitario e critica a perda progresiva de servizos no centro de saúde.

Os nacionalistas lembran a desaparición das urxencias de tarde en 2015 e denuncian a falta de cobertura de prazas en enfermería, TCAE, pediatría e odontoloxía. Tamén critican a integración da Área Sanitaria da Mariña na de Lugo e a situación da ambulancia medicalizada do 061 con base en Foz, que consideran insuficientemente dotada.

Entre as súas demandas figuran a recuperación do segundo técnico de emerxencias en cada quenda, a creación dunha praza de matrona, a consolidación da Atención Temprá e a recuperación dunha área sanitaria propia para a Mariña. O BNG advirte de posibles novos recortes e pide á Xunta medidas para rematar coa “discriminación sanitaria”.

## Cruzamento de críticas polos exames prácticos de camión

A suspensión dos exames prácticos para a obtención do permiso de conducir camión en Foz xerou nos últimos días un novo enfrontamento político entre o Partido Popular e o goberno municipal. Os populares pediron explicacións tras a non realización das probas previstas esta semana, mentres o executivo local respondeu acusando o PP de coñecer a situación e de empregar o asunto con fins partidistas.

O portavoz popular, Javier Castiñeira, asegura que a suspensión provocou malestar entre os aspirantes, algúns dos cales tiveron que desprazarse a outros concellos para examinarse. O PP tamén cuestiona o traslado da zona de probas desde Marzán ao parque industrial de Foz e pide aclarar se a nova ubicación conta coa autorización da Dirección Xeral de Tráfico, ademais de reclamar información sobre as causas do atraso. Pola súa banda, a voceira do goberno local, Inés López Couto, rexeita as críticas e afirma que o PP coñece de primeira man as xestións en marcha. Segundo explica, o Concello traballa xunto coas autoescolas e coa Asociación de Autoescolas de Lugo para adaptar as novas instalacións e garantir a continuidade do servizo en



Foz.

López Couto lembra que as antigas pistas de Marzán foron clausuradas pola DXT por motivos de seguridade e proximidade a edificacións, polo que se habilitou unha nova área no parque empresarial de Fazouro para camiións, autobuses e motocicletas, á espera da validación definitiva do organismo estatal.

A polémica derivou nun intercambio de acusacións, con críticas cruzadas sobre transparencia e xestión. Mentres o PP pide explicacións, o goberno local considera que a oposición busca danar a imaxe municipal. Á espera da decisión da DXT, os aspirantes seguen sen data para realizar os exames.

## Os beneficios do libro de Pepe Otero volven transformarse en axuda social local

O profesor Pepe Otero volveu demostrar o seu compromiso co ámbito social de Foz tras facer entrega ao Concello dun donativo de 1.200 euros, procedente das vendas locais do seu último libro, *Un paseo polo labirinto*. A obra fora presentada en outubro de 2025 na Casa da Cultura nun acto que contou coa presenza do ex director da Real Academia Española Darío Villanueva e do tamén docente Ramón Reimunde, que acompañaron ao autor na presentación.

O volume saíu á venda en distintas librerías do municipio —Bahía, Ofifoz e Rapadoira— e o escritor decidiu destinar integramente os beneficios obtidos en Foz a reforzar os servizos sociais municipais. A entrega formal do importe tivo lugar nun encontro no que participaron o alcalde e a concelleira de Servizos Sociais Ana Rojo.

O rexedor expresou o seu agradecemento pola iniciativa, destacando que se trata da terceira ocasión na que o profesor realiza unha doazón deste tipo. Subliñou que é un xesto “completamente



altruísta” e que reflicte tanto a súa faceta docente como humana, contribuíndo directamente a mellorar a atención ás persoas que máis o precisan no municipio. Pola súa banda, a concelleira de Servizos Sociais puxo en valor o compromiso constante de Pepe Otero coa súa localidade e sinalou que esta achega permitirá reforzar programas de apoio a familias en situación de vulnerabilidade, ao tempo que agradeceu publicamente a súa implicación. Cómpre lembrar que xa nos anos 2018 e 2023 o autor realizara doazóns similares ao Concello, froito das vendas doutras publicacións.

## Intensifican os traballos de limpeza e desbroza na rede viaria rural

O Concello de Foz continúa avanzando na campaña de limpeza e desbroce dos viarios municipais coa intención de reforzar a seguridade viaria e mellorar a visibilidade nas zonas rurais do municipio. Os traballos están a desenvolverse en diferentes parroquias e abarcan xa máis de cen quilómetros de estradas e camiños locais.

O alcalde, Fran Cajoto, explicou que o operativo municipal mantense activo de maneira continua para chegar progresivamente a todas as zonas do concello, nun ano no que a abundante vexetación está a complicar as tarefas de mantemento. “Hai moita herba, pero seguimos traballando sen pausa para mellorar a seguridade”, sinalou o rexedor.

As actuacións realizáronse xa en parroquias como Fazouro, Nois, Vilaronte e Cordido, mentres os equipos municipais continúan agora os labores en áreas como O Carmen e San Martiño. En total, a campaña abrangue nove parroquias do municipio, co obxectivo de manter en boas condicións os accesos e garantir unha circulación máis segura tanto para vehículos como para peóns.

## “Tecendo redes” transforma o Cenima nun espazo de encontro entre migración, arte e memoria

A exposición “Tecendo redes: Migración, Arte e Lugo” pode visitarse no Cenima de Foz, convertendo o espazo cultural nun punto de encontro entre arte contemporánea, diversidade e memoria migratoria. A iniciativa está impulsada pola Rede Museística Provincial de Lugo e a Asociación de Inmigrantes e Retornados/as Rioplatenses de Lugo, dentro do proxecto do Museo da Migración, que promove novas miradas sobre os movementos humanos e a interculturalidade.

A mostra reúne nove propostas artísticas de creadores de diferentes países e disciplinas, como Pedro Cantero, Alisa Smirnova, Cris Bamio, Hanoi Vidal, Evelin Ruiz, Soila Jankowska ou Juan Pablo Mastroianni, que abordan a migración desde perspectivas emocionais, culturais e vitais. As

obras reflexionan sobre a perda, o desarraigo e a construción de novas identidades e pertenzas.

Durante a inauguración, o deputado Daniel García destacou a importancia de A Mariña como territorio de convivencia e diálogo intercultural, subliñando o valor da exposición como espazo de participación social. O proxecto está comisariado por Ana María Bereciartúa, Leonardo Casado, Encarna Lago e Daniel Vázquez, e inclúe tamén pezas do Taller da Ulloa. A inauguración contou con intervencións poético-musicais que reforzaron o carácter emocional da mostra.

A Rede Museística impulsará obradoiros e actividades paralelas para achegar a arte á cidadanía. A exposición poderá visitarse no Cenima de Foz ata o 27 de xuño.

## Novo plan de mellora viaria con actuacións en rúas e parroquias

O Concello de Foz executará nos próximos meses un plan de mellora viaria cun investimento de 250.000 euros financiado pola Deputación de Lugo. As actuacións permitirán renovar o firme das rúas Eduardo Pondal, Noriega Varela e rúa do Porto, vías que presentaban un importante deterioro. Ademais, os traballos completarán outras intervencións realizadas previamente noutras zonas urbanas do municipio.

O proxecto inclúe tamén medidas para reforzar a seguridade peonil, especialmente no entorno escolar. Entre elas destacan a ampliación da beirarrúa na en-

trada principal do Colexio Nº1 e a instalación dun paso de peóns elevado para reducir a velocidade do tráfico.

As obras contemplan igualmente a reposición de bordos deteriorados e a creación dunha rede de sumidoiros na rúa Eduardo Pondal. As actuacións chegarán tamén ás parroquias, con melloras en Marzán, Río, San Martiño, Nois e Vilaronte.

O plan completárase coa renovación da sinalización horizontal en arredor de 20 quilómetros de vías municipais e provinciais para reforzar a seguridade viaria en todo o municipio.

## O Certame de Teatro Aficionado “O Poto” reúne compañías de Galicia e Zamora

O Concello de Foz dará inicio este venres, 5 de xuño, á quinta edición do Certame de Teatro Aficionado José Luis López Lorenzo “O Poto”, unha cita cultural que volverá converter a vila nun punto de encontro para os amantes das artes escénicas. O certame, organizado pola área de Cultura, prolongarase ata o 14 de xuño cun total de seis representacións repartidas entre a Sala Bahía e a Casa da Cultura.

A concelleira de Cultura, Inés López Couto, explicou que esta iniciativa nace coa intención de poñer en valor o traballo dos grupos de teatro aficionado e de manter viva a memoria de José Luis López Lorenzo, coñecido como “O Poto”, unha figura moi vinculada ao panorama teatral focense.

A programación contará con compañías procedentes de diferentes puntos de Galicia e tamén cun grupo chegado desde Zamora, un feito que, segundo destacou a edil, confirma a crecente proxección dun certame que cada ano recibe máis propostas para participar. López Couto agradeceu a resposta das agrupacións teatrais e sinalou que o elevado nivel das candidaturas obrigou a realizar unha selección especialmente complexa.

O calendario de actuacións arrancará o venres 5 de xuño coa representación de Moito ruído e poucas noces, da Asociación Cultural Teatro Carauta, ás 20.00 horas na Sala Bahía. Ao día seguinte, sábado 6, Fénix Teatro presentará Maaaaá!! na Casa da Cultura ás 20.00 horas. O domingo 7 será a quenda de Unha obra para un pobo, da Asociación Cultural O Bi-



cho da Barra, programada para as 18.30 horas.

A segunda fin de semana abriase o venres 12 de xuño coa posta en escena de Dona Clara, a cargo do Colectivo Cultural Ollomao, ás 20.30 horas na Sala Bahía. O sábado 13 representarase Deus non quere calderilla, da Asociación The-Sastre, ás 20.00 horas na Casa da Cultura. O ciclo concluirá o domingo 14 con Veredicto, de Cambre Theatro Amador-CAMTHEAM, tamén ás 18.30 horas. Todas as funcións serán de entrada gratuíta e o público terá un papel destacado na elección dos gañadores, xa que poderá participar co seu voto nas distintas categorías do certame. A entrega de premios está prevista para o sábado 20 de xuño nunha gala que contará coa participación de Lucía Veiga e Marita Martínez como presentadoras.

## Run Foz Run Summer Camp regresa cun verán cheo de deporte e xogos

Run Foz Run, en colaboración co Club Atletismo Ría de Foz, presentou unha nova edición do RFR Summer Camp, un campamento de verán que se celebrará en xullo de 2026 e que busca ofrecer unha alternativa activa, educativa e lúdica durante as vacacións escolares. A proposta desenvolverase de luns a venres en horario de mañá e está dirixida a nenos e mozos de entre 6 e 17 anos, organizados por grupos de idade para adaptar as actividades.

O programa combina deporte, xogos tradicionais e dinámicas creativas co obxectivo de fomentar a convivencia, o traballo en equipo e a aprendizaxe a través da diversión. Entre as actividades destacan surf, kajak, sendeirismo de aventura, fútbol, baloncesto, voleibol, tenis de mesa, tiro con arco, petanca ou bolos, ademais de xogos populares como o brilé, o agocho ou o pilla-pilla. Tamén inclúe roleplaying, obradoiros, xogos de mesa, teatro, cine, festas de disfraces, xincanas e actividades acuáticas en Foz e Burela.

O campamento terá como base Cangas de Foz, nunha contorna próxima ás praias de Areoura e Os Xuncos, e contará con instalacións deportivas completas como pavillón, campo de fútbol, ximnasio, sala de teatro e espazos ao aire libre. O horario será de 10:00 a 13:30 horas, con servizo de madrugadores entre as 09:00 e as 09:30.

As tarifas son de 330 euros ao mes, 250 por quincena e 160 por semana, incluíndo material e seguro. Hai descontos para socios e colectivos, así como opcións de bolsas. As inscricións xa están abertas ata un máximo de 100 prazas, dispoñibles online, presencialmente en Foz ou por transferencia e Bizum, quedando validadas en 48 horas.



## O Monte San Roque acollerá unha tirada de foso olímpico

O Monte San Roque de Viveiro acollerá o 21 de xuño unha tirada de tiro ao prato en modalidade de foso olímpico, con 125 pratos, organizada polo Club de Tiro San Roque. A cita reunirá afeccionados e deportistas nun evento que combina competición e convivencia nunha contorna natural destacada.

A proba disputarase en formato "cartuchos full" e será valedeira para ascensos de categoría, o que aumenta o interese dos participantes. Establécese un límite de 84 tiradores, polo que será necesaria inscrición previa, aberta ata o 18 de xuño ás 19:00 horas ou ata completar prazos.

Os prezos son de 55 euros para socios e 65 para non socios, e as inscricións realízanse por teléfono.

A competición contará con premios económicos para as principais categorías e agasallos en material deportivo para veteranos, máster, damas e júniors, ademais de incentivos adicionais.

## Viveiro mergúllase na historia das verbenas galegas

Viveiro conta coa exposición "Botamos un baile? Un século de orquestras de verbena en Galicia", unha proposta cultural que convida a facer unha viaxe pola memoria musical e festiva do país a través da evolución das orquestras galegas ao longo dos últimos anos.

A mostra permanecerá aberta ao público nos xardíns de Noriega Varela ata o vindeiro 9 de xuño e ofrecerá un amplo percorrido pola transformación das verbenas, desde as primeiras bandas de música e jazz bands das décadas iniciais do século XX ata os grandes espectáculos audiovisuais actuais que continúan enchendo festas populares dentro e fóra de Galicia.

A exposición está organizada pola Biblioteca de Galicia e conta coa comisaría de Zósimo López Pena e Henrique Neira Pereira. A través de fotografías, programas de festas, carteis históricos, discos de vinilo, casetes e diferentes materiais documentais pertencentes aos fondos da Biblioteca de Galicia, a mostra permite descubrir como as orquestras e as verbenas evolucionaron co paso do tempo mantendo intacto o seu carácter popular e social.

## O Concello prepara alegacións para mellorar o trazado das futuras variantes leste e oeste



O Concello está a preparar as alegacións ao estudo informativo e ambiental das futuras variantes leste e oeste da vila, actualmente en exposición pública. O goberno municipal considera prioritaria esta infraestrutura para mellorar a mobilidade e reducir o tráfico pesado no casco urbano, especialmente o vinculado a Porto Celeiro e ao sector forestal. Os servizos técnicos analizan distintas propostas, apostando especialmente pola combinación das alternativas 4 e 5, que permitirían conectar a LU-862 coa CG-2.3 e crear unha circunvalación completa

arredor de Viveiro. Entre as modificacións que o Concello pretende introducir figura a mellora do enlace de Viveiro Este, en Celeiro, coa posibilidade de construír unha rotonda que facilite os accesos e a circulación en ambos sentidos. Tamén se revisará a conexión prevista en Viveiro Centro, xa que a proposta actual enlaza cunha rúa de sentido único. A alternativa municipal pasa por trasladar ese acceso á estrada provincial do Monte San Roque.

As alegacións incluírán medidas de seguridade viaria e propostas para reducir o impacto ambiental.

## Comezan as obras para reducir o risco de inundacións no barrio da Xunqueira



As obras para mellorar a contorna do río Fontecova e reducir o risco de inundacións no barrio da Xunqueira, en Viveiro, xa están en marcha, nunha actuación considerada clave para unha das zonas máis afectadas polas riadas de 2018. Estes episodios provocaran importantes danos materiais e xeraran gran preocupación entre a veciñanza.

A alcaldesa, Mariña Gueimunde, destacou o inicio dos traballos como unha prioridade do mandato, sinalando que o proxecto estaba paralizado desde finais de 2024 por problemas na dispoñibilidade dos terreos. Segundo explicou, o Concello impulsou as expropiacións forzosas necesarias

para desbloquear a situación e permitir a intervención da Xunta de Galicia, evitando ademais o risco de perda de financiamento europeo.

A actuación conta cun investimento de 771.505 euros, financiados por Augas de Galicia, a Deputación de Lugo e o propio Concello. O obxectivo principal é executar melloras estruturais que reduzan o perigo de desbordamentos e incrementen a seguridade das vivendas e da poboación da zona.

O goberno local subliña que se trata dunha obra necesaria para dar resposta a un problema histórico da Xunqueira, especialmente vulnerable ante fortes choivas.

## O Espazo Xove incorpora dúas novas pistas de pickleball



O Espazo Xove de Viveiro ampliou as súas instalacións deportivas coa creación de dúas novas pistas de pickleball, unha disciplina en crecemento que combina elementos do tenis, pádel e bádminton e que gaña popularidade entre a mocidade.

As novas canchas foron inauguradas cunha actividade na que participaron arredor de 50 estudantes de primeiro da ESO do IES Vilar Ponte, nunha xornada pensada para dar a coñecer este deporte e fomentar hábitos de vida saudables.

A actuación contou cun investimento de 25.000 euros e permitiu

habilitar dúas pistas regulamentarias adaptadas ás características do pickleball, con superficie específica e equipamento axeitado para a práctica de partidos. Con esta incorporación, o Espazo Xove consolídase como un punto de referencia para o deporte e o lecer xuvenil en Viveiro.

O centro xa ofrece actividades de carácter educativo, informativo e de ocio non formal, e suma agora unha nova opción deportiva que destaca pola súa accesibilidade e dinamismo, ao empregarse material lixeiro e unha pista de dimensións reducidas.

## O Conservatorio encherá xuño de música cun amplo programa de concertos de fin de curso

O Conservatorio Profesional de Música pon en marcha o seu tradicional ciclo de concertos de fin de curso, unha programación que se concentrará principalmente ao longo do mes de xuño e que converterá distintos espazos da vila en escenarios musicais abertos á cidadanía.

Este calendario de actuacións pon o broche final ao curso académico, aínda que o centro desenvolve actividade musical durante todo o ano, contribuíndo de maneira constante á dinamización cultural de Viveiro. Todas as actividades programadas serán de acceso libre e gratuito.

O programa de concertos, xa deu comezo, e seguirá o 4 de xuño celebrarse o Concerto de Fin de Curso no Teatro Pastor Díaz ás 19.00 horas. O 5 de xuño será a quenda do Concerto de Canto no Salón de Actos ás 18.30 horas. O 6 de xuño o Coro do Conservatorio actuará na Igrexa de San Francisco ás 20.30 horas. O 9 de xuño terá lugar o Concerto de Saxofón no Salón de Actos ás 19.30 horas.

Os días 10 e 11 de xuño estarán dedicados ao piano, ambos concertos no Salón de Actos ás 19.30 horas, mentres que o 11 de xuño tamén

se celebrará o Concerto do Grupo de Cámara na Praza da Fontenova ás 20.00 horas.

O 12 de xuño o público poderá asistir ao Concerto de Guitarra no Salón de Actos ás 19.00 horas e ao da Orquestra de Corda na Igrexa de Santa María ás 20.30 horas. O 13 de xuño o Coro de Adultos actuará na Igrexa das Concepcionistas ás 20.30 horas. O programa continuará o 15 de xuño co Concerto de Fruta no Salón de Actos ás 19.00 horas. O 17 de xuño haberá dobre cita: o Concerto de Corda Fretada no Salón de Actos ás 19.30 horas e o dos Grupos Eléctricos na Praza Maior ás 18.00 horas. O 18 de xuño será o turno do Vento Metal no Salón de Actos ás 20.00 horas.

O 19 de xuño celebrárase o Concerto de Voz e Instrumentos de Adultos no Salón de Actos ás 20.00 horas. O día 22 actuarán os Grupos de Adultos no Xardín Noriega Varela ás 20.00 horas. O 23 de xuño terá lugar o Concerto de Clarinete no Salón de Actos ás 18.30 horas. Finalmente, o 26 de xuño os Grupos Eléctricos pecharán o ciclo cun concerto en La Conservera ás 20.30 horas.

## Os nacionalistas de Viveiro piden recuperar a VAC da Costa Norte

O BNG de Viveiro centrará parte da súa actividade política das próximas semanas en tres cuestións que considera prioritarias para o futuro do municipio: a recuperación da Variante de Viveiro integrada na Vía de Alta Capacidade (VAC) da Costa Norte, o reforzo do Tribunal de Instancia viveirense e a revisión do proxecto promovido por Gadis no porto da cidade.

A formación nacionalista anunciou que levará ao pleno municipal de xuño unha moción na que reclama á Xunta de Galicia que recupere o proxecto inicial da VAC da Costa Norte fronte á alternativa actual, baseada nun trazado convencional que consideran insuficiente para responder ás necesidades de mobilidade e desenvolvemento da comarca.

A portavoz municipal do BNG, Iria Cotelo, advertiu de que Viveiro continúa sendo “a única cidade de máis de 250 quilómetros de costa entre Ferrol e Avilés sen unha variante en condicións”. Segundo explicou, a proposta da Xunta reduce significativamente o alcance do proxecto inicialmente previsto e introduce un modelo viario con velocidades máis baixas, fortes pendentes e enlaces que, ao seu xuízo, non solucionan os problemas actuais de tráfico nin melloran a conexión coa rede galega.

Os nacionalistas tamén cuestionan que parte dos accesos previstos obriguem a atravesar núcleos urba-



nos como Magazos e Landrove ou enlacen con vías estreitas pouco preparadas para asumir tráfico pesado. Na moción, o BNG solicitará que se recuperen os plans orixinais xa recollidos no PXOM e que se revisen os estudos técnicos e ambientais da infraestrutura.

Outra das preocupacións trasladadas pola formación é a situación do Tribunal de Instancia de Viveiro. Representantes do BNG visitaron recentemente as dependencias xudiciais acompañados por deputados autonómicos, representantes sindicais e o deputado no Congreso Néstor Rego para coñecer a situación do servizo.

Segundo denuncian, o órgano xudicial sofre unha “sobrecarga estrutural” derivada da falta de persoal e do elevado volume de expedientes que tramita para sete concellos da Mariña Occidental. O BNG asegura que esta situación está a provocar atrasos nos procedementos e dificultades na atención

á cidadanía, polo que reclamará no Parlamento galego e no Congreso a creación dunha nova praza xudicial e o reforzo inmediato dos cadros de persoal.

A terceira fronte aberta polos nacionalistas céntrase no proxecto de renovación e ampliación das instalacións de Gadis no porto viveirense. A formación presentou alegacións nas que defende a continuidade da actividade comercial, pero pide cambios que garantan unha mellor integración urbanística e paisaxística.

Entre outras cuestións, o BNG solicita máis zonas verdes, unha reorganización do estacionamento e unha solución arquitectónica máis acorde coa contorna marítima e urbana da vila. Tamén reclama garantías para o mantemento do emprego ante a posible implantación de sistemas de autocobro e pide que se protexa a convivencia coa praza de abastos e co pequeno comercio local.

## O PSOE sitúa a educación, a sanidade e a Praza de Abastos no centro do debate



O Grupo Socialista situou tres eixos principais no debate político local: a rehabilitación da Praza de Abastos, o apoio ás mobilizacións en defensa do ensino público e a resposta ás críticas realizadas por Por Viveiro sobre a xestión do anterior mandato. Nun contexto de intensa actividade política, a formación insiste na necesidade de “seriedade, planificación e cooperación institucional” para abordar os principais retos do municipio.

En relación coa Praza de Abastos, o PSOE reiterou o seu apoio á súa rehabilitación, considerada unha actuación estratéxica para a cidade, e defendeu un modelo de financiamento baseado na colaboración entre administracións. Os socialistas subliñan que a Deputación de Lugo aprobará unha achega de 248.000 euros destinada á remodelación, e súmase aos fondos que a Deputación achega anualmente a través do Plan Deputación. Neste sentido, piden transparencia sobre o esquema de financiamento e lembran que o proxecto foi presentado tamén a convocatorias da Xunta e do GALP. A formación anuncia unha emenda de substitución á moción do PP para ampliar o apoio a todas as administracións implicadas e evitar un debate sim-

plificado.

No eido social, o PSOE expresou o seu respaldo ás mobilizacións en defensa do ensino público e dunha mellor atención ao alumnado con necesidades específicas. As protestas, con presenza de familias, docentes e colectivos sociais, reclamaron máis recursos e menos masificación nas aulas. Os socialistas participaron na concentración da Praza Maior e puxeron en valor o labor de asociacións como Asfamemor Familias. Así mesmo, criticaron a actitude da alcaldesa por non dialogar cos asistentes, unha situación que, segundo denuncian, tamén se tería repetido noutras mobilizacións sanitarias.

Por outra banda, o PSOE respondeu ás críticas de Por Viveiro defendendo a xestión do anterior mandato e cuestionando o uso de cualificativos como “desidia”. Os socialistas aseguran que moitas actuacións quedaron executadas ou encamiñadas, como obras en Celeiro, Magazos ou Covas, e lembran as dificultades administrativas con organismos autonómicos. Ademais, reivindicaron o seu papel na oposición como “responsable e construtivo” e conclúen que quen ten propostas debería asumilas desde o goberno municipal.

## Licitadas as obras para mellorar Pénjamo e As Nogueiras

O Concello de Viveiro vén de publicar a licitación das obras de acondicionamento dos vias de acceso ao Monte San Roque, un dos espazos turísticos e recreativos máis emblemáticos do municipio. A actuación, xa dispoñible na Plataforma de Contratación do Estado, contempla un investimento superior aos 120.000 euros, IVE incluído, e enmárcase no convenio de colaboración con Turismo de Galicia para a mellora das infraestruturas turísticas locais. O prazo para a presentación de ofertas permanecerá aberto ata o 8 de xuño.

O proxecto abrangue a renovación de varios tramos situados nas zonas de Pénjamo e As Nogueiras, vías municipais moi utilizadas tanto pola veciñanza como polos visitantes que se achegan ao miradoiro e á área recreativa do Monte San Roque. O go-

verno local subliña que este espazo constitúe un dos principais puntos de interese de Viveiro, tanto polas súas vistas sobre a ría e o casco histórico como polo seu valor paisaxístico e de lecer.

Na actualidade, os accesos presentan un notable deterioro debido ao paso do tempo, con fochancas, erosión do firme, problemas de drenaxe e vexetación que invade as marxes. Ademais, nalgúns puntos, especialmente na conexión coa estrada LU-102, o estreitamento da calzada dificulta o cruce de vehículos e complica o acceso dos servizos de emerxencia, unha situación que o Concello busca corrixir con esta intervención.

As obras previstas inclúen a renovación completa do firme, a modernización das redes de saneamento e abastecemento e a instalación dun novo sistema de evacuación de au-

gas pluviais. Tamén se contempla a mellora da sinalización, a reorganización dos espazos peonís e a creación de itinerarios máis seguros para peóns e vehículos.

Ademais, o proxecto incorpora medidas ambientais, como a plantación de novas árbores en substitución daqueles exemplares que será necesario retirar por motivos de seguridade viaria. A intervención estenderase á Pista das Nogueiras e ao eixo Pénjamo–Pista Santo Alvítes–Cemiterio de Viveiro, cunha actuación que abrangue varios centos de metros.

A alcaldesa, Mariña Gueimunde, destacou que esta obra non só mellorará a mobilidade e a seguridade viaria, senón que tamén reforzará a imaxe do Monte San Roque como un espazo estratéxico para o turismo, o lecer e a actividade social de Viveiro ao longo de todo o ano.

ACADEMIA



**MANIPULADOR DE ALIMENTOS**  
**APLICADOR FITOSANITARIOS**  
**BIENESTAR ANIMAL**  
**PROTOCOLOS DE ACOSO**  
**PRERREQUISITOS -APPCC**  
**PROTECCIÓN DE DATOS**  
**FORMACIÓN BONIFICADA**

**formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098**

## Impulsan visitas guiadas ao Molde do Faro para achegar a arte á cidadanía

O Concello de Burela vén de poñer en marcha un novo programa de visitas guiadas ao Molde do Faro, unha iniciativa que busca dar a coñecer este singular espazo artístico e o seu significado dentro da memoria colectiva da vila. A proposta permitirá á veciñanza e ás persoas visitantes achegarse dun xeito directo a unha instalación que combina arte, historia e identidade local. No interior do Molde do Faro atópase a obra 'La piel del mar', creación do artista David Catá, realizada no marco do proxecto 'Burela Alumea | O Espello do Faro'. A peza está pintada sobre a estrutura metálica que se empregou na reconstrución do faro de Pena Burela tras os danos sufridos durante o temporal do ano 2014, convertendo así un elemento funcional nun soporte artístico cargado de simbolismo. As visitas teñen unha duración aproximada de media hora e están programadas para os martes en diferentes quendas: ás 10:30, 11:30,



12:30 e 16:30 horas. Trátase dunha actividade gratuita, cun máximo de 20 persoas por grupo, co obxectivo de garantir unha experiencia máis próxima e participativa. Para asistir é necesario realizar unha reserva previa cun mínimo de 24 horas de antelación a través da páxina web habilitada polo Concello.

## O PP cuestiona a xestión económica do executivo local

O Grupo do Partido Popular criticou con dureza o último pleno ordinario, ao que acusa de evidenciar "a ausencia de planificación" do goberno local de López Moreno. O portavoz, Manuel Rouco, afirmou que o executivo pretendía aprobar un suplemento de crédito próximo aos dous millóns de euros, pero o expediente presentaba múltiples erros e inconsistencias en máis de corenta actuacións, segundo sinala. Rouco explicou que as discrepancias obrigaron a revisar datos durante a propia sesión, o que levou finalmente á retirada do punto da orde do día tras as advertencias da

oposición. O PP tamén denunciou irregularidades noutro expediente de crédito extraordinario, no que se incluían referencias ao documento anterior, o que provocou unha rectificación inmediata por parte do goberno local para poder continuar o pleno. Para os populares, estes feitos demostran unha "falta de rigor na xestión económica" e criticaron que a alcaldesa responsabilizase á oposición dos erros detectados. Rouco concluíu que, ao seu xuízo, nin o apoio técnico nin os asesores evitan os fallos reiterados na tramitación dos expedientes municipais.

## A RPT chega ao pleno entre eloxios do goberno e críticas da oposición

O Concello aprobou inicialmente a nova Relación de Postos de Traballo (RPT), un documento clave que reorganiza a estrutura interna da administración municipal e que levaba 18 anos sen actualizarse. A medida supón, segundo o goberno local, un paso importante na modernización da xestión dos recursos humanos e na adaptación dos servizos municipais ás necesidades actuais da cidadanía.

A RPT inclúe un expediente completo con organigrama, fichas descritivas dos postos, valoración técnica das funcións, cadro organizativo, manual de criterios e un plan de promoción interna. A alcaldesa, Carmela López, destacou que se trata dun proceso longo e complexo, froito do diálogo con sindicatos, persoal técnico e representantes municipais, e que contou co respaldo da Mesa Xeral de Negociación.

Segundo o executivo, o documento foi elaborado con criterios estritamente técnicos, analizando cada posto en función das súas responsabilidades e condicións. O obxectivo é mellorar a eficiencia, clarificar a estrutura organizativa e optimizar a distribución do per-



soal. Tras esta aprobación inicial, a RPT continuará a súa tramitación ata a súa validación definitiva.

**PP CRÍTICO CO PROCESO.** O Grupo Municipal do Partido Popular expresou reservas sobre a nova RPT, ao considerar que non existiu unha negociación real e que o documento chegou practicamente pechado. Os populares xustifican a súa abstención na votación e aseguran que parte do persoal municipal amosou desacordo co resultado final.

Entre as críticas destacan posibles desequilibrios na valoración de postos, a baixada de retribu-

cións na praza de arquitecto municipal e diferenzas salariais entre habilitados nacionais, especialmente no caso da Tesourería. O PP tamén cuestiona que o documento responda plenamente ás necesidades da plantilla.

A formación lamenta ademais que o pleno extraordinario para a súa aprobación dificultase a participación da corporación e critica que non se incluíse no pleno ordinario previsto. A pesar das discrepancias, recoñece melloras para parte do persoal, pero considera que a RPT aínda xera desigualdades internas na estrutura municipal.

## O parque infantil do Campón renóvase e incorpora novos xogos

O parque infantil do Campón xa luce unha nova imaxe tras rematar as obras de renovación impulsadas polo Concello nunha das áreas de lecer máis utilizadas polas familias da zona. A actuación permitiu modernizar por completo este espazo situado na contorna do Hospital Público da Mariña, incorporando novos elementos de xogo e melloras en materia de seguridade.

Entre as actuacións levadas a cabo destaca a substitución do antigo chan por unha nova superficie de caucho, preparada para reducir riscos e ofrecer unha maior protección aos nenos e nenas. Ademais, renováronse os xogos existentes e incorporáronse novas estruturas pensadas para diferentes franxas de idade. O novo parque conta cun gran conxunto formado por torres, pasarelas, escaleiras e tobogáns, convertido agora no principal atractivo da área infantil. A maiores, instaláronse tres trampolíns circulares integrados no pavimento, un columpio mixto e un balancín destinado aos máis pe-



quenos.

A rexedora burelesa subliñou que esta actuación forma parte do compromiso municipal coa mellora dos espazos públicos e coa creación de instalacións adaptadas ás necesidades actuais das familias. Segundo explicou, o obxectivo é que todos os barrios da vila dispoñan de áreas infantís modernas, seguras e en boas condicións.

Pola súa banda, o concelleiro de Obras sinalou que o parque precisaba unha intervención importante debido ao deterioro que presentaban algúns dos elementos existentes. Ramiro Fernández destacou tamén que a renovación permitiu optimizar a superficie dispoñible e incorporar xogos máis variados para favorecer o uso do espazo por parte de nenos e nenas de distintas idades.

**Celebra o teu día**

;;Facemos que cada momento sexa único!!

**Creamos decoracións para eventos**

- Bodas
- Comuñóns
- Aniversarios
- Bautizos
- Cumpleanos
- Inauguracións

Consúltanos no 607 043 867 e siguenos en RR.SS.

Rúa Pardo Bazán, 12 • 27880 • Burela

## Debate institucional polo deterioro do CEIP Vista Alegre

A situación do CEIP Vista Alegre de Burela continúa xerando unha forte tensión entre a comunidade educativa e a Xunta de Galicia, nun conflito que se intensifica co paso das semanas. Familias, alumnado, profesorado e ANPA manteñen concentracións semanais diante do centro para reclamar unha reforma integral dun edificio que consideran claramente deteriorado e insuficiente para as necesidades actuais. A mobilización conta tamén co apoio de FAPACEL e converteuse nun símbolo do malestar existente na localidade.



**MOBILIZACIÓNS.** As concentracións celébranse cada xoves no recinto escolar, onde as familias portan carteis elaborados polo propio alumnado con mensaxes que reclaman un “colexio digno e accesible” e unha “reforma integral xa”. A protesta foi medrando nas últimas semanas e xa suma varias xornadas consecutivas de reivindicación.

Pola súa banda, o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, defende que o centro “se atopa, en xeral, nun bo estado” e nega a existencia de problemas estruturais graves. Estas declaracións foron recibidas con malestar pola comunidade educativa, que asegura que a realidade diaria contradí esa valoración oficial. As familias denuncian que as deficiencias levan anos acumulándose e que as actuacións realizadas ata o momento non solucionaron o problema de fondo.

A Xunta tamén atribúe parte da situación ao mantemento municipal, algo que o Concello de Burela e a súa alcaldesa, Carmela López, rexeitan de forma contundente. O

gobierno local lembra que o edificio ten máis de corenta anos e que o Concello leva anos realizando numerosas tarefas de conservación e reparación, asumindo mesmo intervencións que exceden as súas competencias.

**DEFICIENCIAS ESTRUTURAIS.** Entre os problemas denunciados figuran humidades persistentes, filtracións de auga, avarías frecuentes nos baños, fallos eléctricos, deterioro de carpinterías, peches exteriores danados e falta de espazos cubertos para o lecer do alumnado. FAPACEL engade ademais a existencia de barreiras arquitectónicas que dificultan a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida.

O BNG de Burela tamén entrou no debate, acusando á Xunta de “negar a realidade” e de non realizar investimentos estruturais durante décadas. A formación nacionalista reclama unha intervención global e critica que outras localidades da Mariña reciban máis fondos.

súa parte, a Xunta lembra que nos últimos anos investiu arredor de 75.000 euros en melloras como a

renovación de luminarias, peches perimetrais, caldeiras e canlóns. Con todo, para a comunidade educativa estas actuacións resultan insuficientes fronte ao estado xeral do edificio.

As familias insisten en que non se trata de pequenas reparacións, senón dunha necesidade urxente de reforma integral. “Queremos unha escola digna, segura e accesible”, repiten nas concentracións, nas que tamén critican a falta de planificación e a ausencia de solucións reais.

FAPACEL considera que o caso do Vista Alegre reflicte un problema máis amplo na escola pública galega, con centros antigos que sofren deterioro sen intervencións de calado. A federación pide unha avaliación técnica completa e un plan de rehabilitación urxente.

Mentres tanto, as mobilizacións continuarán cada semana ata obter compromisos firmes, prazos concretos e financiamento suficiente. A distancia entre a Xunta e a comunidade educativa segue sendo total, nun conflito que xa transcende o ámbito local.

## O festival De Cabo a Cabo será un punto de encontro cultural

Burela acollerá o vindeiro 15 de xuño o Festival De Cabo A Cabo, unha iniciativa cultural e comunitaria creada arredor do encontro entre España e Cabo Verde no Mundial 2026. O evento converterá distintos espazos públicos da vila nun punto de encontro entre culturas, música, arte e convivencia, nun municipio onde máis de mil persoas teñen orixe caboverdiana.

O festival está impulsado polo Concello de Burela, a Deputación e a Asociación Cultural Fanto Fantini, coa dirección creativa de Anxo Ferreira, creador burelés coñecido polos seus proxectos artísticos sobre a relación entre Galicia e Cabo Verde.

A proposta busca visibilizar a realidade multicultural da vila e contará cun importante apartado

musical encabezado por Baiuca, referente da nova música galega, que actuará en formato DJ Set. O cartel inclúe tamén artistas da escena afroatlántica e electrónica como DJ Danifox, DJ Kandole, Baturko Tabanka, Lilaina e Saya.

A programación incluírá ademais a retransmisión en directo do partido entre España e Cabo Verde, showcookings, actividades deportivas, artesanía, mesas de debate e espazos de convivencia cidadá.

O festival terá tamén unha destacada vertente artística cunha instalación coordinada por Alicia Alonso xunto ao Instituto Monte Castelo. Para esta creación, a Cofradía de Pescadores cederá 700 metros cadrados de rede de pesca que se transformarán nun espazo artístico colectivo inspirado na tradición mariñeira local.

## Impulsan a renovación do campo de fútbol da Marosa

O Concello acometerá unha actuación de conservación e reforma no campo de fútbol da Marosa cun investimento superior aos 600.000 euros, aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo. O proxecto permitirá desbloquear unha situación pendente desde hai anos, especialmente na grada norte, e garantir o futuro dunha instalación deportiva clave para a vila.

A alcaldesa, Carmela López Moreno, cualificou a intervención como “fundamental para asegurar o futuro da Marosa” e destacou o valor histórico e emocional do recinto, que forma parte da memoria deportiva e social de varias xeracións de bureleses.

As obras desenvolveranse en dúas fases entre 2026 e 2027 para compatibilizar os traballos co uso habitual do campo. A primeira centrarase nas actuacións máis urxentes, como a conservación da grada sur, a análise da grada norte, a retirada de elementos deteriorados e a consolidación estrutural.

Nesta etapa tamén se estudará a preservación de elementos simbólicos como os vestiarios históricos. A segunda fase incluírá melloras na cuberta, bancadas, asentos, varandas e zonas de servizo, co obxectivo de reforzar a accesibilidade, seguridade e funcionalidade do campo sen perder a súa esencia histórica.



**ARTAI**  
HORMIGONES

Ci. Rioseco s/n,  
Monforte De Lemos, 27400

692 946 698  
629 817 933

Pol. Ind. Betote Km 21  
Sarria, 27600

692 946 694  
629 817 933

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Prefabricados de hormigón  
Taller de ferralla  
Cubiertas de panel sandwich  
Cubiertas de fibrocemento  
Servicio de grúa

982 530 469  
hierrostouron@gmail.com

## Lanzan iniciativas de inclusión social e diversidade cultural

O Goberno local impulsa dúas iniciativas centradas na inclusión social e na igualdade, combinando emprego e participación cultural. Por unha banda, pon en marcha un programa pioneiro de inserción laboral en colaboración coa asociación Down Lugo, destinado a persoas con discapacidade intelectual. O proxecto permitirá a incorporación dunha persoa ao persoal municipal durante un ano, exercendo funcións de ordenanza e integrándose no funcionamento diario do Concello. A persoa seleccionada dependerá da Alcaldía e contará con acompañamento para facilitar a súa adaptación e garantir unha integración efectiva no ámbito laboral.

O alcalde, Dani Vega, destacou que se trata dunha iniciativa promovida desde as áreas de Benestar Social e Persoal, que sitúa Ribadeo

como o primeiro concello en desenvolver este tipo de programa xunto a Down Lugo. Subliñou o seu carácter formativo e social, orientado a crear oportunidades reais de emprego.

A concelleira de Benestar Social, Elena Sierra, cualificou a medida como “un paso importante cara á inclusión real”, mentres que a responsable de Persoal, Montse Seijo, puxo en valor a experiencia para o equipo municipal.

Por outra banda, a Área de Igualdade, a través do CIM, convoca a segunda edición do Concurso de Arte Mural pola Diversidade, aberto a persoas nadas ou residentes en Ribadeo. A iniciativa promove valores de igualdade, diversidade e respecto ao colectivo LGTBIQ+. A obra gañadora plasmarase nun mural no paseo marítimo e recibirá 750 euros.

## O Ribadeo Indiano 2026 porá o foco nas mulleres emigrantes

Ribadeo xa conta motores para unha nova edición do seu evento máis emblemático do verán, o Ribadeo Indiano, que celebrará a súa undécima edición entre os días 10 e 12 de xullo, convertendo de novo a vila nun espazo ambientado na época da emigración ás Américas. A presentación do cartel marcou o inicio da conta atrás para unha cita que cada ano reúne milleiros de visitantes e consolídase como unha das grandes referencias culturais e turísticas da Mariña.

A programación volverá apostar pola recreación histórica, a música, a gastronomía e a decoración das rúas, cunha forte implicación do tecido comercial e asociativo local. Entre as propostas destaca a figura do Mercado de Ultramar, previsto para o 11 de xullo, que xa abriu o prazo de inscrición ata o 14



de xuño para persoas e entidades vinculadas á temática indiana. Nel poderán atoparse produtos chegados historicamente de América, artesanía, oficios tradicionais, libros, antigüidades e elementos de ambientación da época.

Paralelamente, o Ribadeo Indiano 2026 poñerá o foco na memoria feminina da emigración baixo o lema “Elas tamén marchaban”. O Concello quere visibilizar as historias das mulleres ribadenses que emigraron, recuperando as súas experiencias e a súa pegada histórica.

A programación incluírá charlas e unha exposición fotográfica colectiva, construída coa colaboración da veciñanza. Para iso, faise un chamamento a achegar imaxes e relatos á biblioteca municipal ata o 20 de xuño, onde serán dixitalizados.

A exposición poderá visitarse durante a celebración do evento, nunha edición que amplía a mirada sobre a emigración e reivindica o papel das mulleres neste proceso histórico.

## Rehabilitados o lavadoiro e a fonte do Cristo de Rinlo

O Concello vén de completar unha actuación de recuperación e posta en valor de varios espazos públicos na localidade de Rinlo. Os traballos centráronse na rehabilitación do lavadoiro e da fonte do Cristo, ademais da mellora do entorno natural e das zonas peonís próximas.

O alcalde explicou que o obxectivo é “seguir mellorando espazos naturais e patrimoniais que forman parte da identidade do municipio e que son utilizados a diario pola veciñanza e polos visitantes”. Segundo indicou, a zona atopábase nun estado de deterioro, con pintadas, danos na cuberta, falta de lousas e acumulación de lixo, unha imaxe que, dixo, non se correspondía co modelo de turismo e patrimonio que se quere promover. As obras incluíron a reposición de lousa e tella no lavadoiro, a recuperación da madeira orixinal, a rehabilitación interior e a colocación de proteccións nas ventás. Tamén se melloraron os camiños de acceso, o mobiliario urbano e a seguridade da contorna.

No caso da fonte do Cristo, realizáronse tarefas de limpeza, conservación da pedra e canalización de augas para evitar futuros danos. Vega destacou o valor simbólico destes elementos tradicionais, lembrando que eran espazos de encontro e convivencia. Esta intervención súmase a outras actuacións recentes destinadas a recuperar o patrimonio e os espazos naturais do municipio.

## UCIN advirte de riscos pola falta de recursos médicos na Praia das Catedrais



A Unión de Cidadáns Independentes (UCIN) en Galicia denunciou as carencias sanitarias existentes na contorna da Praia das Catedrais e reclamou un reforzo urxente dos servizos de emerxencia nun dos principais destinos turísticos da comunidade. A formación fixo pública a súa preocupación tras presenciar unha incidencia na que unha turista británica sufriu unha indisposición preto do areal ribadense. Segundo UCIN, a ambulancia mobilizada tardou uns vinte minutos en chegar e non era medicalizada. Mentres tanto, a muller foi atendida por unha médica que se atopaba casualmente na zona. Ademais, o vehículo sanitario tivo que desprazarse posterior-

mente ata Ribadeo para recoller un facultativo, prolongando a espera da afectada.

A formación asegura tamén que existen máis exemplos recentes de dificultades na atención sanitaria durante períodos de gran afluencia turística, como o caso dunha visitante cunha fractura que precisou da colaboración de particulares para ser evacuada. Ante esta situación, UCIN reclama a presenza permanente dunha ambulancia medicalizada na tempada alta, máis medios de emerxencia, protocolos específicos de actuación rápida e mellores recursos de primeiros auxilios para garantir unha resposta adecuada nun espazo que recibe miles de visitantes cada verán.

## A Aula de Teatro Municipal comeza a súa actividade



A Aula de Teatro Municipal de Ribadeo botou a andar no mes de marzo como unha nova iniciativa impulsada pola Área de Cultura do Concello co obxectivo de fomentar as artes escénicas e crear un espazo estable de formación e creación cultural no municipio. Trátase da primeira vez que Ribadeo conta cun proxecto destas características, pensado para achegar o teatro á veciñanza e favorecer a participación cidadá en actividades culturais.

O grupo, integrado por persoas de distintas idades, comezou a súa actividade formativa traballando aspectos básicos da interpretación como a expresión corporal, a vocalización, a improvisación e outras técnicas escénicas, baixo a dirección de Rubén Pérez e Daniel Vázquez. Desde o Concello destacan a boa acollida da iniciativa e a implicación das persoas participantes nestes pri-

meiros meses de funcionamento. O seu primeiro gran escenario público chegou en maio, coincidindo coa celebración da Festa das Cruces na Ponte de Arante, onde a Aula de Teatro participou na recreación da Batalla da Ponte, un dos actos centrais da programación festiva. Nesta representación déronse vida a diferentes escenas vinculadas á Guerra da Independencia e á loita contra as tropas francesas, nun contexto histórico moi ligado á zona.

Ademais da recreación principal, tamén se incluíron referencias a outros episodios históricos asociados á Ponte de Arante e ao paso do Camiño de Santiago. Desde o Concello de Ribadeo animan á veciñanza e ás persoas visitantes a apoiar esta nova iniciativa cultural, que busca consolidarse como unha ferramenta de dinamización cultural e participación social dentro da programación municipal.

## O BNG fala de “despropósito” no gasto en comidas do Goberno local

O BNG de Ribadeo criticou con dureza o gasto municipal destinado a comidas ao longo de 2025, que segundo os datos que afirma ter consultado ascendería a uns 30.000 euros, unha cifra que consideran excesiva e superior á do exercicio anterior en arredor de 4.000 euros. A concelleira nacionalista Raquel Ferreira cualificou o volume de gasto como un “auténtico despropósito” e unha mostra de “falta de respecto institucional” no uso dos recursos públicos. Desde a formación nacionalista aseguran que unha parte maioritaria destas facturas estaría vinculada á Alcaldía, sinalando que dous de cada tres recibos corresponderían a gastos asociados ao rexedor, unha proporción que consideran difícil de xustificar. Para o BNG, este tipo de desembolsos deberían limitarse a situacións excepcionais de representación institucional e non converterse nunha práctica habitual.

Ferreira insiste en que estes recursos poderían destinarse a necesidades máis urxentes do municipio, como o reforzo de partidas sociais ou o pagamento



de facturas pendentes, subliñando que a prioridade debe ser o benestar da veciñanza. A edil nacionalista tamén cuestiona que o gasto en xantares contraste coa necesidade de solicitar financiamento doutras administracións para distintos proxectos municipais.

Pola súa banda, o equipo de goberno rexeita as críticas e defende que os gastos están ligados á colaboración con entidades culturais, sociais e deportivas, así como á organización de eventos e recepcións institucionais. O executivo local sostén que estas partidas se limitan a pequenas achegas ou servizos de hostalaría vinculados a actividades que di-

namizan a vida social de Ribadeo. O goberno tamén subliña que moitas destas colaboracións se realizan con colectivos e voluntarios que participan en eventos municipais ao longo do ano, e insiste en que o gasto protocolario global rolda os cinco mil euros. Ademais, considera que o BNG está a xerar unha interpretación distorsionada da realidade e cuestionando o apoio institucional ao tecido asociativo da vila. Desde o executivo local deféndese que estas actuacións contribúen á proxección e dinamización de Ribadeo, mentres o BNG reclama maior contención e unha xestión máis austera dos fondos públicos.

### Impulsan un plan para mellorar estradas e drenaxes

O Concello continúa cun plan de mellora das infraestruturas municipais que inclúe a renovación de estradas e a corrección de problemas de drenaxe en distintas parroquias do termo municipal. As actuacións, cun investimento global de 372.000 euros, estanse a executar en núcleos como A Devesa, Vilaframil, Vilaselán, Piñeira, Ove e Couxela.

O alcalde destacou que moitas das obras xa se atopan na súa fase final, mentres o Concello prepara novos proxectos a través do próximo Plan Único. Un dos puntos clave do programa é a mellora dos sistemas de evacuación de augas pluviais e fecais, co obxectivo de evitar o deterioro do firme. En zonas como Santa Cruz, na parroquia de Ove, ou na estrada de Maizán, en Couxela, están a instalarse novas infraestruturas de saneamento e drenaxe.

As obras tamén permitiron recuperar vías con problemas de circulación, como Xandabaixo en Vilaselán ou varios tramos da Devesa. O goberno local insiste en que o obxectivo non é só reasfaltar, senón garantir solucións duradeiras e mellorar a seguridade viaria nas parroquias.

## A Xunta e o Concello reforzan a súa colaboración con novos proxectos

A Xunta de Galicia e o Concello de Ribadeo avanza nun amplo paquete de actuacións que combinan melloras sanitarias, urbanísticas e de mobilidade no municipio, cun investimento global que supera amplamente os 7 millóns de euros no caso das infraestruturas de saúde e importantes partidas adicionais en vivenda e urbanización. Por unha banda, o Consello da Xunta autorizou a aceptación dos terreos cedidos polo Concello de Ribadeo para a construción dun novo centro de saúde na avenida da América, nunha parcela de 3.991 metros cadrados. O proxecto suporá un investimento próximo aos sete millóns de euros e permitirá levantar unha infraestrutura sanitaria completamente renovada, que pasará dos 1.987 metros cadrados actuais a uns 2.800. O novo edificio incorporará seis consultas de medicina xeral, seis de enfermería, sala de toma de mostras, consulta de farmacia, dúas salas de técnicas, pediatría, matrona, odontoloxía, fisioterapia e área

de radioloxía, ademais de reforzar o Punto de Atención Continuada (PAC) e habilitar espazo para o 061. Tras a cesión, o seguinte paso será a redacción do proxecto e a previsión é licitalo nos próximos meses. En paralelo, a Xunta licitou a redacción do Proxecto de Interese Autonómico (PIA) para desenvolver 300 vivendas na zona Sud-R2, nun ámbito de 7,6 hectáreas entre a Avenida Ría de Ribadeo e a N-642, cun orzamento de 250.000 euros. O plan prevé que o 80 % das vivendas sexan protexidas e permitirá iniciar os trámites urbanísticos de expropiación e urbanización. Así mesmo, avanza as obras de mellora da Avenida de América, cun investimento de 350.000 euros. A actuación inclúe renovación de beirarrúas, nova rotonda, mellora de redes de saneamento, soterramento eléctrico e reforzo da seguridade viaria, consolidando a transformación urbana da contorna do futuro centro de saúde e dos novos desenvolvementos residenciais.

## Vilela contará cunha nova área recreativa tras un investimento da Deputación



A Deputación de Lugo e o Concello colaborarán na modernización da área recreativa do campo de Vilela a través dun convenio de cooperación que permitirá mobilizar un investimento global de 82.000 euros para mellorar este espazo veciñal.

A actuación, promovida desde a área de Rural da institución provincial, contará cunha achega da Deputación próxima aos 30.000 euros e permitirá renovar unha zona empregada habitualmente para encontros sociais, celebracións populares e actividades culturais da parroquia.

O deputado de Rural, Daniel García, explicou que o proxecto nace das peticións trasladadas pola propia veciñanza e destacou a importancia de seguir reforzando os espazos públicos no rural para favorecer a convivencia e a participación social. Segundo indicou, a intervención busca ofrecer unha área máis moderna, funcional e adaptada ás necesidades actuais dos núcleos rurais.

O proxecto contempla a transformación da actual explanada de zorra nunha pista multiusos con novo pavimento de formigón desactivado, o que permitirá

ampliar as posibilidades de uso do recinto para eventos culturais, actividades lúdicas e outras iniciativas comunitarias ao aire libre.

Ademais, a actuación incluírá cambios na circulación da contorna para evitar o paso de vehículos pola zona recreativa. Para iso habilitarase un novo acceso ás vivendas próximas, mellorando tanto a seguridade como a comodidade das persoas usuarias.

O convenio entre a Deputación e o Concello foi aprobado recentemente na Xunta de Goberno provincial, o que permitirá iniciar os traballos nos vindeiros meses.

Pola súa banda, o alcalde de Ribadeo, Dani Vega, destacou o clima de entendemento institucional existente entre ambas administracións e agradeceu a colaboración da Deputación para sacar adiante unha actuación que considera importante para a parroquia de Vilela e para o conxunto do municipio.

Desde ambas institucións coinciden en sinalar que este tipo de investimentos contribúen a dinamizar o rural e a mellorar os servizos e infraestruturas destinadas á veciñanza.

C/ MARIÑEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106

# Asociación de Veciños Santa Eulalia: Corazón vivo de A Devesa

**Merce, presidenta da entidade, explica a importancia de manter a parroquia unida e dinamizar a vida social a través de actividades e compromiso veciñal**

Por Ana Somoza.

A Asociación de Veciños Santa Eulalia da Devesa, en Ribadeo, naceu no ano 1986 co obxectivo de “promover e organizar todo tipo de actividades de carácter social, asistencial e cultural”, segundo relata Merce, presidenta da entidade. Como moitas asociacións veciñais, a súa creación estivo motivada pola necesidade de “mellorar a calidade de vida e defender os intereses comúns da veciñanza, reclamando melloras nos servizos e actuando coma unha voz única ante as autoridades locais”. Desde o principio, a entidade apostou por fomentar a convivencia e a cohesión entre os veciños da parroquia.

Merce destaca que a Asociación foi “bastante activa nos seus inicios, pero despois, como soe pasar, foi perdendo forza ata estar inactiva durante cinco ou seis anos”. Foi entón cando un grupo de veciños decidiu tomar as rendas e darlle un impulso que Merce cualifica como “comezar de cero”, actualizando documentación, facendo campañas de captación de socios e retomando a actividade. “O feito de acadar 200 socios é unha fazaña que nos amosa que a nosa confianza no proxecto ten sentido”, engade, resaltando que a implicación da comunidade reforza a continuidade da asociación.

**SOCIAL.** A presidenta define a entidade como “o motor que impide que a parroquia se pare, é o corazón colectivo que transforma as necesidades individuais en forza común para seguir progresando como comunidade”. Merce explica que o traballo diario recae principalmente sobre a presidenta, o secretario e o tesoureiro, aínda que se organiza en función das destrezas e da dispoñibilidade de cada membro da directiva, composta por sete persoas.

Sobre asumir a responsabilidade de liderar unha entidade veciñal, Merce confesa: “É un gran reto e ao mesmo tempo un compromiso cos veciños e socios. Cada vez que un veciño nos traslada o seu agradecemento pola labor que estamos a facer, ‘énchesenos o peito’, e iso danos moita forza para seguir dedicando o noso tempo para que a parroquia non se deteña e sigamos facendo comunidade”.

**ACTIVIDADES.** Ao longo do ano, a Asociación organiza unha ampla gama de actividades que abarcan

o ámbito deportivo, creativo, cultural e lúdico. Entre elas destacan ximnasia de mantemento, cursos de cestería, comida veciñal, teatro, sardiñada de San Xoán, cine na rúa, magosto, cursos de novas tecnoloxías e actuacións de maxia. “Moitas destas actividades foron posibles grazas á colaboración de distintas institucións, como o concello, a Deputación e a Xunta de Galicia”, explica Merce.

A presidenta subliña que, aínda que algunhas propostas aínda non se asentaron como tradición, aspírase a que eventos como a comida veciñal, que terá a súa segunda edición o 29 de marzo, se converta “no día da parroquia e na nosa gran tradición”. A resposta dos ve-

na transformación do seu propio pobo”. Ademais, xunto coa Asociación de Veciños de Cinxe, a de Santa Eulalia leva a xestión do cemiterio desde comezos de 2025, reforzando a colaboración interparroquial.

**FUTURO.** Mirando cara adiante, a Asociación mantén unha planificación que combina continuidade e innovación. Entre os próximos proxectos están a segunda comida veciñal, unha viaxe á Ribeira Sacra, cursos de cestería, xuntanzas festivas como a comida de San Isidro, a sardiñada de San Xoán ou o magosto, e outras actividades que se desenvolverán cara o outono. “O noso obxectivo é que a Asocia-

**“Chegar aos 200 socios é unha auténtica satisfacción porque demostra que a veciñanza confía no proxecto e no traballo que estamos realizando día a día pola parroquia”**



ciños, segundo Merce, “é moi boa, sobre todo nas xuntanzas onde hai un xantar de por medio”.

**PATRIMONIO.** A entidade tamén se implica na conservación e dinamización do patrimonio local. Merce destaca a importancia de manter os espazos comúns e as tradicións: “As actividades son un espazo de encontro e sociabilidade entre os veciños, permitindo que os nosos maiores atopen momentos de convivencia e que os mozos se impliquen activamente

ción sexa o corazón que manteña a parroquia unida e que os veciños sintan como propio o progreso da Devesa”, afirma Merce. A presidenta recalca que cada pequena colaboración conta: “A Devesa facémola nós; cada achega de hoxe garante o futuro da parroquia no mañá”. Tamén lembra a cita de Henry Ford: “Unirse é o comezo, permanecer xuntos é o progreso e traballar xuntos é o éxito”, e baixo ese prisma seguiremos prosperando como comunidade”.



**NECESIDADES.** Merce sinala que, a pesar do bo ritmo de actividades, a parroquia afronta retos básicos en infraestrutura e servizos: “Necesitamos que as distintas administracións públicas continúen investindo en vías de comunicación, alumeadado público e saneamento, para que as vivendas non dependan de fosas

falar, opinar e propoñer; iso dará moita vida á Asociación e fará que todos se sintan implicados”, explica Merce.

Ao longo do seu mandato, a presidenta insiste en que a clave do éxito reside na combinación de ilusión, esforzo e participación comunitaria. “O fito de acadar 200 socios nunha parroquia coma a nosa demostra que o proxecto ten sentido e que a veciñanza confía no que estamos a facer”, subliña.

Merce tamén destaca a importancia de implicar ás novas xeracións: “Sen a participación da xuventude, o rural perde dinamismo e continuidade. A nosa directiva está formada por persoas de todas as idades para que cada un poida aportar o seu punto de vista. É a única forma de que o noso pobo teña futuro”.

**CONVIVENCIA.** As festas, as reunións veciñais e as xornadas culturais teñen un papel central na cohesión social. “Fundamentalmente queremos que as actividades sexan un espazo de encontro entre os veciños. Todo o que sexa festa e papatoria vaille como anel ao dedo á veciñanza”, di Merce con humor, engadindo que estas iniciativas permiten reforzar vínculos e recuperar tradicións perdidas. A presidenta tamén lembra que a colaboración con outras asociacións reforza a vida comunitaria: “Traballamos coa Asociación de Veciños de Cinxe en obxectivos comúns, como a celebración da comida de Santa Eulalia, que non se facía desde hai moitos anos, e en futuras actividades conxuntas”.

Finalmente, Merce anima a todos a visitar e participar na vida da parroquia: “A Devesa ofrece boas comunicacións, proximidade á costa, un entorno privilexiado e unha área recreativa magnífica. Ademais, a Asociación ofrece actividades de todo tipo, facendo da nosa parroquia un lugar dinámico, unido e entretido para vivir ou simplemente gozar dela”.

# MONDIGO: ENERXÍA PARA O TERRITORIO

## Cando o vento tamén beneficia á veciñanza

Descontos na factura, participación local e apoio ás empresas marcan o modelo impulsado arredor do primeiro parque eólico incorporado por Recursos de Galicia na Mariña Oriental

Hai unha idea que se repite cada vez con máis frecuencia arredor do parque eólico de Mondigo: “A enerxía ten que repercutir na xente”. Esa frase, pronunciada en diferentes escenarios por representantes institucionais, responsables empresariais e alcaldes da comarca, resume o espírito co que Recursos de Galicia (RDG) pretende impulsar un novo modelo eólico na Mariña Oriental. Un modelo que se afasta da imaxe tradicional dos parques entendidos unicamente como xeradores eléctricos e que aposta por vincular directamente a produción enerxética coa mellora económica e social do territorio. Mondigo, situado entre Ribadeo e Trabada e cunha liña de evacuación que tamén atravesa Barreiros, converteuse así no primeiro gran símbolo desa filosofía. O parque, formado por once aeroxeradores e cunha potencia instalada de 49,5 MW, entrou en funcionamento a finais do pasado ano e prevé producir arredor de 131 GWh anuais. Pero máis alá das cifras técnicas, o proxecto está a construír o seu discurso arredor dunha mensaxe clara: “A eólica que te beneficia”.

### DESCONTOS

Un dos aspectos que máis atención está a xerar entre a veciñanza é o programa Mondigo Beneficia, unha iniciativa pioneira que permitirá aplicar bonificacións de ata o 80 % na factura eléctrica ás persoas que residen nun radio de 1,8 quilómetros do parque. A medida podería chegar a arredor de medio milleiro de fogares da contorna.

Desde Recursos de Galicia explican que o procedemento “é moi sinxelo” e que o obxectivo é facilitar ao máximo os trámites. A compañía habilitou a web [rdgmondigo.gal](http://rdgmondigo.gal) e tamén puxo en marcha, en coordinación cos concellos, puntos de atención presencial para resolver dúbidas e axudar á veciñanza coa documentación.

O conselleiro delegado de RDG, Emilio Bruquetas, insistiu en varias ocasións en que “Mondigo debe ser un exemplo desta nova política eólica baseada en beneficios directos para a cidadanía”. Segundo defende, o proxecto



pretende demostrar que “é posible facer compatible a xeración renovable cun retorno real para o territorio”.

As administracións autonómicas tamén reforzan esa mensaxe. A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, asegurou recentemente que o parque representa “o modelo enerxético que promove o Goberno galego”, un sistema no que “a produción eléctrica reverta directamente nos fogares e nas empresas da contorna”.

### EMPRESAS

A seguinte fase do proxecto céntrase agora no tecido empresarial. Recursos de Galicia mantivo

xa diferentes reunións con empresas de Ribadeo, Trabada e Barreiros para coñecer as súas necesidades enerxéticas e estudar posibles fórmulas que permitan ofrecer prezos máis competitivos e estables.

“Non hai industria sen enerxía”, advertiu Lorenzana durante un encontro empresarial celebrado en Lugo. A conselleira considera que a competitividade futura da industria galega dependerá en boa medida da capacidade para garantir electricidade accesible e estable ás pequenas e medianas empresas.

Nesa mesma liña, RDG defende a chamada “democratización dos PPA”, os contratos eléctricos a longo prazo que tradicionalmente estaban reservados ás grandes

compañías. O obxectivo agora é que tamén pemes e industrias locais poidan acceder a esas vantaxes.

Os encontros co empresariado da Mariña están servindo para elaborar un diagnóstico detallado do consumo eléctrico da zona. “Queremos coñecer as necesidades reais do territorio”, explican desde a sociedade enerxética, que insiste en que a intención é “adaptar a oferta enerxética ás características da comarca”.

### TERRITORIO

Outra das novidades que introduce Mondigo é a apertura da propiedade do parque aos concellos implicados. Recursos de Galicia

ofreceu a Ribadeo, Trabada e Barreiros a posibilidade de incorporarse ao accionariado ata un máximo do 10 %.

A proposta foi trasladada directamente aos alcaldes da comarca durante unha reunión mantida con Emilio Bruquetas e coa propia María Jesús Lorenzana. A filosofía, segundo explican desde RDG, é favorecer “un modelo de participación local” no que os municipios tamén poidan beneficiarse economicamente da explotación dos recursos naturais.

O proxecto encaixa ademais coa nova Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais, aprobada recentemente no Parlamento galego. A norma establece que os beneficios xerados polos aproveitamentos enerxéticos deben repercutir directamente no territorio.

Lorenzana chegou a definir esta normativa como “a maior reforma en materia industrial e enerxética dos últimos anos” en Galicia. Segundo destacou, a lei busca “reducir a dependencia enerxética, abaratar a electricidade e xerar riqueza mantendo o respecto ambiental”.

### FUTURO

O debate sobre a enerxía eólica continúa xerando posicións diversas en Galicia, especialmente nun contexto marcado polos procesos xudiciais e pola discusión sobre o impacto paisaxístico e ambiental. Con todo, desde a Xunta defenden que a clave está en construír “un modelo socialmente aceptado”.

“Temos que ser quen de trasladar aos cidadáns que a eólica é boa”, afirmou María Jesús Lorenzana durante unha xornada sobre repotenciación organizada por Cluergal. A conselleira insistiu en que Galicia “non pode renunciar ao despregamento eólico” porque o considera “estratéxico” para o futuro económico e industrial da comunidade.

A responsable autonómica defende ademais que a electrificación da economía fai imprescindible aumentar a produción renovable. “Se queremos electrificar a industria e os consumidores, necesitamos máis enerxía verde”, sostén.

## o vicedo

## A oposición reclama melloras na mobilidade e medidas sanitarias

O último pleno municipal do Vicedo estivo marcado polas iniciativas presentadas polos grupos da oposición, que puxeron o foco en cuestións relacionadas coa mobilidade, o mantemento urbano, a seguridade sanitaria e os servizos sociais do municipio. O Grupo Municipal do PSdeG levou ao debate unha proposta para impulsar un Plan de Mobilidade municipal co obxectivo de analizar as necesidades reais de accesibilidade e circulación en todo o concello. A iniciativa busca detectar problemas e definir actuacións que melloren a seguridade viaria e a organización dos espazos públicos, especialmente para persoas maiores, familias e veciñanza con mobilidade reducida.

A portavoz socialista, Verónica Rodríguez, explicou que tamén presentaron diversos rogos relacionados co mantemento das beirarrúas e coa limpeza en zonas como Folgueiro, o casco urbano ou a Rúa do Porto, onde solicitaron medidas para reducir a velocidade do tráfico. Ademais, pediron melloras no acceso ao apeadoiro de FEVE en



Folgueiro mediante iluminación, máis prazas de estacionamento nas praias e a retirada de elementos considerados perigosos na Praia de Fomento.

Os socialistas interesáronse igualmente pola situación do Parque do Porto, as actuacións de saneamento pendentes, o estado da antiga fábrica do Cisne ou as fendas detectadas no porto do Vicedo. “Seguiremos levando ao pleno propostas e preguntas sobre os problemas reais da veciñanza”, asegurou Rodríguez.

Pola súa banda, o BNG centrou as súas propostas na seguridade

sanitaria e nos servizos sociais. A formación nacionalista reclamou a instalación de desfibriladores semiautomáticos nos locais sociais das parroquias e cursos de formación en reanimación cardiopulmonar para a veciñanza.

O portavoz nacionalista, Miguel Gómez Fraga, advertiu de que a dispersión xeográfica do municipio dificulta a resposta rápida ante emerxencias médicas. Ademais, o Bloque insistiu na necesidade de desbloquear a apertura do centro de día do Vicedo, unha infraestrutura rematada desde hai anos e que segue sen entrar en funcionamento.

### O Vicedo queda sen ofertas para xestionar o novo centro de día

O futuro centro de día do Vicedo segue sen atopar empresa xestora. A segunda licitación convocada polo Concello para poñer en funcionamento este servizo nas antigas instalacións da Casa do Mar volveu quedar deserta, repetindo o resultado da primeira convocatoria malia as melloras introducidas nas condicións do contrato.

Segundo explicou o Goberno local, varias empresas interesáronse polo proxecto e solicitaron información durante o proceso, pero ningunha chegou a presentar oferta dentro do prazo establecido. A situación xerou sorpresa no executivo municipal, tendo en conta que se trataba dun contrato cun investimento superior aos 1,2 millóns de euros e cunhas condicións económicas revisadas para favorecer a concorrència.

O proxecto contempla a creación dun centro para 35 usuarios, aínda que a actividade podería comezar inicialmente cunhas 20 prazas. O servizo está ofrecendo atención asistencial, apoio á conciliación e fomentará a autonomía das persoas maiores.

### Nova ludoteca de verán para facilitar a conciliación

O Concello vén de anunciar a apertura do prazo de inscrición para participar na ludoteca de verán, unha iniciativa pensada para favorecer a conciliación familiar durante os meses estivais e ofrecer actividades de lecer á rapazada do municipio.

As solicitudes poderán presentarse ata o 8 de xuño. O servizo desenvolverase entre o 22 de xuño e o 4 de setembro e estará destinado a nenos e nenas nados entre os anos 2010 e 2023, ambos incluídos.

Desde o goberno local explican que as persoas interesadas deberán acudir ás oficinas dos servizos sociais municipais, onde se lles facilitará a documentación necesaria para formalizar a inscrición. Entre os documentos requiridos figuran o DNI dos pais ou titores, a tarxeta sanitaria do menor, a declaración da renda e o certificado de empadroamento.

O Concello tamén indica que se



poderá presentar outra documentación complementaria nos casos que permitan obter maior puntuación no proceso, como situacións relacionadas con familias monoparentais ou vítimas de violencia de xénero.

Con esta proposta, o Vicedo busca ofrecer unha alternativa educativa e de ocio durante as vacacións escolares, ao tempo que facilita ás familias a organización diaria durante o período estival.

## O CEIP Península da Paz celebrará o seu 40 aniversario

O CEIP Península da Paz de Cervo celebrará o seu 40 aniversario cunha xornada especial o vindeiro 9 de xuño, ás 17:00 horas, nas instalacións do propio centro. A iniciativa pretende reunir a toda a comunidade educativa e a aquelas persoas que formaron parte da historia do colexio ao longo destas catro décadas.

A celebración converterase nun espazo de reencontro entre antigos e actuais alumnos, profesorado, familias e veciñanza, cun programa pensado para compartir recordos, recuperar anécdotas e render homenaxe

ao percorrido educativo do centro desde a súa creación.

Desde a organización destacan a importancia desta efeméride para recoñecer o papel que o CEIP Península da Paz desempeñou na vida social e formativa de Cervo, contribuíndo á educación de varias xeracións.

A xornada incluírá tamén diversas sorpresas e un momento de convivencia con pinchos e refrescos para os asistentes. O aniversario servirá para poñer en valor a evolución do centro e o vínculo creado entre a escola e a comunidade ao longo de 40 anos de historia compartida.

## O Museo do Mar acollerá un obradoiro de teatro

O Sacra Festival e a iniciativa Comunidade Museo impulsarán en xuño unha nova actividade cultural no Museo do Mar de San Cibrao. Trátase dun obradoiro de teatro para a comunidade que estará impartido por Alma García e que busca fomentar a participación cidadá a través das artes escénicas.

A actividade desenvolverase os días 20 e 21 de xuño, en horario de 16:00 a 19:00 horas, no propio museo, convertendo o espazo nun punto de encontro creativo aberto á veciñanza.

O obradoiro propón unha experiencia participativa na que as persoas asistentes poderán achegarse ao teatro desde unha perspectiva colectiva e inclusiva. Como peche da proposta, o martes 23 de xuño celebrarase unha mostra final entre as 11:00 e as 12:00 horas, na que se presentarán os resultados do traballo realizado durante as sesións. Esta iniciativa enmárcase na aposta por dinamizar o Museo do Mar como espazo cultural vivo e aberto á comunidade.

## Cervo acollerá a exposición “Arte e humor. O enxeño de Antonio Mingote”

Cervo será escenario dunha nova proposta cultural coa chegada da exposición “Arte e humor. O enxeño de Antonio Mingote”, unha iniciativa promovida por ABANCA e Afundación en colaboración co propio consistorio. A mostra instalarase na Sala de Exposicións da Casa da Cultura e poderá visitarse ata o 10 de xullo. A mostra reúne unha cuidada selección de debuxos, viñetas e reflexións visuais de Antonio Mingote, considerado unha das figuras máis destacadas do humor gráfico español. A súa obra caracterízase pola combinación de ironía, elegancia e crítica social, converténdose nun refe-

rente imprescindible dentro do xénero.

Esta iniciativa enmárcase no proxecto “Corrente cultural”, impulsado por ABANCA e Afundación co obxectivo de achegar a arte e a cultura a diferentes localidades galegas, promovendo o acceso da cidadanía a exposicións de calidade.

Desde o Concello de Cervo destacan a importancia de seguir dinamizando os espazos culturais do municipio, ofrecendo programacións variadas e accesibles que permitan achegar propostas artísticas de relevancia á veciñanza e contribuír á vida cultural local.

## Impulsan o voluntariado xuvenil con actividades culturais e sociais

En marcha unha nova edición do programa “Cervo a carón do voluntariado”, unha iniciativa dirixida a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos que busca fomentar a participación activa da xuventude na vida municipal durante o verán. Esta décima edición consolida un proxecto que xa se converteu nun referente das políticas de mocidade no municipio.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, presentou o programa no IES Marqués de Sargadelos, onde animou o alumnado de 4º da ESO e 1º de Bacharelato a participar nunha experiencia que cualificou de enriquecedora tanto a nivel persoal como colectivo. Durante o encontro, destacou a importancia de que a mocidade manteña un vínculo directo cos proxectos municipais nos que xa participou como usuaria, pasando agora a implicarse como voluntaria. Segundo explicou, o voluntariado permite adquirir responsabilidade, mellorar habilidades de traba-



llo en equipo e contribuír ao benestar da comunidade, ao tempo que favorece o acompañamento das xeracións máis novas nas actividades de verán.

As persoas participantes colaborarán en programas municipais e en actividades do tecido asociativo local, como Cervo Concilia, as Noites Alternativas ou a Biblioteca Municipal. Tamén se incorporan

como novidade actividades vinculadas á festa da Maruxaina e á representación da Queimada.

O programa desenvolverase durante todo o verán, cun máximo de 60 xornadas e seis horas por actividade, ofrecendo flexibilidade aos participantes. As inscricións poden realizarse na Casa da Cultura de Cervo, onde continúa aberto o prazo de participación.

## Novos equipamentos melloran a práctica deportiva no municipio

O Concello continúa a reforzar e modernizar as instalacións deportivas municipais con dúas novas actuacións que buscan mellorar as condicións de adestramento dos clubs locais e potenciar o deporte base no municipio.

Por unha banda, vén de completarse a instalación dun sistema de cubrición na zona de caída do salto de altura nas pistas de atletismo, unha actuación desenvolvida en colaboración co Club de Atletismo Maderas Barcia Cervo e financiada integramente con fondos municipais. A intervención consistiu na colocación dun armazón metálico dividido en dous módulos móbiles con rodas, que permite protexer a colchoneta fronte á choiva e ao sol, ao tempo que facilita a súa retirada durante os adestramentos ou competicións.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, e o concelleiro Alfredo Fernández visitaron as instalacións para comprobar o funcionamento deste novo equipamento durante unha sesión do club. A rexedora destacou que esta mellora contribúe a garantir unhas condicións máis seguras e duradeiras para o material deportivo, ao tempo que



responde ás necesidades reais das entidades do municipio. Tamén puxo en valor o bo momento do atletismo local e o traballo da caniteira.

Por outra banda, o Concello tamén instalou novos bancos móbiles no campo da Veiga, en San Cibrao, destinados ás categorías de base do CD San Ciprián. Esta actuación, financiada con recursos propios, permite adaptar con maior facilidade os espazos de xogo en partidos e adestramentos a medio campo, grazas a un sistema desprazable que mellora a funcionalidade das instalacións.

A alcaldesa visitou o campo coin-

cidindo cunha sesión dos equipos inferiores, acompañada polo presidente do club, Eduardo Rubal. García Caramés subliñou o compromiso municipal co deporte base, ao que definiu como unha ferramenta esencial de formación e transmisión de valores como o esforzo, o respecto e o compañeirismo.

Desde o goberno local destacan que estas intervencións forman parte dunha estratexia continuada de mellora das infraestruturas deportivas, co obxectivo de apoiar o labor dos clubs e favorecer a práctica deportiva en condicións óptimas en todo o municipio de Cervo.

## Cervo reforza o apoio ao deporte local cun novo convenio co CD San Ciprián



O Goberno local formalizou un novo convenio de colaboración co Club Deportivo San Ciprián, ao que concede unha subvención nominativa de 19.000 euros con cargo aos orzamentos municipais. Esta achega enmárcase na aposta do goberno local por apoiar o deporte base e fortalecer o traballo das entidades que promoven hábitos saudables e dinamizan a vida social do municipio.

O executivo destaca que se trata dunha relación estable e continuada no tempo, basea-

da na comunicación directa e na cooperación permanente entre ambas partes, o que permite coordinar actividades, organizar eventos e dar resposta ás necesidades do club.

O acordo tamén contribúe ao mantemento das instalacións deportivas e ao desenvolvemento das distintas disciplinas da entidade, favorecendo a participación da veciñanza. A sinatura celebrouse na Casa do Concello coa presenza da alcaldesa, Dolores García Caramés, e do presidente do club, Eduardo Rubal.

## Nova edición de “Actívate en Xuño” para fomentar o benestar físico e emocional

Presentouse a segunda edición do programa “Actívate en Xuño”, unha iniciativa aberta a toda a cidadanía que busca fomentar a práctica deportiva e promover hábitos de vida saudables entre persoas de todas as idades. A alcaldesa, Dolores García Caramés, deu a coñecer a programación acompañada polas monitoras Belinda Canoura e Nuria Torrado, destacando a boa acollida das escolas deportivas municipais para adultos, que reuniron preto de 200 participantes ao longo do curso.

A rexedora subliñou que estes datos reflicten o crecente interese da veciñanza pola actividade física e incidiu en que o Concello continuará impulsando propostas gratuítas, accesibles e adaptadas a distintos perfís para facilitar a participación. Nesta segunda edición, o programa amplía o número de sesións e horas respecto ao ano anterior co obxectivo de ofrecer máis flexibilidade horaria e favorecer a asistencia.

A programación desenvolverase durante todo o mes de xuño e incluírá sesións de ioga, pilates “Espalda Sa”

e corpo activo forza. As actividades repartiranse entre o Edificio Anexo do Concello, en Cervo, e a Casa do Mar, en San Cibrao.

O ioga celebrarase os luns e mércores en San Cibrao de 11.30 a 12.30 horas, os luns e mércores en Cervo de 18.00 a 19.00 horas, e tamén os martes e xoves en San Ciprián de 19.00 a 20.00 horas. Pola súa parte, o pilates “Espalda Sa” impartirase os luns en San Cibrao de 20.30 a 21.30 horas e os xoves en Cervo de 10.30 a 11.30 horas. O programa completase co corpo activo forza, que se desenvolverá os martes en Cervo de 10.30 a 11.30 horas e os mércores en San Cibrao de 20.30 a 21.30 horas.

Todas as actividades serán gratuítas e de acceso libre, sen necesidade de inscrición previa, permitindo a incorporación directa en cada sesión. Desde o Concello destacan que o obxectivo é consolidar o deporte como ferramenta de saúde física, benestar emocional e cohesión social, e animan á veciñanza a participar nesta iniciativa.

## lourenzá

## Lourenzá acollerá a sexta Feira do Cabalo o 25 de outubro

A VI Feira do Cabalo de Lourenzá celebrarase o próximo 25 de outubro organizada polo colectivo Cabaleiros de Lourenzá. O evento volverá reunir criadores, xinetes e afeccionados chegados de diferentes puntos da comarca e de Galicia, consolidándose como unha das citas ecuestres de referencia na zona.

A programación seguirá a liña das edicións anteriores, con protagonismo para a compravenda de gando equino e asnal, así como competicións e exhibicións de andadura en distintas categorías. A feira tamén incluírá concursos morfofuncionais de poldros da CMG e probas para categorías sub-16, dando espazo tanto a profesionais como a novos xinetes.

A xornada concluirá coa entrega de premios das diferentes competicións nun evento pensado para promover a tradición cabalar e dinamizar a actividade social e económica arredor do sector ecuestre.

## O BNG destaca o papel das familias e do voluntariado nas Escolas Deportivas

O BNG de Lourenzá puxo en valor o 30 aniversario das Escolas Deportivas do Concello de Lourenzá, destacando que o proxecto se converteu nun referente deportivo e social tanto na Mariña como noutras zonas de Galicia. A formación nacionalista considera que estas escolas transcenden o ámbito competitivo ao fomentar valores como o compañeirismo, a convivencia, o esforzo e o compromiso colectivo entre varias xeracións de mozos e mozas.

O BNG trasladou os seus parabéns a alumnado, adestradores, técnicos, directivos, patrocinadores e voluntariado, ademais de destacar o papel fundamental das familias para garantir a continuidade do proxecto ao longo destas tres décadas.

A portavoz municipal, Belén Fanego, sinalou que os éxitos das Escolas Deportivas son unha das mellores cartas de presentación do municipio, xunto coa Faba de Lourenzá.

Os nacionalistas consideran necesario incrementar o apoio económico ás Escolas Deportivas para afrontar novos retos relacionados coas infraestruturas, o material e os desprazamentos, polo que defenderán no pleno municipal un aumento da partida destinada ao deporte.

## O PP acusa ao Goberno local de manter paralizada a actividade plenaria durante medio ano

O Partido Popular de Lourenzá expresou a súa preocupación pola situación institucional do Concello de Lourenzá debido á falta de convocatorias plenarias nos últimos meses. Segundo denuncia o grupo municipal popular, a última sesión ordinaria da corporación celebrouse en novembro de 2025 e desde entón non se realizou ningún dos plenos previstos no calendario oficial.

O portavoz do PP, Roberto Díaz, lembra que as sesións ordinarias deberían celebrarse o terceiro xoves dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás 11.00 horas. Ao seu xuízo, o incumprimento deste calendario está a provocar unha situación de bloqueo político e administrativo no municipio.

Desde o grupo popular consideran que a ausencia de plenos impide o debate público e a aprobación de asuntos que dependen da corporación municipal, ademais de limitar a



capacidade de control da oposición. Roberto Díaz tamén reclamou explicacións sobre os motivos polos que non se convocaron as sesións de xaneiro, marzo e maio, defendendo que a veciñanza ten dereito a coñecer a situación actual do Concello. O PP solicita á alcaldesa que recupere a normalidade institucional e advirte de que estudará acudir a organismos superiores se o problema continúa.

## A Deputación impulsa novas infraestruturas e servizos



A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, e a alcaldesa de Concello de Lourenzá, Rocío López, visitaron diferentes actuacións impulsadas no municipio cun investimento provincial superior aos 326.000 euros. Durante a xornada tamén se anunciaron novos compromisos de colaboración para mellorar servizos e infraestruturas locais.

A visita incluíu o recinto feiral Ponte de Cuñas, onde a Deputación destinou 111.000 euros á rehabilitación dunha nave municipal que será convertida nun centro multiusos para actividades sociais, culturais e comunitarias. Ademais, Carmela López anunciou a intención de investir outros 150.000 euros

para acondicionar dúas naves máis no mesmo complexo.

No recinto tamén se supervisou o novo tractor adquirido para o Concello mediante unha achega de máis de 50.000 euros do Plan Deputación, destinado a labores de mantemento viario e limpeza. As responsables institucionais comprobaron igualmente as melloras nun tramo da antiga N-634 entre Arroxo e o casco urbano, cun investimento próximo aos 165.000 euros, así como actuacións do Parque Móvil provincial en pistas forestais e estradas municipais.

A xornada rematou no barrio do Pedrón, onde está prevista a renovación do pavimento das vivendas sociais cun investimento superior aos 50.000 euros.

## A Chocolateira prepara a súa IX Foliada con música, cultura e actividades

A Asociación Musical A Chocolateira prepara a celebración da IX Foliada, que terá lugar os días 13 e 14 de xuño e que volverá converterse nun espazo de encontro arredor da música tradicional, a cultura popular e a convivencia veciñal. A entidade xa avanzou a organización do evento, aínda pendente de presentar o programa completo, no que se incluírán múltiples propostas para todos os públicos.

A foliada consolídase como unha das citas máis destacadas do calendario cultural, cun formato que combina tradición e creatividade. Durante as dúas xornadas haberá concertos en directo e un mercado con presenza de artesanía e produtos diversos.

A programación complétase con actividades de lecer e participación, como xogos, obradoiros e outras iniciativas pensadas para fomentar a implicación do público. Tamén se inclúen propostas



culturais como a proxección dun documental e espectáculos de circo, ampliando así a variedade da oferta.

Un dos momentos centrais será a foliada aberta, que permitirá a participación libre de músicos e afeccionados, mantendo a esencia destas reunións baseadas no encontro e na improvisación musical.

## O CEIP recibe un premio por reivindicar o valor do rural e da memoria mineira

O CEIP Plurilingüe A Pontenova foi recoñecido no cuarto concurso audiovisual Anpas Galegas Somos Rural polo proxecto "Fíos de ferro, fíos de vida", unha iniciativa coa que o centro puxo en valor a identidade rural e a memoria mineira do municipio. O premio inclúe unha achega de 500 euros destinada a actividades extraescolares vinculadas á cultura, ao patrimonio e á historia local.

O traballo naceu coa intención de combater a visión negativa que ás veces existe sobre o rural e reivindicar que lugares como A Pontenova están cheos de vida, historia e oportunidades. A proposta centrouse na conexión entre o pasado industrial da localidade e a realidade actual da súa veciñanza, utilizando como símbolo os "fíos de ferro", ligados ás minas e ao antigo tren do mineral, e os "fíos de vida", representados pola natureza, o río Eo, as tradicións e as persoas que habitan o territorio.

O proxecto incluíu un vídeo de menos de tres minutos con narracións en primeira persoa, escenas do patrimonio mineiro e imaxes da contorna natural, ademais dunha colección fotográfica sobre as paisaxes e os espazos máis representativos do concello. Tamén destacou a creación



dun cartel colectivo cunha árbore elaborada coas pegadas dactilares de todo o alumnado, simbolizando a participación de cada neno e nena na construción do futuro do rural.

A iniciativa desenvolveuse de maneira participativa, implicando ao alumnado en todas as fases do proceso creativo. Entre as actividades realizadas sobresa unha visita guiada á mina Consuelo, onde os estudantes coñeceron de preto o pasado mineiro da Pontenova.

O proxecto estivo coordinado pola ANPA do centro, presidida por María Luísa Lombardero Fernández, coa participación de alumnado de Infantil e Primaria.

# Carro Tarabelo, novo colectivo cultural e patrimonial da vila

O novo proxecto pontenovés aposta pola recuperación da historia, os oficios e a identidade local a través de actividades abertas á veciñanza

Por Ana Somoza.

A Pontenova suma desde o pasado 9 de maio un novo colectivo ao amplo tecido asociativo do municipio. Trátase da Asociación Carro Tarabelo, unha entidade cultural e patrimonial que nace coa intención de divulgar, protexer e poñer en valor a riqueza histórica, etnográfica, natural e humana do concello. Detrás desta iniciativa atópase un grupo de persoas que decidiu converter en proxecto colectivo unha inquietude compartida desde hai tempo: a necesidade de recuperar historias, espazos, tradicións e coñecementos que forman parte da identidade da Pontenova e que, segundo consideran, merecen unha maior atención e difusión. A entidade constituíuse oficialmente cunha directiva encabezada por Carlos Bermúdez como presidente. A vicepresidencia recae en Eva María Navia Lombardero, mentres que Juan Carlos Pardo Álvarez asume a secretaría e María José Fernández López a tesourería. A xunta complétase con Manuel Alonso López e Catalina Lombardero Cancelos como vogais. Todos eles forman parte dun proxecto que, segundo explican, nace “dende o corazón” e cunha profunda carga emocional vinculada ao territorio.

**ORIXE.** A creación de Carro Tarabelo xurdiu, tal e como explican os seus impulsores, dunha conversación entre amigas que compartían a sensación de que existían iniciativas culturais e patrimoniais que aínda non estaban sendo desenvolvidas na Pontenova. “A idea de crear Carro Tarabelo xorde porque a un grupo de amigos nos apetecía levar a cabo iniciativas novas que tiñamos en mente e que non se estaban levando a cabo por ningunha das numerosas asociacións coas que contamos na Pontenova”, sinalan.

A elección do nome tamén agocha unha pequena historia ligada á memoria familiar e á cultura popular. Nun primeiro momento, a asociación ía chamarse doutra maneira, pero a proposta inicial non acabou de convencer á maioría da directiva. A partir dese momento comezou unha procura colectiva doutro nome que representase mellor o espírito do proxecto.

Finalmente, o secretario da entidade propuxo “Carro Tarabelo”, unha expresión que escoitara na infancia ao seu avó materno. Segundo relatan, o termo facía referencia a un triciclo

artesanal de madeira construído a semellanza dun pequeno carro tradicional. “O nome foi proposto polo secretario da asociación. Escoitoullo por primeira vez a seu avó materno cando lles arranxou un triciclo que tiña a dirección e a roda dianteira orixinais rotas e as substituíu por pezas feitas de madeira maciza”, explican desde a entidade.

A denominación acabou convencendo porque conecta precisamente coa filosofía da asociación: recuperar a memoria popular, reivindicar os elementos da cultura tradicional e crear vínculos entre xeracións.

**FILOSOFÍA.** Os responsables de Carro Tarabelo teñen claro que a asociación non nace só para organizar actividades puntuais, senón para



construír un proxecto de longo percorrido arredor da identidade local. “A asociación nace coa filosofía de poñer en valor o patrimonio histórico, cultural, etnográfico, inmaterial e humano vinculada á Pontenova”, destacan.

Nese sentido, consideran fundamental divulgar o pasado para comprender mellor o presente. “É algo moi importante para poder entender o que somos na actualidade”, afirman ao falar da necesidade de conservar e transmitir o patrimonio local.

A curto prazo, a entidade pretende centrarse especialmente na organización de rutas interpretativas guiadas, conferencias, charlas, obradoiros e xornadas formativas relacionadas coa historia, a paisaxe, a xeoloxía ou a etnografía do municipio. A intención é crear actividades

acesibles para todo tipo de públicos e fomentar unha mirada máis profunda sobre o territorio.

Pero a visión da asociación vai máis aló do inmediato. Entre os seus obxectivos de futuro figura tamén a creación dun arquivo documental e audiovisual sobre a historia e o patrimonio da Pontenova. “A longo prazo, a idea é recompilar e crear un arquivo documental, fotográfico e audiovisual sobre as temáticas mencionadas”, explican.

Desde a entidade consideran que nunca se chega a coñecer completamente toda a riqueza cultural dun territorio. “Nunca se chega a coñecer de todo. A idea é que a asociación sirva de ferramenta para coñecer e divulgar”, sosteñen.



oral ten un enorme valor cultural e representa unha parte esencial da identidade colectiva do municipio.

A asociación entende que moitas destas historias corren o risco de desaparecer se non se recollen e transmiten. Por iso, a recuperación do patrimonio inmaterial ocupará un papel central dentro da programación futura.

“Buscamos tamén recuperar oficios, historias ou costumes que co paso do tempo foron desaparecendo”, explican, insistindo en que esa tarefa forma parte da conservación da memoria colectiva.

**“As rutas interpretativas serán unha maneira de achegar á xente o patrimonio natural, relixioso e inmaterial dun xeito didáctico e participativo”**

**ACTIVIDADES.** Ademais das rutas, Carro Tarabelo xa ten previstas varias iniciativas para os próximos meses. Unha das primeiras será a presentación do libro *El ferrocarril de Villadrid a Ribadeo*, escrito por José Antonio Gómez Martínez e estreitamente vinculado ás orixes industriais e históricas da Pontenova.

Tamén preparan unha conferencia arredor das coñecidas como “Carolas” ou “Canouras”, as mulleres que viaxaban á costa durante o mes de setembro para recibir os tradicionais baños de mar.

A programación incluírá ademais cursos de diferentes disciplinas, desde costura ata cerámica, así como propostas orientadas ao público infantil. “Un aspecto que tamén imos coidar con especial interese son as actividades enfocadas para os máis cativos”, indican.

Os obradoiros tradicionais ocuparán tamén un lugar importante dentro

da actividade da entidade, aínda que os responsables da asociación explican que non serán unha iniciativa illada, senón unha parte máis dunha programación ampla e diversa.

Outro dos aspectos nos que queren incidir é na colaboración con outros colectivos e entidades da comarca. “Dende un principio consideramos necesario este traballo de colaboración con outros colectivos públicos e privados”, sinalan, lembrando que esa filosofía aparece recollida incluso nos estatutos da asociación.

**MEMORIA.** A preservación da memoria histórica e da identidade local constitúe un dos piares fundamentais de Carro Tarabelo. Os seus integrantes consideran que moitos elementos do patrimonio da Pontenova permanecen pouco coñecidos ou insuficientemente valorados.

Entre os exemplos que mencionan destaca a antiga sede da Irmandade Labrega de Conforto, un edificio que consideran especialmente relevante desde o punto de vista histórico e simbólico. “Hai un edificio en Conforto, a antiga sede da Irmandade Labrega, que consideramos que se debería rehabilitar e reivindicar a importancia histórica que tivo este sindicato de labregos”, explican.

A asociación tamén reflexiona sobre o interese actual da mocidade pola cultura tradicional e pola historia local. Segundo sinalan, o nivel de implicación é desigual, pero consideran esencial atopar novas formas de achegar esa realidade ás xeracións máis novas.

“O interese é variable. Trataremos de facer chegar a mensaxe da importancia do asociacionismo empregando a linguaxe particular da mocidade”, afirman.

Para conseguir ese relevo xeracional, consideran fundamental o papel das familias. “A sucesión xeracional, na que o interese pola nosa cultura e a nosa historia vai pasando de pais e nais a fillos e fillas, é fundamental”, sosteñen.

**Podes ler a reportaxe completa en:**  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

## alfoz

## As festas de San Pedro de Mor volverán reunir gastronomía e música

A parroquia de Mor, en Alfoz, celebrará os días 27 e 28 de xuño unha nova edición das festas de San Pedro, cun programa que combinará gastronomía, música e tradición relixiosa.

Os festexos arrancarán o sábado cunha paella popular organizada pola Asociación Veciñal de Mor, prevista nun recinto cuberto con carpa e pensada como punto de encontro para veciños e visitantes. Pola noite celebrárase unha verbena coa actuación de Tania Veiras e do grupo Los Cumbia Pop, ademais dunha sesión musical a cargo do DJ Breobeats.

O domingo terá lugar a misa solemne en honra a San Pedro, un dos actos centrais da programación e unha das tradicións máis arraigadas da parroquia. A continuación desenvolverase a sesión vermú, amenizada polo dúo Xilo e Carlos.

Desde a organización destacan o esforzo por manter viva unha celebración que continúa sendo un dos principais momentos de convivencia do calendario local e que cada ano reúne a numeroso público da comarca.

## O Concello aposta pola mellora das comunicacións rurais



O Concello quiere continuar avanzando na mellora da rede viaria municipal cun amplo proxecto que permitirá actuar en numerosos camiños e accesos repartidos por distintas parroquias. A iniciativa contará cun investimento total de 497.816 euros, financiados a través do Plan de Cooperación cos concellos da Deputación e dun convenio coa institución provincial. Os traballos dividiránse en tres lotes diferenciados e incluírán actuacións de pavimentación e acondicionamento en máis de trinta puntos do municipio co obxectivo de mellorar as comunicacións e facilitar os desprazamentos da veciñanza.

O primeiro lote actuará en vías das parroquias de Adelán, Carballido,

O Castro, Lagoa e Mor, cun investimento superior aos 93.000 euros. As melloras chegarán a lugares como Castelo de Castrodouro, Gorvidal, Beloi, Machuco, A Rega ou Vilaúde.

O segundo lote será o de maior contía económica, con máis de 233.000 euros destinados a dezaseis actuacións en camiños e accesos municipais, incluíndo zonas como o circuito de motocross, Insua Nova, A Ageira, O Liñar ou o vial entre Ferradás e Faián.

No terceiro lote investiránse máis de 171.000 euros en actuacións repartidas entre Adelán, Bacoí, Lagoa, O Pereiro e Mor, con melloras previstas en lugares como A Caxigueira, Camariña, Correlos ou A Pinguela.

## o valadouro

## O Moto Club Val do Ouro prepara a segunda edición da concentración Old School

O Valadouro converterase este verán nun punto de encontro para os amantes das motos clásicas coa celebración da segunda edición da xuntanza Old School, organizada polo Moto Club Val do Ouro. O evento terá lugar o 18 de xullo no polideportivo municipal de Ferreira e reunirá vehículos de máis de 25 anos de antigüidade nunha xornada dedicada á paixón polo motor e á cultura motociclista máis tradicional.

A organización limitou a participación a medio cento de motos, co obxectivo de manter un formato próximo e favorecer a convivencia entre participantes chegados de diferentes puntos de Galicia e doutros territorios próximos.

A programación arrancará ás 10.30 horas coa apertura das inscricións e a recepción dos asistentes no recinto deportivo. Media hora máis tarde dará comezo a saída oficial da ruta Old School, unha das actividades centrais do encontro, que permitirá aos participantes percorrer distintos pun-

tos da contorna ao volante das súas motocicletas clásicas.

Xa durante o mediodía desenvolverase unha exposición das motos participantes, ofrecendo ao público a oportunidade de contemplar modelos históricos e vehículos restaurados que conservan a estética e esencia das décadas pasadas. A xornada continuará cunha comida de confraternidade e coa entrega de trofeos, prevista para primeira hora da tarde.

Entre os premios anunciados pola organización destacan os recoñecementos á moto máis antiga, á motocicleta con maior estética Old School e tamén ao participante chegado desde máis lonxe, buscando así poñer en valor tanto a conservación destas máquinas como o esforzo dos asistentes por participar no encontro.

A organización manterá aberto o prazo de inscrición ata o 15 de xullo e anima aos interesados a reservar praza con antelación debido ao límite establecido de participantes.

## riotorto

## Cultura e Concello de Riotorto coordinan propostas para o Xacobeo 2027

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, mantivo unha reunión co alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, para abordar diferentes asuntos relacionados co seu departamento.

No encontro analizáronse vías de colaboración para mellorar as infraestruturas culturais do municipio, co obxectivo de que estean preparadas para a programación de verán e tamén de cara ao Xacobeo 2027, tendo en conta a proximidade de Riotorto ao Camiño do Norte.

Así mesmo, trataron accións de dinamización cultural da lingua, apoio á mocidade e posta en valor do patrimonio local. O conselleiro tamén abordou a recente reforma da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, que busca axilizar os trámites administrativos e reducir os tempos de resposta para cidadáns e institucións.

## Abre o prazo para solicitar o alugueiro das vivendas sociais

O Concello de Riotorto abriu o prazo de solicitude para participar no proceso de adjudicación de vivendas municipais en réxime de alugueiro social situadas no Pontigo, unha iniciativa destinada a facilitar o acceso á vivenda a persoas e familias con recursos limitados. Segundo recolle o bando asinado polo alcalde, Clemente Iglesias González, as bases reguladoras foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 16 de maio de 2026. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, polo que permanecerá aberto ata o 18 de xuño de 2026.

Entre os requisitos establecidos figura contar con ingresos comprendidos entre unha e dúas veces e media o IPREM do ano 2026, así como formar parte dunha unidade de convivencia de entre tres e catro membros, adaptada ás características das vivendas. Poderán

optar persoas maiores de idade ou menores emancipadas, con nacionalidade española ou residencia legal en España.

Outro dos criterios esixe que ningún membro da unidade familiar sexa propietario doutra vivenda en todo o territorio nacional, salvo excepcións recollidas nas bases por situacións de vivenda inadecuada. Ademais, será imprescindible estar inscrito no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia ou ter presentada a solicitude dentro do prazo establecido. As persoas interesadas deberán estar ao corrente das obrigas fiscais co Concello e non manter débedas pendentes coa administración municipal. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral ou a través da sede electrónica. O Concello ofrece máis información nas oficinas municipais e nas bases publicadas no BOP de Lugo.

## O PP reclama o amaño dos tramos antigos de dúas estradas



O Grupo Provincial Popular levou ao Pleno da Deputación unha proposta para reclamar o arranxo de varios tramos de estradas provinciais en Riotorto, concretamente da LU-P-2801 e da LU-P-5501, que dan acceso a diferentes núcleos rurais e vivendas do municipio.

Segundo explican os populares, o tramo de case catro quilómetros da antiga LU-P-2801 ao seu paso por Mundín, Aldreu e Vale presenta un notable deterioro, con firme moi danado, o que provoca molestias e queixas constantes entre a veciñanza. Aseguran que tanto o Concello

como a asociación veciñal de Vale remitiron xa hai meses solicitudes á Deputación para que se acometan actuacións de mellora, sen obter resposta. Criticaron o "abandono" das vías provinciais por parte do Goberno de PSOE e BNG e reclamaron tamén intervencións no tramo de 2,6 quilómetros da LU-P-5501 en Ferreravella.

Os populares comparan esta situación co bo estado das estradas de titularidade municipal e insisten en que o mal mantemento das infraestruturas provinciais afecta directamente á mobilidade diaria de veciños, autónomos e empresas.

## Trabada executa un plan integral de melloras en infraestruturas

O Concello continúa avanzando no seu plan de mellora das infraestruturas municipais coa posta en marcha de varias actuacións repartidas por distintas parroquias, centradas tanto na renovación de estradas como na modernización de servizos básicos e na recuperación de instalacións deportivas.

Por unha banda, o goberno local vén de anunciar unha primeira fase de obras na parroquia de Sante, destinada a mellorar os accesos ao núcleo da igrexa. A intervención suporá un investimento superior aos 44.000 euros e afectará a tres tramos viarios de uso habitual pola veciñanza: o que conecta o Teleclub co cruce da panadería, o que une Penaquente co Prado e o que vai da igrexa ao Rego de Louro. Os traballos incluírán limpeza de cunetas, renovación do firme con aglomerado en quente, pintado e nova sinalización vertical.

Nesta mesma liña de mellora viaria, o Concello tamén actuará na estrada que enlaza a N-640 co núcleo de Margaride, en Vilarbetote, cun investimento de máis



de 68.000 euros ao abeiro do Plan de Cooperación da Deputación. A intervención contempla a renovación integral do pavimento, mellora da drenaxe, sinalización e reforzo da seguridade viaria.

Ademais, Trabada continúa coa modernización da rede de iluminación pública en numerosos núcleos do municipio, cun orzamento próximo aos 30.000 euros. Substituiranse luminarias por sistemas máis eficientes enerxeticamente en localidades como Orrea, A Trapa, San Esteban ou Vilaperdice, entre outras.

Por outra banda, o Concello avanza

tamén na recuperación dos vestiarios do pavillón municipal, afectados polo incendio de xaneiro. A primeira fase da obra, cun investimento superior aos 50.000 euros, centrarase na substitución da cuberta e na reparación da estrutura danada.

O alcalde destacou que todas estas actuacións responden a unha estratexia continuada para mellorar a rede de servizos e infraestruturas do municipio, co obxectivo de garantir máis seguridade e mellores condicións de uso para a veciñanza.

## O Teleclub de Sante reabre como novo espazo veciñal



A parroquia de Sante conta xa cun renovado Teleclub tras a finalización das obras de reforma levadas a cabo durante o primeiro trimestre de 2026, unha actuación coa que se busca modernizar este espazo de referencia social e adaptalo ás necesidades actuais da veciñanza.

Os traballos supuxeron un investimento superior aos 50.000 euros e foron posibles grazas a un convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación. A intervención permitiu mellorar e acondicionar unhas instalacións que desempeñan un papel fundamental como punto de encontro comunitario na

parroquia. As obras centráronse na renovación dos espazos interiores e na mellora das condicións de uso do edificio, co obxectivo de facer do Teleclub un lugar máis funcional, cómodo e versátil. Deste xeito, a infraestrutura queda preparada para acoller actividades sociais, reunións veciñais e iniciativas culturais impulsadas tanto polo tecido asociativo como pola propia cidadanía.

Desde a Asociación de Veciños destacan que esta reforma responde á necesidade de contar cun espazo en mellores condicións para o desenvolvemento da vida comunitaria.

## O PP acusa de “abandono” e reclama melloras en mantemento e conectividade



O grupo municipal do Partido Popular de Trabada denunciou a falta dun plan de mantemento das infraestruturas e espazos públicos do municipio, asegurando que aínda non se realizaron actuacións básicas de desbroce a estas alturas do ano. Segundo os populares, a vexetación nas estradas reduce a visibilidade e pode comprometer a seguridade viaria, ademais de contribuír ao deterioro da imaxe xeral do concello. Critican tamén que as súas reclamacións sexan consideradas “politización” polo goberno local, defendendo que responden ás demandas da veciñanza e non a

intereses partidistas.

O PP reclama a posta en marcha dun calendario de limpeza estable, con intervencións periódicas antes do verán para evitar a acumulación de maleza.

Por outra banda, a formación denuncia a falta de previsión para a chegada da fibra óptica ás parroquias de Valboa e Ría de Abres, que, segundo resposta do Senado, quedarían fóra dos plans actuais do Goberno central. Os populares cualifican esta situación de “agravio” e critican a falta de xestión municipal para reclamar melloras en conectividade.

## A Asociación O Picato renova a súa directiva para continuar impulsando a vida cultural

A Asociación Cultural O Picato de Trabada vén de renovar a súa xunta directiva coa intención de seguir fortalecendo a programación cultural e social que desenvolve na localidade ao longo do ano. A entidade, moi activa na dinamización da vida veciñal do municipio, continuará apostando por iniciativas destinadas a públicos de todas as idades.

A nova directiva estará presidida por José María Fernández Vázquez, acompañado na vicepresidencia por Alejandro Jartín Pacio. Ana Amor Ramallal asumirá as funcións de secretaria, mentres que Mercedes Rey Iglesias ocupará o cargo de tesoureira.

Completan o equipo directivo como vogais Hugo Varas, Servanda Yanes Cancio, María Soledad González Reigosa, Anastasia Quintana Fernández, Javito Villagarcía Río, Cristina Ledo Rey e Rosa Gómez Fernández.

Dende a asociación sinalan que o obxectivo principal seguirá sendo promover actividades que fomenten a participación veciñal



e contribúan a manter viva a actividade cultural en Trabada. Ao longo dos últimos anos, O Picato consolidouse como unha das entidades máis dinámicas do municipio grazas á organización de numerosas propostas festivas e culturais.

Entre as iniciativas que promove destacan o concurso de decoración de Nadal, as celebracións do Entroido, sesións de contacontos, o certame organizado con motivo do Día das Letras Galegas ou a Festa da Primavera, ademais doutras actividades orientadas á convivencia e á participación social. A asociación afronta esta nova etapa coa intención de continuar ampliando a súa programación e reforzando o vínculo coa veciñanza.

## Afeccionados ás dúas rodas daranse cita os días 19, 20 e 21 de xuño na vila

Trabada volverá acoller unha nova edición da súa concentración moterira os días 19, 20 e 21 de xuño, unha proposta impulsada polo Motoclub A Cadeira que nace coa intención de consolidarse como unha das citas destacadas para os afeccionados ás dúas rodas na contorna.

Tras a boa acollida da primeira edición, a organización aposta por repetir a experiencia cun formato que combina motor, lecer e convivencia, ofrecendo un espazo no que tanto participantes como visitantes poidan compartir a súa afección nun ambiente distendido e festivo.

A programación, aínda en proceso de definición, manterá unha liña similar á doutros encontros deste tipo, con diferentes actividades ao longo da fin de semana pensadas para dinamizar o municipio e atraer público de distintos puntos. O obxectivo é crear unha cita accesible, na que o protagonismo recaia tanto nas motos como na interacción entre as persoas asistentes.

Desde o club destacan que o evento busca contribuír á dinamización social e económica da zona, convertendo Trabada nun punto de encontro.

# A memoria viva de Mauro Leivas toma forma nunha asociación

**A entidade, creada poucos meses despois do falecemento do artista mindoniense, busca preservar a súa obra e activar novas iniciativas culturais**

Por Ana Somoza.

Poucos meses despois do falecemento de Mauro Leivas, un grupo de amizades e persoas próximas ao artista decidiu que a súa obra, o seu pensamento e a súa maneira de vivir a cultura non podían quedar dispersos entre lembranzas privadas ou proxectos inacabados. Daquela reflexión naceu a Asociación Mauro Leivas, unha entidade creada en Mondoñedo coa intención de conservar, estudar e divulgar o legado dun creador que deixou unha profunda pegada tanto no ámbito artístico como humano.

Detrás da iniciativa atópanse Pepa Carballeira, tesoureira; Pedro Leivas, vogal; Mariam Ferreira, vicepresidenta; e Chus Ruiz, secretario. Todos eles compartiron con Mauro anos de amizade, colaboración e inquietudes culturais, algo que marcou profundamente o espírito co que se puxo en marcha o proxecto. Explican que a creación da asociación foi case unha necesidade inevitable diante da dimensión do material e das ideas que deixou o artista. “Vimos que a necesidade de atender todo o legado da obra non era unha cuestión que se puidera facer sen ter algunha estrutura que permitise a colaboración e certo grao de investimento”, sinalan.

**MEMORIA.** A entidade nace non só para custodiar unha obra artística, senón tamén para preservar unha determinada forma de entender o mundo. Os integrantes da asociación falan constantemente de coherencia, compromiso e mirada colectiva cando se refiren a Mauro Leivas. “Detrás da súa obra hai unha forma de entender e mirar o mundo que compartimos”, explican. Para eles, continuar o traballo arredor da súa figura converteuse nun deber emocional e cultural. “Todas as persoas que estivemos argallando na creación da asociación fomos amigos de Mauro, construír isto é o menos que podemos facer”.

Ese compoñente afectivo está moi presente no día a día da asociación. Organizar a obra de Mauro implica tamén revivir procesos, revisar materiais e reencontrarse constantemente coa súa ausencia. “Emocionalmente non é fácil”, recoñecen. O traballo apenas acaba de comezar e saben que será longo. Hai pinturas, documentación, proxectos, appuntamenti e materiais de moi distinta

natureza que precisan ser clasificadas e estudadas con calma.

**OBRA.** A enorme versatilidade artística de Mauro Leivas é precisamente un dos maiores retos aos que se enfronta agora a asociación. O artista moveuse con naturalidade entre distintas técnicas, soportes e linguaxes creativos, algo que fai máis complexa a tarefa de organizar o seu legado. Por iso, os responsables da entidade consideran prema-

traer á Mariña este mesmo ano a exposición “Ukiyo-e: de paxaros e sacabeiras”, presentada anteriormente no Museo Provincial de Lugo. Será unha das primeiras oportunidades para volver achegar ao público unha parte da derradeira produción artística de Mauro.

Os integrantes da asociación consideran que a súa obra non recibiu o recoñecemento que merecía. “En xeral a súa obra non tivo o recoñecemento que pensamos merece”,

**“Queremos que a arte contemporánea chegue a máis xente e saia dos círculos habituais”**

**“Cada persoa mira unha obra de maneira distinta; a arte tamén se crea nos ollos de quen observa”**



turo establecer unha programación pechada de actividades ou exposicións. “Primeiro temos que ordenar o seu traballo”, explican. “Cando teñamos ese traballo feito, que vai levar tempo, poderemos pensar na forma de trasladar o que obteñamos en accións para que as poña en marcha a asociación”.

A pesar desa prudencia inicial, xa existen algúns proxectos concretos en marcha. A asociación pretende

afirman. Entre os aspectos menos coñecidos destacan “a súa capacidade de aprendizaxe de novas técnicas, o uso de distintos materiais e as múltiples lecturas que se poden atopar en moita da súa obra froito dun proceso minucioso de documentación”.

**INCLUSIÓN.** A filosofía coa que Mauro Leivas entendía a arte é outro dos piares fundamentais da aso-



ciación. A entidade pretende manter vivo ese pensamento baseado na inclusión, na accesibilidade e no valor colectivo da cultura. “Tentaremos que todo o que fagamos sexa inclusivo e coherente co pensamento de Mauro Leivas”, explican.

Ese compromiso tradúcese en cuestións prácticas e tamén simbólicas. O uso dunha linguaxe inclusiva, a participación aberta ou a transparencia son algunhas das ideas que a asociación considera fundamentais no seu funcionamento diario. Pero tamén hai unha vontade clara de afastarse dunha visión elitista da arte.

“O comentario de Mauro ía sobre todo polos que seguen a pensar que hai arte e artesanía, que o prezo é o mesmo que o valor ou que a posesión privada é máis importante que a pública”, sinalan. Os responsables da entidade consideran que esa reflexión segue plenamente vixente na actualidade. “A cultura e a arte teñen unha función social, forman parte da capacidade de cohesión social e dunha mellor comprensión do mundo”.

**TERRITORIO.** A defensa do territorio, o ecoloxismo e a identidade cultural galega tamén forman parte da esencia da asociación. Aínda que admiten que moitas das iniciativas futuras están aínda en proceso de definición, xa existen pequenos xestos que marcan unha dirección clara.

Un deles é a aposta decidida polo uso do galego como lingua de comunicación habitual da entidade. Outro é o detalle simbólico que reciben as persoas socias: a imaxe dun abellón acompañada dunha explicación divulgativa na páxina web da asociación baixo o lema “zumba o abellón”.

“Pouco a pouco iremos activando iniciativas”, explican. A intención é construír un proxecto conectado co territorio, coa comunidade e coa maneira na que Mauro entendía a relación entre cultura e sociedade. Por iso tamén insisten na importancia da colaboración con outras entidades culturais e sociais. “Nas liñas básicas do pensamento de Mauro

Leivas están as ideas de colaboración e coherencia”.

**CULTURA.** A asociación tamén quere converterse nun axente activo dentro da vida cultural galega, especialmente no ámbito das artes plásticas. Os seus responsables consideran que a arte contemporánea segue moi ligada aos circuitos institucionais e demasiado afastada do público xeral.

“Pensamos que habería que buscar algunha forma de que a arte contemporánea tivese máis presenza fóra dos círculos habituais”, afirman. O obxectivo non é alcanzar unha posición determinada dentro do panorama cultural galego, senón contribuir a ampliar os espazos de encontro entre a arte e a sociedade. Nesa idea cobra especial importancia o contacto das novas xeracións coa obra de Mauro Leivas. “Interésanos moito que a súa obra sexa vista polos nenos e nenas”. Consideran que a experiencia artística non require formación previa nin coñecementos especializados. “A arte faise tamén cos ollos do que mira”.

**FUTURO.** En Mondoñedo, o nacemento da asociación é visto polos seus impulsores como unha oportunidade para seguir dinamizando a vida cultural da cidade. “Esperemos que sexamos capaces de axudar a activar a cultura en Mondoñedo”, sinalan.

Mentres avanza o complexo proceso de recompilar e catalogar o legado de Mauro Leivas, os responsables da entidade teñen claro cal é a principal invitación que queren lanzar á sociedade. Piden curiosidade. Piden tempo para mirar. Piden achegarse á arte sen medo nin prexuízos.

“Simplemente que estean atentos, porque este verán van ter a oportunidade de ver a súa derradeira produción na Mariña”, explican. E lembran unha idea que consideran esencial para comprender tanto a obra como a filosofía de Mauro Leivas: “A arte hai que achegarse para vela; no acto de ver é cando se pode producir o coñecemento e a emoción”.

## mondoñedo

## O BNG de Mondoñedo reclama solucións urxentes aos problemas de abastecemento

O grupo municipal do BNG en Mondoñedo levará ao próximo pleno varias preguntas e rogos para reclamar solucións urxentes aos problemas detectados no abastecemento de auga potable nos barrios de Monfadal e Maariz. Os nacionalistas alertan de que a situación actual pode supoñer un risco para a saúde da veciñanza ao non existir, segundo indican, garantías suficientes sobre a calidade da auga que chega ás vivendas. Segundo o BNG, a auga procedente das traídas municipais destas zonas non conta cun tratamento axeitado de potabilización nin desinfección. Ademais, denuncian o mal estado dos depósitos, con deficiencias estruturais, sucidade e falta de medidas de protección fronte a posibles contaminacións externas.

O voceiro do grupo, Eloi Cabanas, cualificou a situación de "inaceptable" e reclamou unha actuación inmediata do Concello en coordinación coa empresa concesionaria do servizo. Criticou tamén a falta de resposta ás demandas veciñais e advertiu de que se están a producir promesas de investimento sen execución real.



No caso do Monfadal e A Fonte, o BNG sinala que o depósito principal non está operativo, ao substituírse por un tanque plástico sen sistemas de blindaxe nin potabilización. En Maariz, denuncian deterioro estrutural e incapacidade de almacenamento suficiente, ademais da ausencia de tratamento sanitario.

O grupo nacionalista pedirá no pleno a revisión integral do sistema e mesmo a suspensión do cobro da taxa de auga mentres non se resolvan as deficiencias detectadas.

## O legado de Álvaro Cunqueiro centra un novo encontro cultural este mes de xuño

Mondoñedo acollerá os días 27 e 28 de xuño o IV Encontro Álvaro Cunqueiro "Camiño ao Norte", unha cita xa consolidada dentro da programación da Universidade de Verán 2026 da USC, que volverá situar a cidade como referente cultural e literario en Galicia.

O evento celebrarase no Pazo de Santomé e reunirá especialistas, investigadores e figuras do ámbito académico e cultural arredor da obra e do legado de Álvaro Cunqueiro, así como da súa relación con distintos espazos e símbolos da identidade galega. Entre os temas abordados destacan Mondoñedo, A Mariña, Vigo, Lugo, a Bretaña ou o Camiño de Santiago.

O programa inclúe conferencias, mesas redondas, presentacións e actividades paralelas. A apertura correrá a cargo de Isabel Morán, cunha intervención sobre a vinculación de

Cunqueiro con Mondoñedo. Ao longo das xornadas participarán tamén nomes como Carlos Nuevo Cal, Martín Vizoso, Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Lois Celeiro ou Xosé Antonio López Silva, entre outros.

Entre as actividades complementarias destaca un roteiro literario polas rúas da cidade guiado por Abel Vigo, ademais da presentación do libro "O Quixote na obra de Álvaro Cunqueiro", impulsado pola Casa-Museo do autor e a Sociedade Interuniversitaria de Filosofía de Galicia.

A programación completarase cun concerto de Francisco Castro e cun acto institucional de clausura coa participación da USC, o Concello e a familia do escritor. O encontro consolida así a súa relevancia no calendario cultural do verán mindoniense.

## O PP esixe ao Goberno local exemplaridade na limpeza de fincas municipais



O Grupo Municipal do PP de Barreiros pediu ao Goberno local que execute de maneira urxente tarefas de limpeza e desbroce nas parcelas de titularidade municipal co fin de reducir o risco de incendios e mellorar o estado destas zonas.

O portavoz popular, José Manuel Gómez Puente, advertiu de que numerosas fincas do Concello presentan unha situación "preocupante", con abundante maleza, herba alta e vexetación sen controlar, polo que considera necesaria unha intervención inmediata. Os populares insisten en que o Concello debe actuar como exemplo antes de esixir o cumprimento destas obrigas á veciñanza. Por iso,

reclaman o inicio inmediato dos traballos de roza e mantemento das parcelas públicas.

Ademais, lembran que a chegada dos meses de maior perigo de incendios fai destas actuacións unha prioridade, tanto pola seguridade das vivendas como pola protección do medio natural.

O PP fai referencia á normativa vixente, que obriga a propietarios públicos e privados a manter as fincas limpas e controladas.

Gómez Puente sinala que non é coherente esixir responsabilidade cidadá mentres o propio Concello mantén parcelas en estado de abandono, polo que reclama unha actuación inmediata e exemplar.

## A Deputación renova o firme da estrada que conecta as praias

A estrada provincial LU-P-0610, unha das principais vías de acceso ás praias de Barreiros, presenta xa unha imaxe renovada tras a actuación de acondicionamento impulsada pola Deputación de Lugo. Os traballos abrangueron un tramo de 1,272 quilómetros, desde o inicio da vía ata o punto quilométrico 1,422, cun investimento próximo aos 210.000 euros.

A presidenta da Deputación, Carmela López, visitou o resultado da intervención acompañada pola alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, representantes do goberno local e persoal técnico. A obra foi executada pola empresa Construcciones Isidro Otero SL e incluíu un conxunto de melloras destinadas a reforzar a seguridade e a funcionalidade desta infraestrutura clave para a Mariña.

Entre as actuacións realizadas destacan a limpeza e reapertura de cunetas, a mellora do sistema de drenaxe e a renovación

completa do firme mediante aglomerado en quente. Tamén se incorporou nova sinalización horizontal con marcas reflexivas e sinalización vertical, co obxectivo de mellorar a circulación nunha vía con gran intensidade de tráfico, especialmente durante o verán.

A intervención permitiu ademais habilitar arredor de 80 prazas de estacionamento preto da praia de Altar, organizadas con cebreados e acompañadas de mobiliario urbano, co fin de mellorar a ordenación do espazo e facilitar o uso por parte de residentes e visitantes.

Durante a visita, López salientou a relevancia desta estrada como acceso ás praias e ao tecido hostaleiro local, destacando a mellora da seguridade e da mobilidade. Subliñou tamén que esta obra se suma a outras actuacións recentes na rede viaria de Barreiros, elevando o investimento acumulado na vía a preto de medio millón de euros.

## barreiros

## Nova edición do Festival Histórico Augas Santas

A parroquia de Santo Estevo do Ermo acollerá o sábado 27 de xuño a XIII edición do Festival Histórico Augas Santas, unha das citas culturais e festivas máis destacadas da comarca. O evento, organizado pola Asociación Cultural Internacional Augas Santas coa colaboración do Concello de Barreiros e da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, propón unha xornada na que se mesturan historia, tradición e cultura popular. A programación estará centrada na recreación do pasado celta e medieval do territorio, con actividades para todos os públicos. Haberá mercado de artesanía, música en directo, espectáculos e ambientación histórica, ademais do tradicional "porquiño ao espeto", un dos sinais de identidade da festa.

Entre as propostas destacan tamén unha ruta a cabalo, escenificacións sobre o rei Silo, actuacións de grupos como O Arco da Vella e Souto Xímaro, vodas celtas e unha queimada popular co seu conxuro.

A misa en honra a Santo Estevo, prevista para as 13.00 horas, manterá o carácter relixioso da celebración. A gastronomía completarase cunha cea de sardiñas asadas.

## Ollomao pechará SanArte cun obradoiro dedicado ás plantas

O Colectivo Cultural Ollomao pechará o vindeiro 13 de xuño unha nova edición do ciclo SanArte cun obradoiro dedicado ás plantas aromáticas e medicinais, unha actividade coa que se busca combinar aprendizaxe, benestar e convivencia. A sesión terá lugar na Escola de Vilamartín Pequeno, en horario de tarde, entre as 17:00 e as 20:00 horas.

Durante o encontro, os participantes afondarán no coñecemento das propiedades das plantas medicinais e nos seus usos tradicionais e actuais, achegando tamén aplicacións prácticas para o día a día. A proposta pretende ser un espazo de calma e intercambio de experiencias, favorecendo a aprendizaxe colectiva e os coidados persoais. Como actividade central, cada asistente elaborará a súa propia auga florida personalizada, unha preparación de base natural vinculada ao benestar e á aromaterapia, que poderá levar posteriormente para a casa.

## Xove: Demetrio Salgueiro Rapa

# O rexedor xovense reivindica unha xestión “eficiente e próxima” para seguir transformando o municipio



### O alcalde destaca os investimentos en servizos, infraestruturas e emprego, e reivindica unha política próxima centrada na xestión municipal

**Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.**

Con 18 anos, no primeiro ano de Universidade, fixen un curso de Comercio Exterior que organizaba o Partido Popular en Santiago. Alí coñecín moita xente e afilleime ó partido porque compartía os ideais dun partido de centro, dos principios de liberdade e igualdade, da xestión e das persoas, así como da importancia da política para acadalos e ter unha sociedade máis xusta. **Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?**

Propuxéronme dende o Partido Popular encabezar a lista no ano 2007, nun momento moi difícil para o partido en Xove, xa que tras estar gobernando con maioría absoluta dende había moitos anos, o Partido Popular quedara sen representación no Concello. Formamos unha lista con xente nova, formada, e con ilusión por traballar para Xove, gañamos as eleccións, e aquí sigo, por certo ca mesma ilusión que ca que cheguei a pesar do paso do tempo. **A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?**

O peor, perder moito tempo para estar ca familia. O meu fillo naceu o mesmo ano que entrei de Alcalde e non puíden desfrutar da súa infancia o que me tivera gustado. Son momentos que non se recuperan. Por iso, teño que agradecer á miña familia o seu sacrificio, comprensión e apoio, xa que a política municipal require moita adicación e nun concello pequeno máis aínda, xa que o Alcalde, aínda que delegue cousas, debe estar en tódalas decisións e estar ó fronte da xestión municipal.

**E beneficios?**

O orgullo de ver proxectos cumpridos que melloran o pobo e a calidade de vida dos veciños. Sobre todo os que levan moito de tempo e traballo e moitas trabas administrativas.

**Cales son os seus obxectivos a nivel político?**

A nivel político o meu único obxectivo é que os veciños estean orgullosos do seu concello e me vexan como un xestor que trata de conseguir o mellor para Xove.

**E como Goberno de cara á próxima lexislatura?**

Cara á próxima lexislatura, pido que o que estea, xa que hai unhas eleccións por medio, teña os mesmos obxectivos que mencionei na anterior pregunta.

**Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable?**

Si se demostra que son bos para o Concello e para os veciños si. Algúns pactos só se fan para evitar que gobernen outros, sen pensar as consecuencias, e eses pactos non son bos. **Cales son as principais liñas do seu programa?**

Xove é un referente en Servizos Sociais e en apoio e colaboración co tecido asociativo que da vida ó municipio, polo que é preciso coidar ambas cousas. Precisamos incrementar o solo industrial, para conseguir atraer novas empresas xeradoras de postos de traballo. Traballamos tamén para mellorar as infraestruturas existentes, como son as estradas da Deputación e a rede viaria municipal ou as diversas instalacións municipais e crear algunhas novas, como o Centro de día ou o Porto Deportivo. É imprescindible tamén levar unha xestión rigorosa, eficiente e eficaz dos recursos municipais.

**Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?**

Neste momento estamos traballando para mellorar a calidade e xestión da auga, para o que se farán obras importantes e suporá un antes e un despois. Tamén é esencial mellorar a rede viaria da Deputación no Concello, arterias principais de comunicación cos distintos núcleos de poboación, para o que temos un convenio asinado e do que empezarán as obras en breve.



Así como todos os que mencionei anteriormente.

**De que proxectos se sente máis orgulloso?**

Ademais de todos os mencionados, nos que estamos a traballar intensamente, teño que mencionar a residencia de Aspanane, que abrirá as súas portas a finais do verán e que axudará a moitas familias.

**Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?**

Gustaríame que me visen como unha persoa próxima, humilde e traballadora que trata de resolver os problemas e que só busca o mellor para Xove.

**Como é a súa relación coa oposición?**

Trato de ter unha relación cordial. Calquera persoa que traballe para mellorar o municipio e non só para facer política terá o meu recoñecemento.

### EN CLAVE PERSOAL

**Idade, estado civil e familiar.**

54 anos, casado con 1 fillo.

**Profesión e formación.**

Licenciado en CC Económicas pola USC, e empregado do Concello de Burela, en excedencia dende o 2007.

**Que quería ser de maior.**

De pequeno futbolista, como moitos nenos.

**Que fas para desconectar?**

Ir de pesca, xogar ó billar e pasear.

**Unha virtude e un defecto.**

Como virtudes a humildade e a positividade e como defecto seguro que moitos como todo o mundo.

**Un consello para compartir.**

Escoita moito e pensa antes de falar.

**Un libro.**

Crimen y Castigo

**Unha película.**

Cadena Perpetua.

**Un grupo de música/cantante.**

Metallica

**Unha afección.**

A pesca e o billar.

**Un lugar que visitar.**

Os acantilados de Morás

**Unha comida e unha bebida.**

O cocido cun pouco de viño tinto.

**Unha personaxe admirada.**

Amancio Ortega.

**Unha posesión prezada.**

A miña casa.

**Un desexo.**

Que haxa paz e máis bondade e comprensión nas persoas.

**Algo para esquecer.**

Ver sufrir ás persoas, sobre todo ós seres queridos.

**Que é o que máis valora nunha persoa?**

A humildade e a capacidade de traballo.

**Como equilibra a vida pública e a privada?**

Trato de desconectar coa familia sempre que podo, aínda que o da Alcaldía é un traballo moi absorbente, que deixa pouco tempo libre.

**Usa redes sociais e Whatsapp?**

Whatsapp a miúdo, moitas veces tamén por traballo. Outras redes, aínda que as miro, teño que recoñecer que cada vez as uso menos, xa que vexo moito odio e moito perfil feito só para a crítica e o insulto sen aportar nada.

**Un desafío pendente.**

Ter tempo para viaxar máis, coñecer lugares, aínda que non é un desafío, senón un desexo.

**Onde se ve en cinco anos?**

Supoño que traballando. Non teño grandes aspiracións e prefiro non pensar a longo prazo, senón ir día a día.

**“A política municipal require moita dedicación e nun concello pequeno máis aínda”**

### DATOS

**HABITANTES:** 3.269.

**PARROQUIAS:** 8.

**EXTENSIÓN:** 89,1 km cadrados.

**PARTIDO XUDICIAL:** Viveiro.

**CORPORACIÓN:** 7 concelleiros do PP, 3 do BNG e 1 do PSOE.

**ALCALDE:** Demetrio Salgueiro Rapa do PP.

**VOCEIRA BNG:** Pilar Vázquez Sánchez.

**VOCEIRA PSOE:** Rogelia Mariña Pernas.

**“O orgullo máis grande é ver cumpridos proxectos que melloran a vida da veciñanza”**

## En marcha o club de lectura Cantís de Papel con gran resposta veciñal

A Biblioteca Municipal de Xove vén de activar un novo espazo de participación cultural coa posta en funcionamento do club de lectura “Cantís de Papel”, unha proposta que nace co obxectivo de fortalecer o vínculo da veciñanza coa literatura e fomentar a lectura compartida.

Este proxecto, que comeza a dar os seus primeiros pasos, está inspirado na paisaxe dos cantís de Morás e na idea de que os libros tamén deixan pegada nas persoas, transformando a súa maneira de entender o mundo co paso do tempo. A metáfora serve de base a unha iniciativa que busca unir cultura e identidade local.

O club está a rexistrar unha excelente acollida dende o seu inicio, con máis dunha vintena de participantes de diferentes idades. A diversidade de perfís converte



o espazo nun punto de encontro interxeracional no que conviven xuventude e persoas maiores arredor da lectura.

As reunións celébranse o último venres de cada mes, momento no que os asistentes comparten impresións, recomendacións e reflexións sobre unha obra previamente escollida. O formato pretende favorecer o diálogo e

o intercambio de ideas nun ambiente próximo e participativo.

Dende a Biblioteca Municipal destacan a boa resposta da veciñanza e subliñan que “Cantís de Papel” está a consolidarse como unha nova canle de dinamización cultural no municipio, reforzando o papel da biblioteca como espazo vivo de encontro.

## Fallados os premios do Concurso das Letras Galegas 2026

Fíxose público o fallo do xurado do Concurso das Letras Galegas 2026, unha iniciativa que cada ano organiza con motivo do Día das Letras Galegas e que nesta edición estivo centrada na figura da escritora e xornalista Begoña Caamaño.

O certame contou coa participación do alumnado do CEIP Pedro Caselles Rollán e do IES Illa de Sarón, que elaboraron traballos creativos inspirados na vida e na traxectoria dunha das voces máis destacadas da literatura galega contemporánea.

Na categoría de Educación Infantil resultaron premiados Xare González Celaya, Enzo Santos Soto e Elsa Baño Bouza. En 1º e 2º de Primaria foron recoñecidas Carmela Míguez Varela e Isabella Lozada Salinas. En 3º e 4º de Primaria, a gañadora foi Valeria Vilasa Posada. En 5º e 6º de Primaria recibiron premio Ainara Sánchez Lage, Alba Maseda Franco e Lía Casabella Gacio. Na categoría de ESO, de 1º a 4º, o galardón foi para Marcos Mariño Ferrería.

As persoas premiadas recibirán os seus recoñecementos nun acto público que se celebrará proximamente no CEIP Pedro Caselles de Xove, nunha xornada de homenaxe á autora e de posta en valor das Letras Galegas.

## Aberto o prazo de inscrición para a nova edición do programa de conciliación



O Concello de Xove puxo en marcha o proceso de inscrición para participar no programa municipal “Xove Concilia” durante o verán de 2026. A iniciativa, destinada a facilitar a compatibilidade entre a vida laboral e familiar nos meses sen actividade lectiva, permanecerá aberta ata o próximo 13 de xuño. As solicitudes poderán presentarse tanto por medio da sede electrónica municipal como na Oficina de Información Xuvenil.

A programación inclúe propostas educativas e de lecer pensadas para favorecer a aprendizaxe e a socialización durante as vacacións. Os participantes realizan actividades creativas, musicais, audiovisuais, teatrais e deportivas, ademais de xogos tradicionais, dinámicas rela-

cionadas coa convivencia e accións centradas na igualdade de oportunidades, a coeducación, a cultura da paz e os hábitos de consumo responsable. Tamén se incorporan iniciativas vinculadas ao coñecemento da contorna e do patrimonio local.

Co obxectivo de ofrecer unha maior flexibilidade ás familias, a participación durante os meses de xullo e agosto poderá realizarse por quincenas. Esta fórmula permite adaptar a asistencia aos períodos vacacionais de cada fogar, facilitando unha organización máis cómoda durante o verán. O custo establecido é de 20 euros por cada quincena, mentres que nos períodos especiais de Nadal, Semana Santa, xuño e setembro a tarifa mantense en 10 euros por menor.

## A Romaría do San Antonio Ventureiro volverá reunir centos de persoas

O Goberno local vén de abrir o prazo de inscrición para participar na Romaría do San Antonio Ventureiro da Rigueira 2026, unha cita tradicional que cada ano reúne a centos de persoas nun percorrido marcado pola devoción, a natureza e a convivencia.

A celebración, que acadou no ano 2023 a distinción de San Antonio Ventureiro da Rigueira como Festa de Interese Turístico de Galicia, terá lugar o próximo 13 de xuño e volverá converter a parroquia da Rigueira nun dos puntos de encontro destacados do calendario festivo da Mariña.

As persoas que desexen participar na romaría deberán anotarse antes do xoves 11 de xuño ás 13.00 horas, un prazo establecido para poder organizar con antelación os preparativos vinculados á entrega da tradicional Ventura e do lirio de San Antonio.

Desde a organización animan á veciñanza e ás persoas visitantes a sumarse a esta experiencia, que combina tradición relixiosa, patrimonio cultural e



contacto coa contorna natural. Ademais, a romaría mantén unha das súas características máis singulares: a participación de animais de compañía durante o percorrido.

O Concello destaca que esta celebración continúa consolidándose como unha das citas máis representativas do municipio, atraendo cada ano a participantes procedentes de distintos puntos da comarca e doutros lugares de Galicia.

As inscricións poden formalizarse a través do Concello de Xove, tanto por vía telefónica como mediante correo electrónico, e a organización lembra que as solicitudes enviadas por email recibirán confirmación para garantir a correcta reserva.

## Xove premiará as mellores fotografías sobre o patrimonio natural do municipio

A Concellería de Medio Ambiente do Concello de Xove pon en marcha unha nova edición do Concurso Fotográfico do Día do Medio Ambiente, que chega este ano á súa quinta convocatoria. Trátase dunha proposta que busca poñer en valor o patrimonio natural do municipio a través da mirada da veciñanza, fomentando ao mesmo tempo a participación cidadá e a creatividade.

A iniciativa está aberta a persoas de todas as idades, divididas en tres categorías: infantil, para menores de ata 12 anos; xuvenil, entre os 13 e os 17 anos; e adultos, a partir dos 18 anos. En cada unha delas, a fotografía que acade máis apoios a través da votación na páxina oficial de Facebook do Concello recibirá un premio de 60 euros.

Participar é sinxelo. As persoas interesadas deberán realizar unha fotografía nun espazo do muni-

pio de Xove que consideren especial ou significativo, poñendo o foco na riqueza paisaxística e ambiental do entorno. Posteriormente, será necesario cubrir a folla de inscrición, dispoñible na páxina web municipal, onde tamén se poden consultar as bases completas do certame: <https://xove.es>.

Dende o Concello destacan que este concurso busca non só promover o coidado e respecto polo medio ambiente, senón tamén incentivar unha visión persoal e creativa sobre os espazos naturais que conforman Xove, poñendo en valor o seu atractivo e singularidade.

A organización anima á veciñanza a participar nesta iniciativa, que se consolida como unha das propostas máis destacadas dentro da programación ambiental anual, e a compartir a súa particular forma de ver e interpretar a contorna natural do municipio.

## Ourol acollerá en setembro a IV edición das Xornadas Etnográficas da Mariña

O Concello de Ourol acollerá os días 26 e 27 de setembro a IV edición das Xornadas Etnográficas da Mariña (XEAM), unha iniciativa que se consolida como unha das principais citas arredor da cultura tradicional, o patrimonio e a identidade da comarca. Tras celebrarse en anos anteriores en Ribadeo, Xove e Barreiros, o encontro trasládase nesta ocasión ao interior da Mariña, co obxectivo de ampliar o seu alcance territorial e poñer en valor tamén o patrimonio dos municipios non costeiros.

A organización destaca que a Mariña é un territorio "único", no que resulta esencial xerar espazos de encontro para preservar e difundir a memoria colectiva, os oficios tradicionais, a música popular e outras expresións culturais propias. A elección de Ourol responde á vontade de descentralizar o evento e dar visibilidade a novos espazos culturais.



As edicións anteriores caracterizáronse por unha programación variada con faladoiros, exposicións, mostras etnográficas, concertos e foliadas populares, que reuniron tanto a especialistas como á veciñanza interesada na conservación das tradicións. Nesta cuarta edición manterase unha liña similar, combinando divulgación, reflexión e participación arredor da cultura popular galega.

## Sabela e Vimbio, principais novidades do Festival Aturuxo

O Festival Aturuxo de Bravos, en Ourol, celebrará unha nova edición os días 17 e 18 de xullo consolidándose como unha das citas culturais e festivas de referencia na Mariña. O evento manterá o seu espírito aberto e gratuito, apostando un ano máis pola mestura de música, tradición e participación veciñal, pero nesta ocasión con dous nomes que concentran boa parte das miradas: Sabela e Vimbio.

Un dos momentos máis destacados será o regreso de Sabela ao escenario do Aturuxo. A artista, moi vinculada aos primeiros anos do festival, volverá actuar o 18 de xullo nun concerto que a organización cualifica como especialmente emotivo. A súa relación co evento vai máis alá do musical, xa que tamén participou na súa organización e no voluntariado, o que engade un forte compoñente sentimental



ao seu retorno. Desde o festival agárdase unha actuación moi conectada co público, nun ambiente de reencontro e celebración colectiva.

Pola súa banda, Vimbio chega como unha das grandes apostas desta edición desde Pontearreas. A banda presenta en Bravos o seu disco "Comeza o Xogo" cun-

ha proposta marcada pola forza do metal dos anos 90 e 2000 fusionado con sons actuais. Coa voz de Álex Arnoso á fronte, coñecido polo seu paso por SonDaRúa, o grupo destaca pola intensidade dos seus directos, baseados en guitarras potentes, ritmos contundentes e unha posta en escena enérxica. A organización sitúao como unha das propostas máis potentes e cañeiras do cartel.

Xunto a estes nomes, o festival contará cunha programación variada que combina música tradicional, foliadas e bandas habituais do escenario de Bravos. Regresan formacións como Tumba e Dalle, moi aclamadas polo seu directo participativo, e tamén A Banda de Balbina, un dos regresos máis esperados polo público pola súa capacidade para xerar un ambiente festivo e humorístico en cada actuación.

## Vegadeo conta motores para a celebración da LXI Feira de Mostras

A localidade asturiana de Vegadeo prepara xa unha nova edición da súa histórica Feira de Mostras, que este ano alcanzará a súa sesaxésimo primeira convocatoria e que se desenvolverá os días 5, 6 e 7 de xuño no recinto feiral da vila.

A cita volverá reunir expositores, profesionais, entidades e visitantes arredor dun evento consolidado como un dos grandes referentes comerciais e sociais da contorna, cunha ampla presenza de sectores vinculados á actividade empresarial, artesanal, agrícola e de servizos.

A organización continúa traballando na configuración do programa oficial, que aínda non foi presentado de maneira definitiva. Nas próximas semanas daranse a coñecer as actividades complementarias previstas para esta edición, nas que habitualmente teñen cabida propostas musicais, demostracións, exhibicións e iniciativas orientadas ao público familiar.

A Feira de Mostras de Vegadeo mantense como unha das citas máis emblemáticas do calendario feiral do occidente asturiano e tamén da área da Mariña e do Eo.

## As Maniotas organizará unha ruta de sendeirismo

O grupo de sendeirismo As Maniotas, de Vegadeo, prepara para o próximo 12 de xuño unha nova saída pola contorna asturiana, nesta ocasión cunha excursión á coñecida Senda Verde de Teverga, unha proposta que combinará natureza, actividade física e patrimonio cultural.

A viaxe partirá ás 8:30 horas desde Paramios, en Vegadeo, e permitirá ás persoas participantes realizar unha ruta de aproximadamente 4,8 quilómetros por unha das paisaxes máis destacadas do interior asturiano.

A programación inclúe tamén unha comida de grupo no restaurante La Chabola, situado en San Martín, así como unha visita guiada á Colexiata de San Pedro, un dos elementos patrimoniais máis representativos da zona.

Desde a organización explican que esta actividade busca fomentar hábitos saudables e favorecer os encontros sociais a través do deporte e do contacto coa natureza, nun ambiente pensado para desfrutar do sendeirismo dunha maneira acces-



ble e participativa.

O regreso está previsto para as 18:30 horas, mentres que a chegada de novo á comarca producirase arredor das 21:00 horas. O prezo da actividade será de 27 euros e as inscricións poden formalizarse nos concellos correspondentes ou a través do número de teléfono habilitado pola organización.

As Maniotas lembran ademais que as prazas son limitadas e que as persoas maiores de 65 anos terán prioridade na reserva. Tamén solicitan ás persoas inscritas que comuniquen previamente se precisan servizo de achegamento ata as paradas de saída.

## Vegadeo estrea un proxecto piloto de mobilidade rural



O Concello converteuse no primeiro escenario dun proxecto piloto de mobilidade rural sostible impulsado polo Principado de Asturias, unha iniciativa que busca mellorar os desprazamentos nas zonas menos poboadas mediante alternativas máis eficientes e respectuosas co medio ambiente. O programa xa está operativo e incorpora dous vehículos eléctricos dispoñibles para a veciñanza, ademais dunha estación de recarga específica para garantir o seu funcionamento. A proposta pretende ofrecer novas opcións de transporte nun contexto rural onde as alternativas ao coche privado adoitan ser reducidas.

O acceso ao servizo realizarase a través da aplicación dixital Guppy, desde a que as persoas usuarias pode-

rán reservar os vehículos e utilíalos nos seus desprazamentos diarios. O sistema busca facilitar unha mobilidade máis flexible e adaptada ás necesidades da poboación, ao tempo que promove o uso compartido do transporte.

Desde o Goberno asturiano destacan que a iniciativa permitirá avanzar cara a modelos de mobilidade máis sostibles, contribuíndo á redución de emisións contaminantes e ofrecendo unha alternativa real ao vehículo particular no medio rural.

O proxecto terá unha duración inicial de seis meses, período no que se analizará o seu funcionamento e a resposta da cidadanía. En función dos resultados, estudarase a súa posible extensión a outros municipios rurais de Asturias.

# DEPUTACIÓN

## Nace Mencia, a estratexia de intelixencia artificial para modernizar a Deputación

A Deputación vén de presentar Mencia: unha estratexia propia de intelixencia artificial para os vindeiros anos (2026- 2030). “Xa está aquí. A intelixencia artificial vai transformar a maneira de traballar das institucións, e nós tiñamos claro que a Deputación de Lugo non podía quedar esperando a ver que facían os demais”, sostivo a presidenta da entidade provincial, Carmela López. Mencia nace “da idea de que a innovación tecnolóxica tamén ten que servir para reforzar os servizos públicos e para acompañar aos concellos máis pequenos nun proceso que, moitas veces, sería imposible afrontar en solitario”.

Nese sentido, Carmela López especificou que a provincia de Lugo conta con 67 concellos, 66 deles están por debaixo dos 20.000 habitantes; “o que significa que falar aquí de intelixencia artificial é falar tamén de cohesión territorial e de igualdade de oportunidades”.

Por iso, o obxectivo é conseguir que a transformación dixital non agrande a distancia entre territorios, senón que a reduza. “Lograrémolo a través dun modelo propio, feito pola Deputación, baseado en código aberto e pensado para servir mellor aos nosos veciños e veciñas.

Un modelo no que a supervisión humana segue sendo fundamental, no que os datos permanecen baixo control institucional e no que a transparencia forma parte do propio deseño da estratexia”.



Así, López sostén que “tiñamos que prepararnos, pero facéndoos ao noso xeito: desde o público, con garantías, con control sobre os datos e pensando na realidade concreta desta provincia”.

Por outra banda, desde a Deputación de Lugo faise unha aposta clara pola defensa da lingua e iso tamén se ve reflectido nesta nova iniciativa. Tal e como subliñou a presidenta, “o uso do galego era algo irrenunciabile, porque a nosa lingua ten que estar tamén nos espazos onde se vai construír o futuro”.

**MENCIA, TECNICAMENTE.** Lévasse a cabo unha estratexia estruturada en catro piares: gobernanza e cumprimento, que fixa os principios reitores, os órganos de goberno e os mecanismos de control normativo; transformación dixital interna, que ten o seu núcleo no Laboratorio Mencia e na transformación da eficiencia dos servizos provinciais; IA ao

servizo dos municipios, que materializa a competencia de asistencia aos concellos; e ecosistema territorial e innovación, que articula a colaboración co tecido institucional, universitario e empresarial galego. Mencia será posible a través de dous eixos operativos, un interno, que será o propio Laboratorio Mencia e un eixo territorial conformado polo Centro de innovación Territorial (CIT) da provincia de Lugo. Así, Laboratorio Mencia é a infraestrutura tecnolóxica da Deputación para o desenvolvemento e despregamento de sistemas de IA de código aberto; e artículase en tres compoñentes: Un motor, a infraestrutura tecnolóxica que executa os modelos de IA; unhas mans, as aplicacións e asistentes que permiten interactuar co sistema; e un cerebro, o sistema que conecta todos os elementos para que funcionen de maneira coordinada.

Laboratorio Mencia contará ademais con diferentes aplicacións que

permitirán, nun máximo de tres interaccións, realizar tarefas mecánicas e complexas en moito menos tempo, facilitando o labor dos traballadores e traballadoras, para que poidan dedicarse a aquelas cuestións de alto valor.

Entre algunhas das aplicacións está un resumidor de documentos, un extractor de texto, transcritor de audio, un monitor de edictos do BOE, un xestor intelixente do correo electrónico, un almacén de instrucións, unha calculadora de prazos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, ou un analizador de convocatorias de axudas e subvencións.

Contará tamén cos chamados asistentes, ‘chatbots’ especializados cos que o usuario interactúa mediante conversación natural, que serán adestrados con instrucións de sistema específico e unha base de coñecemento pechada: non accede a Internet nin a información fóra do seu ámbito asignado.

Con todo, Mencia terá un horizonte de implantación de catro anos, que comezará coa posta en produción das oito aplicacións e nove asistentes e a aprobación da estratexia no Pleno. No segundo semestre do 2026 e comezos do 2027 está prevista a constitución do Comité de Gobernanza e os primeiros pilotos. Está previsto que o despregamento interno completo se produza entre o 2027 e o 2028; e de cara ao final dos catro anos este novo ecosistema estea consolidado.

## Abriuse o prazo para os Premios á Excelencia do Turismo e da Gastronomía

Abriuse o prazo para presentar candidaturas á sétima edición dos Premios que recoñecen a Excelencia do Turismo e da Gastronomía da provincia de Lugo impulsados pola institución provincial. O Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou este martes, 19 de maio, as bases e a información da convocatoria deste ano que busca recoñecer dun xeito honorífico o labor de persoas; entidades públicas e privadas; así como actividades e proxectos que destacan pola súa contribución ao desenvolvemento turístico, á innovación, á sustentabilidade e á posta en valor da gastronomía lucense.

O prazo para participar estará aberto ata o 20 de xuño e as candidaturas deberán presentarse de forma telemática a través da Sede Electrónica. Poderán optar aos premios persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, tanto a título individual como colectivo, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional. Os galardóns inclúen tres categorías.

O Premio Lugo Cambia ao Turismo Lucense, que recoñece iniciativas que promovan de maneira destacada o turismo na provincia.

Premio Turismo Sostible está dirixido a proxectos exemplares por fomentar un modelo turístico respectuoso co medio ambiente e a identidade local.

E o Premio ...E para comer, Lugo á Gastronomía está centrado na posta en valor da calidade e singularidade da oferta gastronómica da provincia.

## Reclámase un pacto galego contra o transfuguismo blindado por lei

O Pleno da Deputación sacou adiante unha iniciativa para reclamar un pacto galego contra o transfuguismo político blindado por Lei, co obxectivo de “reforzar a estabilidade institucional, a lealdade democrática e o respecto á vontade expresada pola cidadanía nas urnas”. Así se acordou tras unha moción socialista aprobada co apoio do propio PSdeG, o BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

“A resposta cidadá foi rotunda, miles de persoas concentráronse na maior mobilización política rexistrada en Lugo en moitos anos. Non podemos permitir que se modifique así a vontade dos veciños e veciñas e tampouco que as mocións de censura

queden amparadas por prácticas de transfuguismo”, valorou a Presidenta da institución provincial, Carmela López, antes de entrar ao Salón de Plenos da sede provincial.

Durante o debate, a voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto, sostivo que o ocorrido no Concello de Lugo “abre un debate de fondo sobre os límites éticos do transfuguismo político”, e advertiu de que “non se pode normalizar que maiorías saídas das urnas se alteren a través da deslealdade política”.

Sinalou que a moción de censura “é un instrumento plenamente legal e llexítimo do noso ordenamento democrático. Pero o seu uso non pode ampararse na mera literalidade da

norma cando contradí de fronte o seu espírito. A democracia representativa sostense sobre un principio elemental, e é que a vontade popular expresada nas urnas constitúe a fonte de credibilidade máis importante das institucións públicas”. Concluindo que cando ese mandato se altera comprando vontades individuais, o que se debilita é a confianza da cidadanía no propio sistema democrático.

García Porto argumentou ademais que “o problema é converter a traxión política nun mecanismo útil para chegar ao poder”, e criticou que o Partido Popular “normalice prácticas que debilitan a confianza cidadá nas institucións”.

### RUTAS POLO ROMÁNICO



A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, celebrou o éxito do programa de Rutas polo Románico impulsado pola Deputación de Lugo, que pechou cun éxito rotundo de participación cubrindo as 300 prazas ofertadas e mesmo rexistrarse listas de agarda en varios dos itinerarios. A institución provincial impulsa este programa para conmemorar o Día da Transrománica, que se desenvolveu ao longo de cinco xornadas cun total de 16 rutas gratuítas e guiadas polo patrimonio románico da provincia.

# DEPORTES

## Mondoñedo acollerá o 30 aniversario do Campus Ranas de baloncesto base

Mondoñedo acollerá este verán unha nova edición do Campus Ranas, unha proposta de baloncesto base que celebra o seu 30 aniversario e se consolidou como un referente para mozos e mozas de toda España.

O campus desenvolverase en dúas quendas, do 28 de xuño ao 3 de xullo e do 5 ao 10 de xullo, combinando adestramentos, competicións e actividades lúdicas. Está dirixido a participantes de entre 8 e 18 anos, organizados por idade e nivel, cunha formación centrada no desenvolvemento técnico e táctico do baloncesto.

Ademais da actividade deportiva, o programa inclúe charlas, xogos, talleres de valores e convivencia, así como excursións á contorna, entre elas a Praia das Catedrais e rutas vinculadas ao Camiño de Santiago.

O campus contará con instalacións deportivas, zonas verdes e piscina, ademais de servizo médico e diferentes modalidades de inscrición adaptadas ás familias. Con motivo do aniversario, ofreceranse descontos especiais.

## A vila de Ribadeo volverá camiñar contra o cancro

Ribadeo acollerá o sábado 13 de xuño a segunda edición de Ribadeo en Marcha Contra o Cancro, unha iniciativa solidaria promovida pola Asociación Española Contra el Cancro que partirá ás 11.00 horas desde o Parque de San Francisco e está aberta á participación de persoas de todas as idades.

A proposta combina deporte, convivencia e sensibilización sobre a importancia dos hábitos de vida saudables na prevención da enfermidade. A organización destaca o papel dunha alimentación equilibrada e da práctica regular de exercicio físico como elementos clave para reducir riscos.

As inscricións poden realizarse de forma online, presencialmente entre o 8 e o 12 de xuño ou o propio día do evento. As persoas inscritas telematicamente poderán recoller a camiseta conmemorativa na antiga Oficina de Turismo. Tamén existe opción de inscrición solidaria, destinada a financiar programas de apoio a pacientes e proxectos de investigación oncolóxica.

## A Pontenova volverá vibrar coa 13ª edición da súa Subida de Montaña

A Pontenova converterase novamente nun dos grandes puntos de encontro do automobilismo galego coa celebración da XIII Subida A Pontenova, unha das probas destacadas do Campionato Galego de Montaña que reunirá pilotos e escuderías os días 26, 27 e 28 de xuño.

A competición, organizada pola Escudería A Pontenova, desenvolverase na estrada LU-4803, no tramo comprendido entre A Pontenova e Augaxosa, cun percorrido de 4,8 quilómetros que combina velocidade, técnica e desnivel nun trazado xa consolidado dentro do calendario autonómico.

A saída estará situada no punto quilométrico 0,010, a unha altitude de 110 metros, mentres que a meta se localizará no quilómetro 4,820, alcanzando os 370 metros de altitude. A proba contará cun desnivel total de 260 metros e unha pendente media do 5,40 %. A cita será puntuable para diferentes categorías, copas e tro-

feos do Campionato Galego de Montaña, tanto en vehículos carrozados como non carrozados, ademais das modalidades de *car-cross*, CM, regularidade e competición por escuderías.

Entre as competicións incluídas destaca tamén a segunda edición da Copa CM Memorial Paco Outeda, unha proba que rende homenaxe a unha figura vencellada ao mundo do motor.

A organización agarda unha importante presenza de pilotos chegados de distintos puntos de Galicia, así como numerosos afeccionados ao automobilismo, nun evento que cada ano atrae centos de persoas á vila e converte a montaña pontenovesa nun escenario de referencia para o deporte do motor.

A Subida A Pontenova consolidouse ao longo das súas edicións como unha das probas máis recoñecidas do calendario galego, tanto pola esixencia do trazado como polo ambiente.

## A Mariña impón o seu dominio na Copa Deputación de base



A Mariña lucense foi a gran protagonista da XLII Copa Deputación de fútbol base, tras sumar tres títulos nas categorías infantil, xuvenil e cadete nunha xornada na que os equipos da comarca mostraron un alto nivel competitivo e dominaron as finais disputadas en Lugo.

O CD Foz infantil alzou o trofeo tras impoñerse por 3-1 á SD Sarriana nun encontro intenso, no que o conxunto focense soubo marcar diferenzas nos momentos clave. Cun xogo sólido e eficaz, o equipo confirmou o bo traballo realizado ao longo de todo o torneo e proclamouse campión provincial.

Na categoría xuvenil, o ED Lourenzá asinou unha final de máxima

emoción fronte á SD Sarriana. O encontro rematou cun empate a tres goles tras un duelo moi igualado e cheo de alternativas, polo que o título tivo que decidirse nos penaltis. Desde os once metros, o conxunto mariñán mostrou maior acerto e levouse a vitoria por 5-3, nun desenlace cheo de tensión e celebración.

Pola súa parte, na categoría cadete, a SD Viveiro foi claramente superior e non deu opción ao seu rival, a SD Sarriana, ao que derrotou por un contundente 0-9. O equipo viveirense impuxo desde o inicio un ritmo moi alto, tanto en defensa como en ataque, e pechou o campionato cun triunfo rotundo.

## O Campus RCCelta volve a Barreiros cunha nova edición dirixida á mocidade

O Concello de Barreiros volverá acoller este verán o Campus RCCelta, unha iniciativa deportiva e formativa impulsada polo Real Club Celta de Vigo que celebrará na localidade mariñá a súa sexta edición consecutiva. A presentación oficial do campus desenvolveuse este martes no estadio de Balaídos coa presenza de representantes institucionais, deportivos e dos clubs colaboradores. En representación do Concello participaron a alcaldesa, Ana Ermida, e o concelleiro Dani García, mentres que os clubs locais estiveron representados por Marcos Rodríguez, do Iberia CF, e José Luis Ríos, do Celta Barreiros FC.

O campus celebrarase entre o 27 e o 31 de xullo e estará destinado a nenos e nenas de entre 5 e 16 anos. Durante esas xornadas, os participantes poderán coñecer a metodoloxía de traballo do club celeste a través de adestramentos, actividades técnicas e dinámicas centradas tanto na formación deportiva como persoal. Desde a organización desta-

can que un dos principais atractivos é permitir que a mocidade se achegue ao funcionamento e aos valores dun club de elite.

Ana Ermida sinalou que esta actividade permite achegar "a estrutura dun club de primeiro nivel" á rapazada de Barreiros e da comarca, facilitando que vivan unha experiencia vinculada ao fútbol profesional sen saír da contorna.

O campus contará novamente coa colaboración do Iberia CF e do Celta Barreiros FC, entidades que participan na coordinación dunha proposta que adoita completar todas as prazas dispoñibles en cada edición. Por este motivo, desde o Concello recomendan realizar a inscrición canto antes. Ademais, manterase un desconto especial para os nenos e nenas empadroados no municipio. Como novidade, a organización simplificará este ano o proceso de matrícula, permitindo completar nun único paso tanto os datos persoais como o pagamento correspondente.

## O Xuvenil das Escolas Deportivas Lourenzán logra o ascenso a Preferente



As Escolas Deportivas Lourenzán volveron facer historia no fútbol base coa consecución do ascenso do seu equipo xuvenil á categoría Preferente, un éxito que confirma o gran momento deportivo que atravesamos o club. O conxunto laurentino certificou o salto de categoría cun contundente triunfo por 9-1 diante do Vilalbés B nun encontro no que os locais dominaron de principio a fin.

O ascenso supón un novo fito para a entidade, que hai apenas dúas tempadas xa lograra

levar por primeira vez ao club a competir nunha categoría superior coa antiga Liga Galega cadete. Agora, o equipo xuvenil repite ese éxito e consolida o crecemento deportivo das Escolas Deportivas Lourenzán.

A xornada deixou tamén outro resultado destacado no fútbol xuvenil da comarca. A SD Viveiro asegurou a segunda praza da fase de ascenso tras vencer por 3-2 á SD Ribadeo nun partido moi igualado e cheo de emoción ata os últimos minutos.

# “Hai que desfrutar do fútbol pero o esforzo é innegociable”

O riotortense Andrés Castrín é defensa central do Sevilla FC, un dos poucos lucenses que logrou xogar en Primeira dando o salto desde o CD Lugo, e que recentemente marcou o seu primeiro gol na categoría de ouro

O nome de Andrés Castrín xa forma parte da historia recente do fútbol galego. O centrocampista de Riotorto, nado Andrés López Gallo, viviu unha das noites máis especiais da súa carreira ao marcar o seu primeiro gol en Primeira División coa camiseta do Sevilla FC, nun triunfo por 2-1 fronte ao RCD Espanyol no estadio Ramón Sánchez-Pizjuán. O tanto, anotado no minuto 82, desatou a ledicia tanto da afección sevillista como do grupo de veciños e amigos desprazados desde Riotorto para acompañalo nun día inesquecible.

Formado nas categorías de base da Escola Deportiva Lourenzán e da canteira do CD Lugo, Castrín foi queimando etapas ata consolidarse como unha das promesas do fútbol lucense. Tras o seu paso polo Rácing Vilalbés e polo Polvorín FC, filial do Lugo, o central deu o salto ao Sevilla Atlético en 2024, iniciando unha progresión que agora o levou a debutar e marcar na elite do fútbol español.

Humilde, traballador e moi vencellado á súa terra, Andrés Castrín repasa nesta entrevista os seus comezos, a súa evolución deportiva e o orgullo de representar a Riotorto no máis alto do fútbol profesional.

**Como foron os teus comezos no mundo do fútbol?**

Empecei moi novo, na etapa benxamín ou prebenxamín, tiña tres anos. Lembro que xogaba con meu curmán, que me levaba cinco ou seis anos. Despois entrei nas escolas deportivas de Lourenzán e alí comecei a compaxinar o fútbol sala co fútbol campo. Durante varios anos seguí practicado as dúas modalidades ata que, xa en idade infantil, decidín centrarme no fútbol campo e quedei en Lugo.

**Como foi a túa evolución nas categorías inferiores?**

No primeiro ano de infantil marchei para Viveiro e despois pasei ao Vilalbés, de cadete, onde estiven unha tempada cedido. Despois fun queimando etapas ata que entrei no primeiro equipo do Lugo. Máis tarde incorporeime ao Lugo, que foi un paso moi importante na miña carreira. Alí fun medrando como xogador e tamén como persoa.

**E como xurdiu a oportunidade de fichar polo Sevilla?**

Despois dunha boa tempada no filial do Lugo, na que cheguei a disputar 22 partidos co primeiro equipo en Primeira Federación. Foi unha boa tempada, con partidos de bastan-

te nivel e así xurdiu a oportunidade cando me comunican que me quere o Sevilla Atlético, que estaban buscando o ascenso a Primeira REF. Para min era unha oportunidade moi importante, tanto pola miña idade como polo salto que supuña a nivel profesional. O Sevilla apostou por min para o filial e vin claro que era o momento de dar ese paso.

**Como valoras a túa progresión desde a chegada a Sevilla?**

O primeiro ano foi moi positivo. Xoguei máis de trinta partidos e o equipo quedou preto do play-off. Esta temporada xa puider entrar na dinámica do primeiro equipo e estou moi agradecido pola confianza que me transmitiron os adestradores. Tanto Matías como Luis apoiáronme moito e eu intento aproveitar cada oportunidade.

**Que significou para ti marcar o teu primeiro gol en Primeira División?**

Foi algo único, unha emoción tremenda. Ademais chegou nun momento moi importante para o equipo, nun partido crítico no que necesitabamos gañar. Aquel encontro marcou un pouco o inicio da remontada da temporada e para min quedará sempre como un dos momentos máis especiais da miña



carreira.

**Segues mantendo relación coa túa terra e coa túa familia en Riotorto?**

Si, por suposto. Sempre que nos dan dous ou tres días libres intento ir a casa. Meus pais seguen vivindo alí, tamén meu irmán, os meus amigos e toda a miña familia continúa en Riotorto. Sempre que podo regreso a Galicia porque para min segue sendo casa. Riotorto non o cambio por nada.

**Gustaríache volver a Galicia no futuro?**

Nunca se sabe o que pode pasar no fútbol, pero cando remate esta etapa do fútbol gustaríame estar o máis preto posible da miña familia. Galicia sempre vai ser o meu lugar.

**Pensas xa no teu futuro máis alá do fútbol?**

Agora mesmo estou totalmente centrado na miña carreira deportiva, aínda que tamén estou mirando de continuar formándome, facendo estudos sobre todo no ámbito económico. Quero prepararme para o futuro, pero sen perder o foco no fútbol.

**Como é a túa vida en Sevilla?**

A verdade é que moi ben. A calidade de vida é espectacular. O máis complicado é a calor, sobre todo nestas épocas do ano, pero polo demais estou encantado.

**Que lles dirías aos nenos e nenas que soñan con chegar ao fútbol profesional?**

Que teñan paciencia e que se centren en desfrutar e pasalo ben co fútbol. Hai que traballar moito e esforzarse sempre, porque o esforzo é innegociable. Logo as oportunidades poden chegar ou non, pero sen traballo é imposible que cheguen.

**Que representa o CD Lugo para ti?**

O Lugo é a miña casa. Foi o club onde me formei, onde aprendín e onde comecei a crer verdadeiramente que podía cumprir este soño. Alí coñecín adestradores e compañeiros que me axudaron moitísimo. Grazas ao Lugo hoxe podo vivir todas estas experiencias. Sempre vou estar agradecido ao club por confiar en min, darme esa confianza e deixarme medrar e voar como futbolista para poder vivir este soño.

## O focego Bruno Martínez gaña o Volante Deputación e correrá o Rally San Froilán 2026

Bruno Martínez converteuse no vencedor da última edición do Volante Deputación, a iniciativa de promoción do automobilismo celebrada no circuíto municipal da Pastoriza. O piloto de Foz, de 27 anos, foi o máis rápido na final da competición e logrou como recompensa a oportunidade de disputar o Rally San Froilán 2026 como piloto titular da escuadra PTC, ao volante dun Dacia Sandero. A proba reuniu preto de 160 participantes, que durante dous días combinaron formación e competición nun formato pensado para facilitar o acceso de novos talentos ao mundo dos rallies. Todos os inscritos recibiron previamente preparación técnica e clases de condución segura antes de afrontar as distintas mangas cronometradas organizadas no circuíto.

Tras as sesións clasificatorias do sábado e da mañá do domingo, os dez mellores tempos accediron ás semifinais e posteriormente á final.



Manuel Fernández Román e Roberto López López acompañaron a Bruno Martínez no podio dunha edición que volveu espertar unha importante expectación entre os afeccionados ao motor.

Martínez, que participaba por sexta vez neste certame, iniciará agora un período específico de preparación para afrontar o Rally San Froilán con opcións de competir tamén na Sandero Eco Cup Galicia.

## David Navallo e Troitas Bravas pechan a tempada da Liga Nacional de Billarda

A Liga Nacional de Billarda 2025-2026 baixou o pano este sábado en Remourelle cunha xornada final que serviu para coroar aos grandes vencedores da tempada. Nun ambiente festivo e cunha notable participación, a competición despediuse cunha tarde na que non faltaron a emoción, a rivalidade deportiva e a convivencia entre xogadores e afeccionados.

A clasificación individual deixou como gran protagonista a David Navallo que conseguiu proclamarse campión da tempada tras unha destacada actuación na final. Pola súa banda, Markytos presionou ata o final a Gundar, aínda que finalmente tivo que conformarse coa terceira praza.

Tamén, Sachas conseguiu ser Campión de Varados.

Na categoría feminina, as mellores clasificadas foron Aroa, Geni e Alba, mentres que en infantís Antía impúxose con autoridade por diante de Mateo e Mateo Ledesma.

Na competición por equipos, Troitas Bravas proclamouse campión da tempada tras sumar 89 puntos, superando a Billardeiros Musicais, que rematou con 87. O terceiro posto foi para Madia Leva, con 67 puntos acumulados ao longo do campionato.

A entrega de trofeos contou coa presenza do alcalde, acompañado do benxamín Martín, que participaron no acto de clausura dunha tempada que volveu consolidar a billarda como unha das actividades deportivas e tradicionais con máis seguimento na comarca.

## A Deputación busca unha solución “responsable e útil” para o Burela FS

A Deputación solicitará ao Burela FS información económica, financeira e organizativa para coñecer a situación real do club antes de decidir sobre un posible apoio institucional. A medida chega tras trasladar a entidade as dificultades económicas que atravesou e reclamar colaboración pública.

A presidenta provincial, Carmela López, explicou que o obxectivo é buscar solucións “con responsabilidade, prudencia e rigor”, polo que considera imprescindible realizar previamente unha análise técnica detallada. O estudo permitirá avaliar débedas, gastos, ingresos previstos, compromisos pendentes e necesidades financeiras inmediatas, ademais de determinar se existe unha alternativa viable que garanta a continuidade do proxecto deportivo e social. López destacou que a cuestión non é só a contía económica que poida precisar o club, senón comprobar se unha eventual achega pública sería útil para asegurar a súa viabilidade.

## MAR

## Dani Caxete doa tres obras á Confraría de Celeiro



O artista vivariense Dani Caxete, natural de Celeiro, vén de doar tres cadros en acrílico sobre lenzo á Confraría de Pescadores da súa localidade, nun xesto co que contribúe a ampliar o patrimonio cultural dunha das entidades máis representativas do litoral galego. As obras quedarán expostas nun edificio de gran valor histórico e simbólico, declarado Ben de Interese Cultural e moi ligado á identidade mariñeira da parroquia. Caxete, artista multidisciplinar, mantén unha forte relación co seu lugar de orixe, algo que se reflicte nesta nova achega. Nos últimos anos tamén destacou en Viveiro co mural do "Cristo da Agonía", xa integrado no imaxinario cultural da cidade.

A colaboración coa confraría non é nova, xa que anteriormente participou en retratos de patróns maiores mediante aerografía, centrados na memoria do sector pesqueiro. Nesta ocasión, as obras inspíranse no propio edificio da entidade, unha construción tardo-modernista de 1931 recentemente reformada.

As tres pezas amosan distintas visións do mesmo espazo: pasado co antigo peirao, unha escena estival e outra nocturna máis evocadora. Desde a confraría, o patrón maior Domingo Rey e o secretario Máximo Díaz valoraron positivamente a doazón e a traxectoria do autor, destacando a súa achega cultural a Celeiro.

## Portos da Mariña: queixas en Foz e O Vicedo e obras en Viveiro

O malestar no sector mariñeiro da comarca continúa en aumento ante a falta de avances en varias actuacións clave relacionadas coas infraestruturas portuarias de Foz, O Vicedo e Viveiro, mentres distintas administracións reclaman solucións e novos investimentos para garantir a seguridade e a actividade económica.

En Foz, o sector pesqueiro e mariñeiro amosa a súa preocupación pola ausencia de novidades sobre o proxecto de dragaxe do porto, anunciado pola Xunta en setembro e sen información pública desde entón. Representantes da confraría e de entidades vinculadas á pesca deportiva trasladaron a súa inquietude ao BNG local, que levou o asunto ao Parlamento galego. O portavoz nacionalista en Foz, Francisco Xavier Fanego, advertiu da falta de respostas e da incerteza que xera esta paralización. Pola súa parte, o deputado mariño Daniel Castro criticou a falta de transparencia e rexistrou iniciativas para esixir prazos concretos e o inicio das obras.

No caso do Vicedo, o porto presenta desde hai anos importantes problemas estruturais con fendas no peirao e no dique de abrigo que, segundo advertencias políticas, su-



poñen un risco para a seguridade. O BNG xa levou esta situación ao Parlamento hai máis dun ano, e a Xunta anunciou en setembro de 2024 actuacións de estabilización cun investimento de 55.000 euros. Porén, as deficiencias continúan visibles e mesmo se constata o avance das fendas. Daniel Castro volveu rexistrar iniciativas parlamentarias para reclamar unha intervención definitiva.

Mentres tanto, en Viveiro, Portos de Galicia tramita unha mellora no aparcadoiro do porto deportivo para incrementar a accesibilidade peonil. O proxecto inclúe un novo

acceso central e unha rampla adaptada na entrada sur, cun investimento de algo máis de 6.600 euros. Pola súa banda, a Deputación de Lugo aprobou a licitación da mellora da LU-P-6612, que conecta coa confraría de Celeiro, cun investimento de preto de 140.000 euros e obras de renovación do firme, drenaxe e sinalización.

Con estas actuacións en diferentes fases, a Mariña mantén unha forte demanda de melloras portuarias e viarias consideradas estratéxicas para o seu desenvolvemento económico e social.

## O PP reclama unha intervención urxente na desembocadura do río Ouro

O Partido Popular advertiu da situación da desembocadura do río Ouro, en Foz, e criticou a falta de actuacións inmediatas por parte do Goberno central para resolver os problemas detectados neste espazo natural. A formación fixo estas declaracións tras coñecer a resposta do Executivo estatal ás preguntas rexistradas no Senado por José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, a petición do PP local.

Segundo os populares, a contestación non recolle compromisos nin investimentos concretos para a zona da Pampillosa, onde consideran necesario actuar para garantir o correcto fluxo das augas e a conservación ambiental da contorna. A acumulación de pedras e sedimentos estaría dificultando a saída natural do río, xerando retencións augas arriba e incrementando o risco de desbordamentos en episodios de fortes choivas.

O portavoz do PP de Foz, Javier Castiñeira, lembrou que levan anos reclamando dragaxes neste punto e advertiu da súa relevancia ambiental pola confluencia entre o ecosistema fluvial e mariño. Pola súa banda, o senador José Manuel Balseiro expresou a súa preocupación polo estado da contorna e sinalou outros aspectos que tamén requiren atención, como a modificación do curso da auga, o estado do paseo marítimo ou a conservación da praia.

Os populares consideran que a falta de mantemento pode derivar en riscos ambientais e de seguridade para persoas e bens próximos ao río, polo que insisten na necesidade de actuar de forma preventiva. A formación reclama ao Goberno unha intervención urxente na desembocadura do Ouro e a posta en marcha dun plan de mantemento periódico que garanta a súa conservación e o correcto funcionamento hidráulico da zona.

## Presentado o primeiro Censo do Patrimonio Marítimo de Galicia, con case 1.500 bens

Presentouse o primeiro Censo do Patrimonio Marítimo Inmóble de Galicia e dos Espazos de Interese Cultural Marítimo (EICM), coñecidos como Áreas Nai, unha iniciativa incluída no Plan da Cultura Marítima de Galicia (PCUMA) que busca conservar, poñer en valor e difundir a heranza litoral galega. A conselleira do Mar destacou no acto a forte vinculación de Galicia co océano, subliñando que "Galicia é mar e os galegos tamén somos mar", e puxo en valor o compromiso do Goberno galego cun proceso de traballo compartido no que participen entidades sociais e sectoriais. Pola súa parte, o conselleiro de Cultura salientou que esta ferramenta contribúe ao coidado do patrimonio e á súa posta a disposición da cidadanía, reforzando a identidade cultural galega.

O Censo do Patrimonio Marítimo Inmóble, desenvolvido pola Consellería do Mar xunto coa Universidade da Coruña, constitúe un inventario pioneiro que documenta 1.452 bens singulares como estaleiros, conserveiras, cetarias ou cargadoiros. Para a súa elaboración realizouse un exhaustivo traballo de campo que permitiu mapear máis de 24.000 quilómetros de costa galega. Pola súa banda, as Áreas Nai identifican 28 espazos costeiros que conservan a súa autenticidade histórica e paisaxística, mantendo viva a relación tradicional entre o mar e as comunidades mariñeiras. O proxecto complétase cun visor web interactivo que permite consultar o inventario e achegar novas contribucións a través dun espazo participativo activo ata finais de 2026.

## Abre o prazo de solicitude das axudas para a remuda no sector pesqueiro


O DOG publica a segunda convocatoria de axudas para impulsar a remuda xeracional no sector pesqueiro, cun orzamento de 350.000 euros cofinanciado nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Estas achegas están dirixidas a armadores que facilitan o embarque de estudantes de formación náutico-pesqueira para realizar os chamados "días de mar", necesarios para completar a súa formación profesional a bordo de buques de pesca. As subvencións permiten cubrir gastos de manutención, equipamento, roupa de traballo e, como novidade, tamén o desprazamento ata o porto de embarque. Poderán beneficiarse persoas físicas ou xurídicas inscritas no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia que colaboren nesta formación práctica.

A convocatoria tramítase por concorrencia non competitiva e outórgase por orde de entrada ata esgotar o crédito.

## COLABORACIONES

## Despois do xunco

## CULTURA



Rebeca Maseda


**H**ai libros que rematan na última páxina e outros que continúan habitando en nós durante semanas, incluso meses. Libros que, ao pechalos, deixan unha sensación estraña, unha mestura de gratitude e melancolía. Gratidade pola viaxe compartida. Melancolía porque sabemos que será difícil atopar algo que provoque unha emoción semellante. Onte mesmo rematei de ler "El infinito en un junco", de Irene Vallejo, e quedei precisamente con esa sensación. Que terá este libro para ter conquistado a millóns de lectores/as en todo o mundo? A primeira vista, podería parecer un ensaio máis sobre a historia dos libros. Mais sería unha descrición demasiado simple e, sobre todo, inxusta. Porque "El infinito en un junco" é moitas cousas ao mesmo tempo: unha homenaxe á lectura,

unha viaxe pola historia da humanidade, unha reflexión sobre a memoria e tamén, por momentos, unha auténtica novela de aventuras.

Irene Vallejo, nada en Zaragoza en 1979, é doutora en Filoloxía Clásica e unha das voces máis destacadas da literatura española contemporánea. Ademais de colaborar habitualmente en prensa e divulgar o mundo clásico cun talento extraordinario, é autora de novelas como "La luz sepultada", "El silbido del arquero" ou "Alguien habló de nosotros", así como de diversas obras infantís e ensaísticas. Con "El infinito en un junco" acadou un éxito sen precedentes: traducida a decenas de linguas e galardoada con importantes premios, a obra converteuse nun fenómeno internacional que logrou algo case imposible nos tempos actuais: converter un ensaio sobre os libros nun auténtico bestseller.

Quizais o segredo resida na súa maneira de contar. Vallejo non se limita a expoñer datos nin a construír un discurso académico. Pola

contra, convidanos a percorrer os camiños do mundo antigo, a navegar polo Mediterráneo, a entrar nas bibliotecas desaparecidas, a



acompañar escribas, filósofos, copistas e lectores anónimos que, ao longo dos séculos, fixeron posible que as historias sobrevivisen ao tempo. Cada capítulo abre unha porta diferente. Cada páxina con-

duce a unha nova descuberta.

Por iso, mentres avanzaba na lectura, tiven a impresión de estar ante unha especie de novela de aventuras disfrazada de ensaio. A autora lévamos de Alexandria a Roma, dos papiros aos códices, das fogueiras que destruíron bibliotecas ás persoas que arriscaron todo para salvar manuscritos. Hai emoción, intriga, curiosidade e unha profunda admiración por esa cadea humana que permitiu que as palabras atravesasen os séculos para chegar ata nós.

E talvez por iso tamén resulta tan complicado escoller unha nova lectura cando se remata un libro así. Unha parte de nós quere continuar naquel universo. Miramos os

andeis da biblioteca, repasamos títulos pendentes, lemos contraportadas, pero ningún parece estar á altura do que acabamos de experimentar. É unha sensación coñecida por calquera lector/a habitual: ese pequeno baleiro que deixa unha gran historia cando chega ao seu final.

Por sorte, os libros tamén nos en-

sinan que cada despedida agocha un novo comezo. Sempre hai outra voz agardando. Outra aventura. Outra pregunta sen resposta. Porque ler é moito máis que pasar páxinas. É descubrir vidas alleas e, ao mesmo tempo, comprender un pouco mellor a propia. É viaxar sen abandonar o sofá da casa. É conversar con persoas que viviron ao outro lado do planeta. É atopar consolo, inspiración, compañía. Nun mundo que ás veces parece empeñado en facernos correr sen descanso, os libros continúan ofrecendo un espazo de encontro e de silencio. Un refuxio. Unha forma de resistencia. Nunca estamos completamente sós cun libro entre as mans.

Entre as súas páxinas agardan miles de voces, miles de mundos e miles de posibilidades. E talvez ese sexa o verdadeiro infinito do que fala Irene Vallejo: non o dos papiros nin o das bibliotecas, senón o das historias que nos acompañan, nos transforman e permanecen connosco moito despois de pechar o libro.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24



## TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112  
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085  
Garda Civil: 062



[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións SL  
Dep. Legal: LU 5-2019  
ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

## DE RUTA EN RUTA

# Rábade: As Insuas do Miño, natureza viva

O percorrido circular combina paisaxe fluvial, biodiversidade e patrimonio histórico nunha contorna para todas as idades

Poucas rutas combinan dun xeito tan harmonioso natureza, patrimonio e accesibilidade como o percorrido das Insuas do Miño, un dos espazos máis singulares da contorna de Rábade. Este itinerario circular, de algo máis de cinco quilómetros, converteuse co paso dos anos nunha das opcións favoritas para familias e persoas que desexan iniciarse no sendeirismo sen afrontar grandes dificultades.

A ruta, deseñado coa colaboración do alumnado do Colexio Santo Anxo, naceu tamén cunha clara vocación educativa e ambiental. O seu trazado permite achegarse á riqueza paisaxística e ecolóxica dunha zona marcada pola presenza do río Miño, auténtico protagonista dunha experiencia tranquila e inmersiva en plena natureza.

O punto de partida sitúase na área recreativa de Rábade, xunto ás augas do Miño. Desde alí, a senda avanza río arriba pasando por baixo da ponte do ferrocarril e do viaduto da Autovía A-6. Pouco a pouco, o camiñante comeza a descubrir os primeiros illotes que emerxen no

leito do río, rodeados dunha exuberante vexetación composta por freixos, salgueiros, bidueiros, carballos e acivros.

Ao longo do percorrido, o carreiro atravesa tamén prados de cultivo onde é habitual atopar vacas, ovellas ou cabalos pastando con tranquilidade, unha estampa que reforza o carácter rural e sereno da zona. A ruta penetra despois na coñecida Insua de Abaixo, accesible grazas a varias pontes de madeira

que conectan as pequenas illas coas beiras do río.

Estas insuas formáronse ao longo do tempo pola sedimentación de materiais arrastrados polos meandros do Miño entre os concellos de Rábade e Outeiro de Rei. A escasa pendente do terreo favoreceu que o río se expandise e dese lugar a pequenas illas fluviais como a de San Roque, Cela ou Trabanca, espazos que varían de tamaño segundo o caudal das distintas estacións do

ano.

A riqueza ambiental da contorna é outro dos grandes atractivos da ruta. Entre a flora destacan os nenúfares, os fentos e as carriceiras, mentres que na fauna sobresaen especies tan emblemáticas como a londra, o merlo acuático ou a ra verde. Tamén habita nestas augas o mexillón de río, unha especie actualmente en perigo de extinción. O percorrido conclúe preto do muíño de Felpas e regresa ao punto de

inicio pola estrada local LU-1107. Antes de rematar, a ruta permite admirar a histórica ponte que une Rábade e Outeiro de Rei, unha construción de orixe romana que conserva a esencia medieval dos séculos XIII e XIV. Moi preto dela sitúase a Casa das Insuas, antigo edificio do concello e actual centro de interpretación ambiental, que continúa divulgando os valores naturais e históricos deste enclave único da provincia de Lugo.



## DATOS



2,30 horas



5 quilómetros



Dificultade media

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605